MÉRCORES, 9 DE DECEMBRO DE 2020 N.º 282

BOP DEPUTACIÓN DE LUGO

boletin@deputacionlugo.org
www.deputacionlugo.gal

Dep. Legal: LU-1-1968

Administración: San Marcos, 8 - 27001 Lugo
Tel.: 982 260 124/25/26 - Fax: 982 260 205

# CONCELLO

## MONDOÑEDO

*Anuncio*

**EXPOSICION O PUBLICO E RECADACION DE IMPOSTOS**

En Xunta de Goberno Local de 2 de decembro de 2020 aprobouse o Padrón **da TAXA POR RECOLLIDA DO LIXO DO 6º BIMESTRE DO 2020.**

De conformidade co establecido na Lei Xeral Tributaria e nas Ordenanzas Municipais reguladoras, EXPONSE AO PUBLICO o devandito padrón para que as persoas interesadas, no PRAZO DE QUINCE DIAS contados a partires do anuncio no B.O.P., poidan examinalo e formular as reclamacións que estimen oportunas.

Asemade, faise saber que a taxa obxecto deste anuncio estará ó cobro en PERIODO VOLUNTARIO na oficina de Recadación Municipal, sita na Casa Consistorial, de luns a venres, dende o día 1 de xaneiro ao 28 de febreiro do 2021, en días hábiles.

Rematado o prazo en período voluntario os recibos non pagados serán cargados aos Servicios de Recadación da Excma. Deputación Provincial de Lugo para a súa exacción pola vía de constrinximento cos recargos e demais conceptos esixibles (intereses, costas, etc.) de conformidade co disposto no artg. 97 e seguintes do R.X. de Recadación.

Mondoñedo, 3 de decembro de 2020.- O Alcalde, Manuel A.Otero Legide.

R. 3110

---

## RIBADEO

*Anuncio*

**aprobación definitiva do Plan especial de protección de As Catedrais.**

Faise público que o Pleno do Concello de Ribadeo con data 9 de xuño de 2020 aprobou definitivamente o Plan especial de protección de As Catedrais, documento de aprobación definitiva de data Maio de 2020.

A Memoria, normativa e ordenanza deste Plan Especial publícase integramente no Boletín Oficial da Provincia.

O contido íntegro de dito plan queda a disposición do público na sede electrónica do Concello de Ribadeo: http://ribadeo.gal/ así como no Rexistro de Planeamento Urbanístico de Galicia.

Ribadeo, 19 de novembro de 2020.- O Alcalde, Fernando Suárez Barcia

R. 2968

---

Anuncio publicado en: Num BOP 282 año 2020 (09/12/2020 08:00:00)

*Anuncio*

**PLAN ESPECIAL DE PROTECCIÓN DAS CATEDRAIS**

Fase:

**DOCUMENTO DE**

**APROBACIÓN DEFINITIVA**

Situación:

Praia das Catedrais (predeterminada polo PXOM de Ribadeo)

Promotor:

Concello de Ribadeo

Data:
Maio de 2020

Equipo redactor:

Crecente asociados

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA
INSTITUTO DE BIODIVERSIDADE AGRARIA E DESENVOLVEMENTO RURAL (IBADER)

gAU gabinetedearquitecturaeurbanismo
rúa círculo das artes, 18, local A • 27002 lugo

MEMORIA DESCRITIVA.
E XUSTIFICATIVA.
NORMAS URBANÍSTICAS.
ESTRATEXIA DE ACTUACIÓN.
ESTUDO ECONÓMICO.
INFORME DE SUSTENTABILIDADE ECONÓMICA.
INFORME AMBIENTAL
ESTRATÉXICO.
ANEXOS.
CARTOGRAFÍA



Anuncio publicado en: Num BOP 282 año 2020 (09/12/2020 08:00:00)

Índice

1. Introdución
  1.1. Membros do equipo
2. Antecedentes
  2.1. Planeamento vixente
  2.2. Aplicación do procedemento de avaliación ambiental estratéxica simplificada
  2.3. Desenvolvemento do plan especial
3. Obxectivos da planificación
  3.1. Obxectivos xerais
  3.2. Obxectivos específicos
4. Caracterización da situación do medio antes do desenvolvemento do plan
  4.1. Situación actual
  4.2. Orografía
  4.3. Cursos de auga
  4.4. Ecosistemas
  4.5. Areas Protexidas
  4.6. Posibles riscos
  4.7. Infraestruturas
  4.8. Dotacións públicas
  4.9. Servizos urbanísticos
  4.10. Usos e aproveitamentos
5. Diagnóstico do territorio obxecto do plan especial
6. Efectos previsibles sobre o medio ambiente
  6.1. Efectos sobre os elementos estratéxicos
  6.2. Efectos sobre os instrumentos de ordenación
7. Medidas previstas en consideración ao cambio climático
8. Descrición das medidas previstas para o seguimento ambiental do plan
9. Proceso de selección das alternativas consideradas seguido na Avaliación ambiental estratéxica
  9.1. Descrición das alternativas consideradas
  9.2. Análise comparativa das alternativas consideradas
  9.3. Avaliación das propostas consideradas
10. Descrición e xustificación da ordenación
  10.1. Criterios de ordenación desde o punto de vista urbanístico
  10.2. Zonificación do ámbito do Plan Especial desde o punto de vista medioambiental
  10.3. Cumprimento dos estándares
11. Cumprimento do planeamento xeral e territorial concorrente e da lexislación sectorial aplicable
  11.1. Directrices de Ordenación do Territorio (DOT)
  11.2. Plan Director da Rede Natura 2000 de Galicia
  11.3. Plan de Ordenación do Litoral
  11.4. Lei do sector ferroviario
  11.5. Cumprimento do criterios expostos nos artigos 46.1, 47.3, 48 e 104 da Lei 9/2002, 45 e 46 da Lei 8/1995 e 20 e 21 da Lei 16/1985
  11.6. Plan de Conservación do Monumento Natural da Praia das Catedrais
  11.7. Plan Xeral de Ordenación Municipal do Concello de Ribadeo
  11.8. Medidas adoptadas en materia de xestión urbanística
  11.9. Lexislación de augas
  11.10. Lexislación de estradas e camiños de ferro
  11.11. Patrimonio cultural
  11.12. Accesibilidade e supresión de barreiras arquitectónicas
  11.13. Infraestruturas
  11.14. Desenvolvemento do Plan
12. Normativa
  12.1. Normativa de carácter xeral
  12.2. Normas xerais sobre os usos
  12.3. Normas xerais sobre edificacións, plantacións e obras de urbanización e acondicionamento
  12.4. Normas particulares para cada zona de ordenanza
13. Estratexia de actuación e Estudo económico
  13.1. Estratexia de actuación



Anuncio publicado en: Num BOP 282 año 2020 (09/12/2020 08:00:00)

13.2. Estudo económico
14. Catálogo
15. Informe de sustentabilidade económica
16. Informe ambiental estratéxico
17. Anexo: Memoria de patrimonio
18. Anexo: Memoria de turismo
19. Anexo: Informe da Dirección Xeral de Costas - MAPAMA
20. Anexo: Informe de ADIF
21. Anexo: Informe da Subdirección Xeral de Planificación Ferroviaria
22. Anexo: Informe de Augas de Galicia
23. Anexo: Informe do Servizo de Vías e Obras da Deputación de Lugo
24. Anexo: Informe técnico de Accesibilidade
25. Anexo: Informe da Dirección Xeral do Patrimonio Cultural
26. Anexo: Informe da Dirección Xeral de Ordenación do Territorio
28. Anexo: Informe da Confederación Hidrográfica do Cantábrico
29. Anexo: Informe do Servicio Provincial de Costas en Lugo
30. Anexo: Informe da Dirección Xeral de Calidade Ambiental e Cambio Climático
31. Anexo: Informe da Subdelegación do Goberno en Lugo
32. Anexo: Informe da Xefatura Territorial da Consellería de Economía, Emprego e Industria (Lugo).
33. Anexo: Informe da Axencia Galega de Infraestructuras
34. Anexo: Informe do Servicio de Urbanismo de Lugo
35. Anexo: Informe da Secretaría Técnica e do Patrimonio
36. Anexo: Informe da Delegación de Economía e Facenda en Lugo
37. Anexo: Informe da Dirección Xeral de Patrimonio Natural
38. Anexo: Informe Técnico do Arquitecto Municipal
39. Anexo: Informe de Intervención
40. Anexo: Informe-proposta de Secretaría
41. Anexo: Informe cambios introducidos
42. Anexo: Borrador de contestación ás alegacións
43. Anexo: Relación de titulares catastrais
44. Cartografía

Anuncio publicado en: Num BOP 282 año 2020 (09/12/2020 08:00:00)

**PLAN ESPECIAL DE PROTECCIÓN DA PRAIA DAS CATEDRAIS**

DOCUMENTO DE APROBACIÓN DEFINITIVA

MAIO DE 2020

O “Documento para aprobación definitiva” foi redactado polo equipo formado por MARIO CRECENTE ASOCIADOS CONSULTORES, GAU ARQUITECTURA E URBANISMO SLP e o IBADER para o CONCELLO DE RIBADEO, elaborándose como consecuencia do contrato asinado entre as partes de consultaría e asistencia técnica para a redacción do Plan Especial de Protección das Catedrais. Incorpora as conclusións e prescricións derivadas da Avaliación Ambiental Estratéxica a través do Informe ambiental estratéxico elaborado pola Secretaría Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental da Consellaría de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio o 22 de agosto de 2016 e as determinacións dos informes previos solicitados á Deputación provincial de Lugo, a Dirección Xeral de Costas do Ministerio de Agricultura e Pesca, Alimentación e Medio Ambiente e ao Administrador de Infraestruturas Ferroviarias (ADIF), conforme ás prescricións contidas nos artigos 185 e 186 do Regulamento da Lei do solo de Galicia.

O que certifico en Lugo o 26 de maio de 2020.- Asdo.: Juan Mario Crecente Maseda.

## 1. Introdución

A redacción deste plan especial foi adxudicada a unha unión temporal de tres entidades formada por dúas consultoras: Mario Crecente y Asociados Consultores e gAU Arquitectura e Urbanismo SLp e un grupo de investigación da USC: IBADER (Instituto de Biodiversidade e Desenvolvemento Rural). A adxu-dicación tivo lugar tras un procedemento aberto organizado polo concello de Ribadeo en febreiro de 2015, do que resultou elixido a unión formada polas tres entidades citadas, da que asume a repre-sentación para os efectos do contrato Mario Crecente Consultores Asociados.

1.1. Membros do equipo

Mario Crecente y Asociados Consultores SL:

· JUAN MARIO CRECENTE MASEDA: Dr. Arquitecto.

· RUBÉN SANTIAGO TOJO: Arquitecto

· MÓNICA CARBALLO NEIRA: Máster en Dirección e Planificación do Turismo

· SILVIA GONZÁLEZ SOUTELO: Dra. en Arqueoloxía, Historia da Antigüidade e Ciencias e Técnicas historiográficas.

· ELISKA FARKOVA: Enxeñeira da Paisaxe.

· ANA CRECENTE MASEDA: Licenciada en Dereito.

· GONZALO ÁLVAREZ SEOANE: Estudante de Grao en Turismo.

gAU arquitectura e urbanismo SLp:

· ALBERTE GONZÁLEZ RODRÍGUEZ: Arquitecto, Máster en Urbanismo.

· JORGE SALVADOR FERNÁNDEZ: Arquitecto

· MANUEL JOSÉ LÓPEZ GUITAR: Arquitecto

· JORGE GÓMEZ CEREIJO: Arquitecto

· JOSÉ ANTONIO SÁNCHEZ DEL VALLE: Avogado.

IBADER (Universidade de Santiago de Compostela)

· PABLO RAMIL REGO: Dr. en Bioloxía.

· JAVIER FERREIRO DA COSTA: Enxeñeiro de Montes.

· JUAN PIÑEIRO CHOUSA: Dr. en Ciencias Económicas.

· ADA PÉREZ PICO: licenciada en Administración e Dirección de Empresas e MBA.



Anuncio publicado en: Num BOP 282 año 2020 (09/12/2020 08:00:00)

## 2. Antecedentes

### 2.1. Planeamento vixente

Este plan especial vén determinado polo disposto no artigo 464 das normas do Plan Xeral de Ordena-ción Municipal aprobado definitivamente en decembro de 2014. No artigo citado, única referencia textual que fai o plan xeral a este plan especial, dise: “Para a praia das Catedrais o PXOM delimita un Plan Especial de protección co obxectivo de reordenar, restaurar e protexer as praias e o seu entorno. Dito Plan especial deberá ser remitido para informe de adecuación ao POL e cumprirá coas determina-cións do POL”. Esta prescrición formula o cumprimento das determinacións do planeamento de rango superior que necesariamente compete a un plan de desenvolvemento como é este, en dous tempos:

- En canto á clasificación do solo, remítese ao Plan Xeral de Ordenación Municipal.

- En canto ás regulacións dos usos por seren estas máis restritivas, remítese ao Plan de Ordena-ción do Litoral, ao Plan Director da Rede Natura 2000 de Galicia e ao Plan de Conservación do Monumento Natural da Praia das Catedrais.




a) Ilustración 1: Reprodución dos planos V1-1-A3 e V1-1-A4 do PXOM de Ribadeo



Anuncio publicado en: Num BOP 282 año 2020 (09/12/2020 08:00:00)




**Ilustración 2: reprodución do plano AF24 do Plan de Ordenación do Litoral**

2.2. Aplicación do procedemento de avaliación ambiental estratéxica simplificada

No artigo 6.2 da Lei 21/2013, do 9 de decembro de avaliación ambiental, defínese o ámbito de apli-cación da avaliación ambiental estratéxica simplificada:

- As modificacións menores dos plans e programas que deben ser obxecto de avaliación am-biental ordinaria.
- Os plans e programas que cumpran as condicións para ser sometidos a avaliación ambiental ordinaria pero establecen o uso, a nivel municipal, de zonas de reducida extensión.
- Os plans e programas que, establecendo un marco para a autorización no futuro de proxectos, non cumpran os demais requisitos esixidos para ser obxecto de avaliación ambiental ordinaria.

Asemade, a Lei 2/2016 do solo de Galicia prescribe no artigo 46.2 o procedemento de avaliación am-biental estratéxica abreviada para os plans especiais como o que se presenta, confirmado polos arti-gos 185 e 186 do Regulamento da Lei do solo de Galicia, aprobado por Decreto 143/2016.

Polos motivos expostos anteriormente xustifícase o sometemento desta modificación puntual á avalia-ción ambiental simplificada. Motivación compartida polo Órgano ambiental no seu requirimento de emenda de solicitude de inicio da AEE do plan especial (expte.: 2016AEE1866) e confirmada poste-riormente coa emisión do Informe Ambiental Estratéxico (IAE) de 22 de agosto de 2016 que da por finalizada a avaliación ambiental estratéxica simplificada. As prescricións do IAE[1] deberán incorporarse ao plan especial para a súa aprobación e son as seguintes:

[1] Achégase no anexo documental desta memoria unha copia do devandito IAE.



Anuncio publicado en: Num BOP 282 año 2020 (09/12/2020 08:00:00)

a) Estender o ámbito do Plan especial á totalidade dos terreos incluídos na declaración do Monu-mento natural da praia das Catedrais

b) En todo o ámbito de influencia visual do Monumento natural, os proxectos de construción ou in-fraestruturas deberan conter un estudo de impacto e integración paisaxística, conforme co si-nalado no artigo 11 da Lei 7/2008, do 7 de xullo, de protección da paisaxe de Galicia.

c) As actuacións previstas no desenvolvemento do plan especial que poidan afectar ao Monumen-to natural (como a substitución das sendas interiores por plataformas sobreelevadas, o novo acceso ao areal, ou os labores de restauración de parcelas) deben de realizar unha avaliación axeitada das súas repercusións no espazo, garantindo a non afección aos hábitats e especies protexidos, e contar co informe favorable da Dirección Xeral de Conservación da Natureza.

d) O plan deberá prestar especial atención ao deseño da área de solo dotacional, onde se prevé a implantación dos aparcamentos, centro de interpretación e zona de recepción de visitantes, para acadar un bo grao de naturalización coa contorna. Así, o tratamento destas áreas terá un impacto mínimo sobre o solo, a cuberta vexetal e a iluminación natural da zona.

e) Se incorporarán as medidas de seguimento ambiental do plan, o seguimento do fluxo de visi-tantes e do uso das diferentes infraestruturas, identificando posibles efectos imprevistos.

2.3. Desenvolvemento do plan especial

O desenvolvemento do presente instrumento de planificación está pautado pola propia lexislación ur-banística xeral e polas previsións do Plan Xeral de Ordenación Municipal de Ribadeo, polo que haberá que remitirse ao prescrito na propia lexislación. Sinálanse, en todo caso, os fitos máis significativos da súa tramitación:

1) Unha vez presentada a solicitude de inicio da avaliación ambiental estratéxica simplificada, xunto co borrador do plan especial e do documento ambiental estratéxico (DAE), o órgano substantivo comprobou que a documentación presentada cumpría cos requisitos esixidos pola lexislación sectorial e remitiu a solicitude de inicio e os documentos que a deben acompañar ao órgano ambiental. Este trámite verificouse co requirimento feito polo órgano ambiental do 31 de marzo de 2016 que da como resultado a reelaboración da documentación presentada o 29 de marzo de 2016 polo concello.

2) Despois da recepción e validación da nova documentación da solicitude de inicio da avaliación ambiental estratéxica simplificada, o órgano ambiental expuxo os documentos na sede elec-trónica do órgano ambiental á consulta das administracións públicas afectadas e a persoas in-teresadas, a partir do 10 de maio de 2016. Asemade consultouse aos membros do Consello Galego de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible e outras administracións públicas, que emitiron cadanseu informe sectorial.

3) Unha vez rematado o prazo de consultas, o órgano ambiental elaborou o Informe Ambiental Estratéxico (IAE) citado no apartado anterior, onde se confirmou o procedemento simplificado da avaliación ambiental estratéxica e se sinalaron as prescricións a ter en conta no plan espe-cial.

4) Elaboración do documento completo de aprobación inicial incorporando os condicionantes am-bientais establecidos no IAE.

5) Tendo en conta o ámbito regulado polo Plan especial, afectado polas determinacións da Lei 22/1988 de Costas e a súa normativa de desenvolvemento, someterase a informe previo á súa aprobación inicial pola Dirección Xeral de Costas. Con anterioridade a este trámites incor-poráronse os seguintes cambios:

a) Representáronse nos planos de "Normativa actual" e "Ordenación detallada" as li-ñas de deslinde do dominio público marítimo-terrestre e da servidume de protec-ción. Sinalouse na lenda da situación de "pendente de aprobación definitiva".

b) Os planos de ordenación detallada represéntanse a escala 1/1000.

c) Incorpóranse directamente as determinacións dos artigos máis significativos da Lei 22/1988 de costas e a súa normativa de desenvolvemento.

d) Modificouse a descrición das obras previstas no aparcadoiro executado pola Direc-ción Xeral de Costas para confirmar a súa permanencia, se ben axustada ás de-terminacións do Plan especial que consisten basicamente en



Anuncio publicado en: Num BOP 282 año 2020 (09/12/2020 08:00:00)

obras de reurbaniza-ción e adaptación para habilitar unha plataforma de manobra e parada de autoca-res, unha área de servizos vinculados aos accesos ao areal e de xestión do propio monumento natural.

e) Farase unha tradución ao castelán do documento.

f) O informe previo confirma a validez da proposta de ordenación facendo determi-nadas correccións de cartografía e na normativa que se incorporan neste docu-mento.

6) Asemade se somete a informe previo do Administrador de Infraestruturas Ferroviarias (ADIF), pola existencia no seu ámbito dun tramo do ferrocarril de vía estreita de ADIF O informe emi-tido o 3 de febreiro de 2017 foi favorable no seu pronunciamento xeral sobre o plan especial, agás pequenas modificacións que xa se tiveron en conta neste documento.

7) A necesidade de dispor dun informe do servizo de vías e obras da Deputación provincial pro-cede da solicitude de cesión de titularidade das vías provinciais que discorren polo ámbito re-gulado polo plan especial a favor do concello.

8) Efectuado este trámite, o plan especial elevarase ao Pleno Municipal para a súa aprobación ini-cial e proseguir a tramitación administrativa do documento tal como se prescribe na lexislación urbanística[2] :

1. Aprobación inicial polo órgano substantivo, neste procedemento o Concello de Riba-deo.

2. Sometemento a exposición pública polo órgano substantivo durante un período mínimo de dous meses, que se aproveitará tamén para solicitar os informes sectoriais precep-tivos.

3. Aprobación provisional polo órgano substantivo, trala cal enviarase para informe do órgano competente en materia de urbanismo da Xunta de Galicia.

4. Aprobación definitiva polo órgano substantivo.

[2]Víd. artigo 75. Procedemento de aprobación dos plans parciais e plans especiais da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia.



Anuncio publicado en: Num BOP 282 año 2020 (09/12/2020 08:00:00)

**3. Obxectivos da planificación**

3.1. Obxectivos xerais

O obxectivo fundamental e básico deste documento é o de contribuír á preservación do patrimonio natural e cultural desta área protexida de singular valor paisaxístico e natural.

Esta declaración, de tan obvia aparentemente prescindible, non debera facernos esquecer que son eses principios os que sustentan o esqueleto sobre o que se arma a proposta que se describe neste plan e que xustifican todas e cada unha das decisións adoptadas, os que explican as prioridades e xerarquías seguidas no proceso proxectual, que poden mesmo parecer demasiado radicais en escena-rios alleos á potente realidade natural que se ofrece aos ollos de calquera visitante deste espazo natu-ral tan singular.

Outros obxectivos xerais, en todo caso supeditados ao anterior, foron:

a) O mantemento dos usos tradicionais dos espazos agrarios que figuran incluídos na área delimi-tada polo plan especial coa convicción de que a conservación destas actividades é unha garan-tía e un reforzo para a conservación dos valores naturais que se pretenden defender.

b) A integración das actividades turísticas e de promoción exterior da área protexida nos instru-mentos de protección e salvagarda, que favoreza a súa difusión e coñecemento directo pero de xeito sustentable e sempre subordinado ao mantemento dos valores naturais.

c) En liña co obxectivo anterior, e aínda que poida exceder o alcance do plan especial, outro ob-xectivo que se tivo en conta atinxe á necesidade de estender a repercusión pública que xa po-súe o Monumento Natural da Praia das Catedrais ao resto do municipio na idea de 'diluír' o seu impacto nun territorio maior, usalo como mecanismo de reparto dos seus beneficios tanto económicos coma de coñecemento doutras zonas que tamén posúen valores naturais e históri-cos notables do propio concello. Concretamente os equipamentos considerados dentro do ámbito do Plan, localízanse próximos a Esteiro de xeito que este núcleo poida servir de apoio á demanda de servizos.

3.2. Obxectivos específicos

Acorde cos obxectivos e medidas de xestión que para as áreas protexidas foron establecidos a nivel internacional pola UICN, no Programa Home & Biosfera da UNESCO e na Rede Natura 2000, así como na normativa que incide sobre este espazo natural (Directiva 92/43/CEE, Lei 42/2007 do Patrimonio Na-tural e da Biodiversidade; Lei 9/2001 de Conservación da Natureza, Decreto 37/2014 polo que se aproba o Plan Director da Rede Natura 2000 de Galicia, Decreto 11/2005, do 20 de xaneiro, polo que se declara a Praia das Catedrais Monumento Natural. Decreto 80/2015, polo que se aproba o Plan de Conservación do Monumento natural da praia das Catedrais), debe adoptarse unha xestión racional dos recursos naturais e do uso público, promovendo o estado de conservación favorable dos hábitats e das especies protexidas, especialmente dos tipos de hábitats prioritarios así como das especies cata-logadas en perigo de extinción ou vulnerables. Eliminando os impactos antrópicos das áreas de maior sensibilidade e valor ambiental, que en boa medida se corresponden co límite territorial do Monumen-to Natural da Praia das Catedrais, propiciando ademais unha planificación de vías e percorridos desti-nados ao uso público que eviten discorrer pola beira dos cantís co fin de aumentar a seguridade das persoas, e reducir tanto o impacto visual, como o exercido a través do piso sobre zonas sensibles para a conservación da biodiversidade.

3.2.1. Identificación dos elementos estratéxicos

O Plan Especial procura resolver dende as súas determinacións:

· Un esquema xeral viario que permita non só remediar as disfuncionalidades detectadas nos fluxos de circulación en períodos de máxima afluencia, senón tamén eliminar o impacto visual e medioambiental que supón a proximidade ao Monumento dos aparcadoiros e estrada provin-cial, que non deixan de seren un factor de atracción máis que realimenta o propio impacto. A solución dos fluxos circulatorios debera permitir tamén evacuar con rapidez entradas masivas de vehículos cara a outras zonas do municipio.



Anuncio publicado en: Num BOP 282 año 2020 (09/12/2020 08:00:00)

· Eliminar as zonas de aparcamento do ámbito do propio monumento e situalas conveniente-mente para evitar grandes impactos visuais e flexibilizar o seu uso tanto por tipo de vehículo coma pola súa intermitencia estacional.

· Dispoñer de equipamentos ben integrados na paisaxe que acollan actividades de divulgación e difusión do monumento e faciliten a inserción territorial de usos que hoxe se dispoñen de xeito ventureiro ou presentan un alto impacto visual coma o restaurante ou os postos de venda am-bulante.

· Habilitar os instrumentos de xestión urbanística que permita non só resolver a equidistribución de cargas e beneficios que se deriven da ordenación proposta entre os propietarios afectados, coma a recuperación das plusvalías xeradas para o municipio.

· Deseñar a estratexia de participación pública que asegure a complicidade da cidadanía cos obxectivos e intereses do plan especial.

· Atender de xeito prioritario as determinacións do Plan de Ordenación do Litoral, que regula as actividades e uso dentro das áreas que delimita e que, no ámbito que nos ocupa son catro: área de mellora ambiental e paisaxística, área de protección costeira, dentro da cal se sitúan tamén a área de espazos de interese e a rede de espazos naturais.

· Atender as determinación do Decreto 37/2014 polo que se aproba o Plan Director da Rede Natura 2000 de Galicia, Decreto 11/2005, do 20 de xaneiro, polo que se declara a Praia das Catedrais Monumento Natural. Decreto 80/2015, polo que se aproba o Plan de Conservación do Monumento natural da praia das Catedrais.

3.2.2. Determinacións derivadas das figuras de áreas protexidas

A confluencia na área delimitada polo Plan Especial de distintas declaracións de áreas protexidas (Re-serva da Biosfera, Espazo natural da Rede Natura 2000, Espazo Natural Protexido), determina que dita área este afectada por distintas normativas (DC 92/43/CEE, Lei 42/2007 do Patrimonio Natural e da Biodiversidade; Lei 9/2001 de Conservación da Natureza; Decreto 11/2005, do 20 de xaneiro, polo que se declara a Praia das Catedrais Monumento Natural) e plans de xestión (Decreto 37/2014 polo que se aproba o Plan Director da Rede Natura 2000 de Galicia, Decreto 11/2005, do 20 de xa-neiro, polo que se declara a Praia das Catedrais Monumento Natural. Decreto 80/2015, polo que se aproba o Plan de Conservación do Monumento natural da praia das Catedrais).

A Lei 42/2007, do Patrimonio Natural e a Biodiversidade (Modificada pola Lei 33/2015, do 21 de se-tembro), establece un marco xeral de regulación de usos e aproveitamentos para os monumentos na-turais (artigo 34.3) no estado español: "Artigo 34.3.- Nos Monumentos Naturais estará limitada a ex-plotación de recursos, salvo cando esta explotación sexa plenamente coherente coa conservación dos valores que se pretenden protexer, conforme ao establecido nas súas normas de declaración ou xestión, ou naqueles casos en que, por razóns de investigación ou conservación ou por tratarse de actividades económicas compatibles con mínimo impacto e que contribúan ao benestar socioeconómico ou da poboa-ción permítase dita explotación, previa a pertinente autorización administrativa (Lei 42/2007, modifi-cada pola Lei 33/2015)."

Especificamente para a área do Plan Especial, o Decreto de Declaración do Monumento Natural (Decre-to 11/2005), establece unha regulación específica en relación con determinadas actividades e actua-cións, que eran incorporadas ao articulado do Plan de Conservación (Decreto 80/2015); directrices fundamentais da proposta de ordenación que se avanza neste documento:

· Prohíbese en todo o ámbito do monumento natural:

· Os campamentos e acampadas.

· Os desmontes e terrapléns.

· Os vertedoiros e verteduras de calquera tipo.

· As queimas.

· A colocación de anuncios publicitarios, agás os que teñan relación coa defensa e sinali-zación do propio monumento natural.

· A extracción de area.

· A instalación de infraestruturas que menoscaben calidade paisaxística do contorno.

· Os aproveitamentos mineiros da xea presente na área.



Anuncio publicado en: Num BOP 282 año 2020 (09/12/2020 08:00:00)

- A construción de edificacións permanentes de calquera tipo.
- A recolección de especies de flora e fauna silvestre sen autorización da Consellería de Medio Ambiente.
- Fóra dos camiños e vías existentes, só se permitirá o estacionamento e circulación de vehículos e maquinaria propios da actividade agrícola, forestal ou para o servizo das instalacións públi-cas existentes.
- Quedarán prohibidas ademais, todas aquelas accións que poidan supoñer a destrución ou al-teración dos hábitats naturais identificados na área como de especial interese ou prioritarios de acordo co disposto na Directiva 92/43/CEE.

O Decreto11/2005, non recolle e menos aínda outorga autorización para ningún outro tipo de activi-dade ou aproveitamento que puidese existir no seu ámbito territorial. O Plan de conservación, aproba-do mediante o Decreto 80/2015, foi redactado en conformidade coa Lei 42/2007, na súa versión previa á modificación que en relación aos Monumentos Naturais establece a Lei 33/2015. Este plan de conservación tampouco contempla outro tipo de autorizacións e actuacións dentro do ámbito territorial do Monumento Natural, xa que no momento da súa aprobación a citada lei no seu artigo 33.3 mantiña unha redacción moito máis restritiva, prohibindo calquera tipo de aproveitamento e explotación dos recursos naturais: “Artículo 33.3. En los Monumentos con carácter general estará prohibida la explota-ción de recursos, salvo en aquellos casos que por razones de investigación o conservación se permita la misma, previa la pertinente autorización administrativa.”



Anuncio publicado en: Num BOP 282 año 2020 (09/12/2020 08:00:00)

**4. Caracterización da situación do medio antes do desenvolvemento do plan**

A área coñecida recentemente como praia das Catedrais pero que antigamente posúa varios topóni-mos que singularizaban zonas de todo o espazo que agora coñecemos xenericamente así, prolóngase dende a Pena dos Corvos ata a enseada de Esteiro (Augas Santas, As Catedrais e Carricelas).

A descrición que figura no preámbulo do Decreto 11/2005 de 20 de xaneiro, promovido pola Conse-llaría de Medio Ambiente para a declaración da area como monumento natural, é suficientemente grá-fica e ilustrativa dos valores a protexer (que se subliñan) como para reproducila aquí integramente: "A Praia das Catedrais, situada no extremo oriental da provincia de Lugo dentro do termo municipal de Ribadeo, está constituída por unha serie de pequenos cantís e praias distribuídos en dirección leste-oeste ao longo dunha superficie de arrasamento moi plana denominada rasa litoral cantábrica. A intensa ero-sión exercida polo mar sobre estes cantís, formados fundamentalmente por xistos e lousas, iníciase nas zonas de debilidade estrutural dando lugar progresivamente a un sistema de covas, bufadores e xigan-tescos arcos que forman un conxunto de extraordinaria beleza. Na parte superior dos cantís, os escasos predios dedicados á produción agrícola intercálanse entre unha boa representación de uceiras. Estas breixeiras secas costeiras de Erica vagans constitúen un hábitat prioritario segundo a Directiva 92/43/CEE, relativa á conservación dos hábitats naturais e da flora e fauna silvestres."

4.1. Situación actual

A descrición das características do medio físico, biótico e paisaxísticas da área obxecto deste plan especial, remítese ao xa sinalado na normativa que regula as Reservas da Biosfera (Lei 42/2007), ao Plan Director da Rede Natura 2000 de Galicia (Decreto 37/2014) e ao Plan de Conservación do Monu-mento Natural da Praia das Catedrais (Decreto 80/2015). Só nos estenderemos nos usos e actividades que actualmente se desenvolven na zona por consideralas como os impactos de maior repercusión e ser precisamente elas o principal obxecto de regulación polo plan especial.

4.2. Orografía

A fronte costeira do Monumento natural da praia das Catedrais oriéntase en dirección leste-oeste en 2,2km de fronte e entre 10m e 20m de altura, ao longo da rasa cantábrica. Caracterízase pola pre-senza de pequenos cantís mariños e praias de área ou de coidos, intercaladas entre pequenos pro-montorios e illotes de grande interese xeomorfolóxico, biolóxica e paisaxístico. A liña de costa caracte-rística da rasa cantábrica é rectilínea e alongada, cunha forte pendente ao mar, formando cantís e pequenas rías que agochan depósitos de pedra e cascallos, ou praias de area, xeralmente nas desem-bocaduras fluviais ou nas enseadas. A ondada neste tramo costeiro determina o sentido neto do transporte litoral en dirección leste.

A rasa cantábrica constitúe unha plataforma de abrasión mariña emerxida durante o Cenozoico, que se estende na súa maior parte por Asturias, e que atopa neste punto o seu límite occidental, formando un chanzo claramente perceptible ao longo da fachada acantilada. A intensa erosión exercida polo mar sobre estes pequenos pero verticais cantís, formados principalmente por xistos e lousas, en conxun-ción co alto grao de facturación dos materiais, favorece a formación dun extenso sistema de furnas (covas mariñas), fumarolas, arcos e illotes. Estas formacións son produto do derrubamento das bóve-das de antigas grutas mariñas, en puntos de fractura dos acantilados. Durante as baixamares, a maior parte das calas entre cantís descobre e mostra fondos intermareais areosos finos.

4.3. Cursos de auga

Dentro dos límites do Monumento Natural da Praia das Catedrais discorren varios cursos de augas superficiais de reducida xerarquización e percorrido que proveñen das ladeiras do monte do Mondigo e que, tras discorrer en dirección Sur-Norte alcanzan a área costeira. Os caudais mostran unha elevada dependencia das achegas pluviais. Segundo establece o Plan Hidrolóxico de Galicia – Costa, os caudais relativos medios dos cursos da vertente cantábrica son de 26 l/sg/km2, sendo o coeficiente de caudal para os meses de estiaxe de 0,28.

O curso destas pequenas canles viuse modificado pola construción do ferrocarril e por distintas vías. No extremo occidental da área delimitada polo Plan atópase o denominado regacho do Perdón, e un segundo regacho que tras superar a traza do ferrocarril e da estrada da costa, verte directamente na praia de Augas Santas. No extremo oriental da área delimitada polo Plan, atópase o rego de Esteiro.

Anuncio publicado en: Num BOP 282 año 2020 (09/12/2020 08:00:00)

4.4. Ecosistemas

A área delimitada polo Plan Especial abarca tres grandes unidades ecolóxicas:

· Unha unidade litoral (1), representada por medios de augas mariñas non permanentes, a praia de area e cantos que contactan con distintos tipos de cantís rochosos cuxa morfoloxía actual é consecuencia da acción erosiva do mar e dos procesos tectónicos. A parede vertical de acanti-lado que enmarca todo este tramo continúa cara ao interior a través dunha ampla superficie de terreo, que sen apenas grandes modificacións altitudinais contacta coas estribacións da se-rras litorais (Montes do Mondigo).

· Na ampla área horizontal citada no parágrafo anterior pódense distinguir outras dúas unida-des. Unha unidade supralitoral (2), non afectada pola ondada, pero fortemente condicionada pola acción dos ventos mariños que achegan pequenas partículas, especialmente cloruros. O spray mariño condiciona a presenza e distribución das especies, así como a propia dinámica e configuración da vexetación. Nos estadios maduros esta aparece representada por matoguei-ras dominadas por biotipos procumbentes que configuran unha estrutura moi pechada. Este tipo de matogueiras aerohalinos correspóndense maioritariamente con Queirogais secos de Erica vagans, aínda que tamén están presentes pequenas formacións de Queirogais húmidos, así como pequenos rodais de salcedas (Salix atrocinerea), espinales (Prunus spinosa, Rubus spp.) e lauredales (Laurus nobilis).

Os queirogais de Erica vagans (hábitat prioritario 4040*) entran en contacto coa vexetación de cantil, na área próximas ao mar, mentres que nas máis afastadas, darían paso a matogueiras, non costeiros, así como a distintos tipos de formacións arborizadas. Unha parte importante do matorral aerohalino foi transformada pola acción do home en pasteiros, de modo que nalgu-nhas sectores deste tramo litoral, a súa presenza queda reducida a uns escasos metros en contacto coa vexetación litoral, mentres que nas áreas mellor conservadas a matogueira aero-halino esténdese dende o bordo dos cantís cara o interior, alcanzando emprazamentos situa-dos a máis de 200 metros da liña de costa.

· A terceira unidade (3) citada correspóndese a medios continentais sublitorais, onde a proximi-dade do mar inflúe no réxime climático e na existencia de fortes ventos, vinculados co estable-cemento de condicións ciclónicas. O desenvolvemento da vexetación non esta pois condiciona-da polo efecto máis ou menos continuo do spray mariño, o que favorece o desenvolvemento de moitas especies termófilas e mesófilas. A maior parte desta zona foi transformada polo home establecéndose distintos tipos de cultivos herbáceos (pasteiros intensivos, cultivos de millo) e arbóreos (piñeirais, eucaliptais).

4.4.1. Hábitats naturais e seminaturais

Acorde co Sistema de Clasificación de Hábitats establecido na Directiva 92/43/CEE, na área do Plan Especial pódense distinguir 16 tipos de hábitats de interese comunitario, dos que 4 son considerados como prioritarios.

Na unidade litoral (1) destacan pola súa cobertura, os hábitats característicos dos sedimentos areosos ou rochosos cubertos permanentemente polas augas mariñas, así como os tramos baixos e medios das praias (chairas areosas non cubertas pola auga na baixamar), aínda que dada a delimitación física do Plan Especial, son estes segundos tipos de hábitats os que acaden maior cobertura na unidade litoral, sendo a presenza de medios de augas mariñas permanentes escasa. Nesta unidade litoral tamén se inclúen os distintos tipos de arrecifes, así como os tramos baixos e medios dos cantís e as furnas mari-ñas.

A unidade supralitoral (2) relaciónase cos tramos superiores dos cantís, que non son alcanzados habi-tualmente pola acción das ondas. Así como unha escasa representación de hábitats representativos dos tramos de praia alta, xeralmente colonizada por plantas vasculares anuais ou perennes. Os me-dios dunares teñen unha escasa representación dentro da área delimitada polo Plan Especial, quedan-do restrinxidos maioritariamente á enseada de Esteiro.

Os condicionantes climáticos, xeográficos, xeomorfolóxicos e ecolóxicos determinan que o hábitat que potencialmente debería ocupar a maior parte da superficie da área supralitoral corresponde con ma-togueiras aerohalinas, dominados por queirogais (Erica vagans, Erica umbellata, Erica cinerea, Calluna vulgaris, Daboecia cantabrica) e toxos (Ulex europaeus subsp. eauropaeus f. maritimus, Ulex gallii), que se corresponde co hábitat prioritario 4040* Queirogais secos atlánticos costeiros de Erica vagans. A acción do home provocou unha redución da área de ocupación deste hábitat, sendo substituído por medios artificiais e por cultivos intensivos.

Os Queirogais secos atlánticos costeiros de Erica vagans, son un tipo de hábitat endémico dos territo-rios costeiros da Rexión Atlántica. A súa área de distribución restrínxese ás Illas Británicas, Francia e o Norte da Península Ibérica. En Galicia a súa presenza é descontinua, limitada ao tramo litoral estable-cido entre Cabo Prior (Ferrol) e a Ría de



Anuncio publicado en: Num BOP 282 año 2020 (09/12/2020 08:00:00)

Ribadeo. As mellores representacións galegas deste tipo de hábitat prioritario correspóndense coas localidades de Rinlo, As Catedrais e Os Castros (Ribadeo), A Capelada (Cedeira, Cariño) e Valdoviño.

Na unidade sublitoral (3) a presenza de hábitats de interese comunitario resulta moi pouco significati-va, xa que a súa maior parte aparece constituída por cultivos intensivos de carácter agrícola ou fores-tal, así como por distintas vías de comunicación e hábitats artificiais. Existen con todo algúns enclaves de interese con presenza de pequenos humidais temporais.

| **Hábitats de interese comunitario** | | **Unidades** | | |
|---|---|---|---|---|
| | | **1** | **2** | **3** |
| 1140 | Chairas lamacentas ou areosas non cubertos pola auga na baixamar | • | | |
| 1170 | Arrecifes | • | | |
| 1210 | Vexetación anual sobre argazos | | • | |
| 1220 | Vexetación perenne de coídos | | • | |
| 1230 | Cantís con vexetación das costas atlánticas e bálticas | • | • | |
| 2110 | Dunas móbiles embrionarias | | • | |
| 2130 | Dunas móbiles litorais con Ammophila arenaria ("dunas brancas") | | • | |
| 3260 | Ríos dos pisos basal a montano | | • | • |
| 4020* | Queirogais húmidos atlánticos de Erica ciliaris e Erica tetralix | | • | |
| 4030 | Queirogais secos europeos | | • | |
| 4040* | Queirogais secos atlánticos costeiros de Erica vagans | | • | |
| 6220* | Pseudoestepas de gramíneas e anuais da orde Thero-Brachypodietea | | • | |
| 6430 | Megaforbios éutrofos higrófilos das orlas de chairas | | • | • |
| 6510 | Prados de sega de baixa altitude | | • | • |
| 7220* | Mananciais petrificantes con formación de “tuf” (Cratoneurion) | | • | |
| 8330 | Furnas mariñas | • | • | |

4.4.2. Especies protexidas de flora e fauna silvestre

De acordo coa información contida no Plan Director da Rede Natura 2000 de Galicia e no Plan de Con-servación da Praia das Catedrais, a área delimitada polo Plan Especial, alberga un importante número de especies protexidas de flora e fauna silvestre vinculadas coa presenza de hábitats de interese co-munitario. Das especies de flora, destaca a presenza de Limonium dodartii, con pequenas poboacións situadas nos tramos altos do cantil. Tamén é relevante a presenza de Spiranthes aestivalis e Narcisus bulbocodium nas áreas de queiroga húmida integradas dentro da queiroga costeira de Erica vagans. Entre os anfibios cítase nesta área a presenza de Chioglossa lusitanica, Discoglossus galganoi, Hyla arbórea, Lissotriton boscai, Ra iberica, Ra temporaria, Triturus helveticus, Triturus marmoratus. Men-tres que entre os réptiles destacarían: Anguis fragilis, Chalcides striatus, Iberolacerta montícola, Lacer-ta schreiberi, Natrix.

A praia e os cantís son continuamente sobrevoados por distintas especies de aves, principalmente de gaivotas (Chroicocephalus ridibundus, Larus michaellis), corvos mariños (Phalacrocorax carbo), pirlos (Calidris alpina, Calidris mariña) e garzotas (Egretta garzetta). En relación cos pasos migratorios rexís-trase a presenza de distintas especies como Numenius phaeopus ou Morus bassanus. En canto á avi-fauna continental, esta aparece maioritariamente ligada á presenza da matogueira costeira e de áreas de agrosistemas, das que dependen unha variedade de pequenas aves terrestres, dende o gorrión común (Passer domesticus), e a laverca (Alauda arvensis), a especies como Buteo, Falco peregrinus, Falco subbuteo. Finalmente entre os mamíferos, as especies protexidas sinaladas neste territorio co-rrespóndense a lontras (Lutra lutra), o armiño (Mustela erminea) e varias especies de morcegos (Rhino-lophus ferrumequinum, Rhinolophus hipposideros).

4.4.3. Paisaxe

O Plan de ordenación do litoral de Galicia (POL) encadra o ámbito do Plan na unidade denominada As Catedrais, na comarca Mariña Lucense, sector Mariña Oriental. Esta unidade abrangue os municipios de Ribadeo e Barreiros e ocupa unha superficie de 27,83km2. A paisaxe desta unidade atópase moi mar-cada polas condicións xeomorfolóxicas do terreo, así como pola súa situación nunha franxa costeira característica da rasa cantábrica. Os cantís, verticais e de teito plano, dan lugar a unha ampla chaira litoral que se atopa escasamente degradada por pequenos cursos fluviais. As xeoformas da praia das Catedrais (arcos, túneles, bufadeiros e covas mariñas) constitúen un enclave moi relevante no patrimo-nio paisaxístico galego.



Anuncio publicado en: Num BOP 282 año 2020 (09/12/2020 08:00:00)

Na contorna do Plan Especial pódense diferenciar varias unidades paisaxísticas que denotan a diversi-dade de ambientes deste tramo costeiro. Convén indicar, ademais, a variabilidade que introduce o ciclo das mareas na percepción da paisaxe das Catedrais, unha das singularidades máis notables des-te espazo. A rasa cantábrica presenta patróns de paisaxe reiterados que lle outorgan unha forte per-sonalidade. Na fronte costeira altérnanse potentes e continuos cantís de varias decenas de metros con excelentes miradoiros e fendas polas que desaugan regatos de curto percorrido. Nesta última parte da rasa teñen unha destacable presenza os pastos, entre os cales se suceden numerosos asentamen-tos de tramas abertas e con tendencia a enlazarse a través de formas de poboamento disperso, na beira das principais vías de comunicación.

4.5. Areas Protexidas

Na área delimitada polo Plan Especial de Protección das Catedrais coinciden distintas figuras de áreas protexidas: Areas protexidas por instrumentos internacionais (Reserva da Biosfera do Río Eo, Oscos e Terras de Burón), espazos protexidos da Rede Natura 2000 (ZEC As Catedrais); espazos naturais pro-texidos (Monumento Natural As Catedrais, Zona Especial de Protección dos Valores Naturais das Cate-drais).

4.6. Posibles riscos

Os riscos naturais da área do Plan Especial vincúlanse coa dinámica natural do cantil, que veñen incre-mentados de forma xeral pola subida do nivel do mar como consecuencia do cambio climático global.

Outro factor de risco na área do Plan Especial vincúlase coa aglomeración de persoas que visitan As Catedrais, especialmente nos períodos de verán e Semana Santa, onde se chegan a concentrar miles de persoas e centos de vehículos nun espazo moi reducido. En relación con esta problemática as auto-ridades local e autonómica, estableceron distintas medidas a fin de racionalizar o uso do espazo e minimizar os posibles riscos.

4.7. Infraestruturas

O principal eixo de acceso á Praia das Catedrais é a estrada provincial LU-0610, á que se accede den-de a N-634. Así mesmo, dende a autovía A-8 parte unha vía de conexión coa N-634 (saída 513) para facilitar o acceso ás Catedrais. As comunicacións terrestres complétanse coa liña Ferrol-Xixón de Ferro-carrís de Vía Estreita (FEVE), hoxe extinguida a favor de ADIF, que percorre o litoral do Concello con apeadoiros en Esteiro (A Devesa), situado a un quilómetro do monumento natural, Os Castros, Rinlo e Ribadeo.

A respecto dos medios de transporte empregados para o acceso ao monumento natural, cómpre sina-lar que durante o verán o concello de Ribadeo pon a disposición dos visitantes un autobús con parada na praia das Catedrais dende a vila e unha frecuencia diaria de tres viaxes de ida e vinda. Tanto este servizo coma o do ADIF están, na actualidade, infrautilizados, cun número de usuarios, en xeral, baixo. Na meirande parte dos casos, os visitantes que acceden ás Catedrais empregan o vehículo privado, aínda que nos últimos anos se percibe un aumento dos medios de transporte alternativos como a bici-cleta.

Verbo das zonas habilitadas como aparcadoiro, non se considera nesta análise o aparcadoiro propie-dade do restaurante, polo seu carácter privado. Non obstante, no veciño concello de Barreiros, situado a menos de 1,50km das escaleiras de baixada á area, existe unha zona de estacionamento que com-pleta a oferta de prazas dispoñibles no ámbito do monumento natural. O aparcadoiro propio do mo-numento está constituído por unha explanada asfaltada, con capacidade para 70 coches e 10 autobu-ses (aproximadamente), e unha superficie anexa paralela á LU-5206 para 140 turismos (90 en batería e 50 paralelos á estrada). Unha beirarrúa enlaza directamente o aparcadoiro co acceso ao monumento natural. En conxunto, entre o aparcadoiro das Catedrais e o situado no Concello de Barreiros contabilí-zanse un total de 330 prazas para o estacionamento de turismos e 14 para autobuses, así como un espazo habilitado para o estacionamento de bicicletas. Non se dispón, por tanto, de ningunha área de aparcamento fóra das situadas enriba da propia praia e a carón do restaurante, no termo municipal de Ribadeo.

A maiores dos accesos xa citados e vinculados ao tránsito rodado, disponse de dous accesos peonís:

- Unha senda que vén polo oeste, dende o Concello de Barreiros, en moi bo estado de conserva-ción (que conta con dous miradoiros no seu percorrido), formalizada con estrutura de madeira que sobreeleva o pavimento sobre a matogueira característica da zona e permite un maior control sobre os accesos ás zonas máis fráxiles a conservar. Constitúe un bo exemplo de rela-ción co medio dende o punto de vista conservacionista.

- Unha segunda senda que parte do merendeiro cara ao leste, cun estado de conservación máis deficiente e que se dispón directamente sobre a superficie do terreo.



Anuncio publicado en: Num BOP 282 año 2020 (09/12/2020 08:00:00)

O acceso á praia pode realizarse soamente pola escaleira superposta ao cantil e situada no extremo oeste da praia e co desembarco a carón da fonte de Augas Santas. Isto implica que a praia non é ac-cesible a persoas con discapacidade física. Coa baixamar a praia de Esteiro queda comunicada coa praia das Catedrais, podendo acceder á area tamén dende ese punto.

4.8. Dotacións públicas

As únicas infraestruturas e dotacións existentes na área delimitada polo plan especial son as habilita-das nos últimos anos pola Administración. Consta dos elementos que se describe seguidamente. Non se relacionan os aparcadoiros e accesos xa citados no apartado anterior:

· Punto de información: Sitúase ao final da pasarela de acceso dende o Concello de Barreiros. Consiste nunha caseta de madeira prefabricada, en bo estado de conservación, que dispón de material interpretativo para facilitar a información aos visitantes. Fácil acceso para persoas con discapacidade física ou sensorial. É de titularidade estatal.

· Duchas e aseos públicos: os aseos, situados na contorna do aparcadoiro, foron recentemente habilitados polo Concello de Ribadeo. Actualmente o seu uso está condicionado ao pagamento dunha ecotaxa fixada polo concello. Adaptados para o uso por parte de persoas con discapa-cidade. Tamén se dispón de duchas, situadas xunto o acceso á praia, na parte alta das esca-leiras, xunto cunha caseta para uso dos equipos de salvamento. É de titularidade da Dirección General de Costas.

· Area recreativa e merendeiro: A beira da entrada leste, pola estrada sentido Ribadeo-Barreiros, parcialmente dentro dos límites do monumento natural. Consta dunha área para tu-rismos (120 prazas) e outra para 4 autobuses, así como aparcadoiro para bicicletas. Equipado con papeleiras e sinalizado. Foi construído pola Dirección Xeral de Costas.

· Carteis e sinalización: Paneis informativos sobre o monumento natural, normativa e condicións de uso público nos principais accesos ao espazo protexido. Sinalización de advertencia de pe-rigo de caída e desprendemento en puntos de risco identificados. Foron colocados pola Direc-ción Xeral de Costas e pola Xunta de Galicia. Son de formato e deseño variado e mesmo se dispoñen sobre o propio cantil.

4.9. Servizos urbanísticos

Na actualidade existe rede de subministración de auga municipal para o abastecemento dos servizos e equipamentos de baños móbiles. Tamén conta con fosa séptica. Realízase ademais recollida selectiva de lixo, atopando numerosos colectores municipais.

A praia das Catedrais non ten consumo de enerxía eléctrica, pois as infraestruturas de que dispón non precisan acceso á rede eléctrica e non existen puntos de iluminación pública. O único consumo de enerxía eléctrica á rede é o do restaurante.

4.10. Usos e aproveitamentos

Á marxe das actividades relacionadas co uso público no espazo natural, a área do Plan Especial alber-ga na actualidade outros tipos de usos como os descritos seguidamente.

4.10.1. Aproveitamentos agrogandeiros e forestais

Dentro da área do Plan Especial existen distintos predios destinado á explotación forestal con especies exóticas (Pinus spp.,+ Eucalyptus globulus), así como parcelas de cultivo de millo e pasteiros intensivos. A superficie de prados seminaturais é moi reducida. Nas estremas das parcelas é posible identificar distintos tipos de sebes.

4.10.2. Establecemento de hostalaría

Existe un establecemento de hostalaría composto por un edificio de planta baixa, con zona de céspede de especies invasoras. O valo vexetal e axardinamento perimétrico está igualmente realizado con es-pecies invasoras. A área onde se sitúa o establecemento hostaleiro forma parte da Rede Natura 2000 (Orde do 28 de outubro de 1999, DOG nº 216, 09/11/1999) e do Monumento Natural (Decreto 11/2005, do 20 de xaneiro, polo que se declara a Praia das Catedrais Monumento Natural). A licenza municipal outorgada ao propietario é posterior á declaración do espazo como Rede Natura 2000, aín-da que o promotor dispoñía dunha autorización autonómica outorgada polo organismo competente en conservación da natureza.

Dende a construción do establecemento de hostalaría a normativa estatal que regula a figura de espa-zos naturais sufriu importantes cambios: inicialmente a Lei 4/89 derivaba o réxime de actividades á normativa de creación e



Anuncio publicado en: Num BOP 282 año 2020 (09/12/2020 08:00:00)

ao seu correspondente plan de xestión. En coherencia, o Decreto de declara-ción do Monumento Natural da Praia das Catedrais, (Decreto 11/2005), fixa as actividades permitidas, autorizables e prohibidas no ámbito do Monumento Natural sen incidir sobre os establecementos de hostalaría. A aprobación da Directiva Hábitat (92/43/CEE), marca un novo escenario tanto a nivel legal, como social e económico en relación coa conservación dos compoñentes da biodiversidade, promoven-do a conservación e restauración dos hábitats e as especies de

interese comunitario, especialmente de aqueles compoñentes considerados como prioritarios, entre os que se atopan os Queirogais secos atlánticos costeiros de Erica vagans (4040*). Posteriormente a derrogación da Lei 4/89, pola Lei 42/2007, marca un cambio substancial en relación coas actividades que desenvolver no ámbito dos monumentos naturais, prohibíndose no artigo 33.3 con carácter xeral “la explotación de recursos, salvo en aquellos casos que por razones de investigación o conservación se permita la misma, previa la perti-nente autorización administrativa”. Acorde con esta normativa estatal, a Xunta de Galicia aprobaba o plan de conservación do monumento natural mediante o Decreto 80/2015.

A recente modificación da Lei 42/2007, mediante a Lei 33/2015, altera o réxime de actividades nos monumentos naturais. A nova redacción (artigo 34.3) posibilita a compatibilidade de determinadas actividades, sempre e cando queden recollidas nas súas correspondentes normas de declaración ou xestión, ou naqueles casos nos que, por razóns de investigación ou conservación ou por se tratar de actividades económicas compatibles cun mínimo impacto e que contribúan ao benestar socioeconómico ou da poboación se permita a devandita explotación, con carácter previo á pertinente autorización administrativa.

O establecemento de hostalaría está situado dentro dunha zona que presenta unha forte alteración, conformada por hábitats artificiais constituídos por aparcadoiros de turismos e autobuses, zona de pícnic, aseos, amoreamentos artificiais de terra e elementos artificiais (fragmentos de ladrillo, formi-gón, etc.), a modo de parapeto. Nestes medios acumulan un importante número de especies exóticas, moitas das cales presentan un neto carácter invasor (Arctotheca calendula, Bidens aurea, Calendula officinalis, Conyza canadiensis, Ipomea indica, Oxalis pescaprae, Paspalum dilatatum, Senecio mikanoi-des, Sporobolus indica, Stenotaphrum secundatum, Vinca difformis, etc.). A configuración desta “área gris” ten un efecto moi negativo sobre a calidade e a percepción paisaxística dun dos elementos natu-rais máis visitados na Comunidade Autónoma de Galicia. Pero ademais xera un efecto igualmente moi negativo en relación co estado de conservación dos hábitats que conforman o espazo litoral, especial-mente do hábitat prioritario 4040* (Queirogais secos atlánticos costeiros de Erica vagans), en canto a que a área de distribución deste aparece fragmentada, con segmentos onde a presenza do hábitat resulta impedida polo desenvolvemento dos medios artificiais, ou ben queda reducida a unha anchura métrica.

Na información sobre o estado de conservación dos tipos de hábitats prioritarios publicada pola Axen-cia Europea de Medio Ambiente, considérase ao tipo 4040* nun estado de conservación “desfavorable inadecuado”, o cal se vincula cunha deficiente superficie de ocupación. Dada a distribución natural deste tipo de hábitat no territorio español, limitado á área litoral das provincias da Coruña, Lugo, As-turias, Cantabria, Vizcaya e Guipúzcua, o cumprimento dos obxectivos de conservación consignados na DC 92/43/CEE e na Lei 42/2007 do Patrimonio Natural e da Biodiversidade, pasa por mellorar a re-presentación deste tipo de hábitat, o cal supón no caso galego, acorde cos escenarios previsibles do cambio climático global, a execución de proxectos de restauración no ámbito da súa área de presenza (ZEC As Catedrais, ZEC Costa Ártabra, ZEC Estaca de Bares, ZEC Ría de Foz-Masma, ZEC Río Ouro, ZEC Costa da Mariña Occidental) que reverta a perda provocada polo desenvolvemento das áreas grises.

Anuncio publicado en: Num BOP 282 año 2020 (09/12/2020 08:00:00)

## 5. Diagnóstico do territorio obxecto do plan especial

5.1.1. Variables territoriais e medioambientais

A praia das Catedrais constitúe un dos destinos turísticos máis importantes do litoral galego e mesmo español, onde miles de persoas conflúen anualmente para gozar da visión dunha paisaxe excepcional conformada por unha amálgama de elementos do patrimonio natural e da biodiversidade. A necesida-de de asegurar a conservación dos compoñentes ambientais e propiciar un uso sostible determinou a declaración para este tramo costeiro de distintas figuras de espazos naturais: Área protexida por ins-trumentos internacionais (Rede Reserva da Biosfera do Rio Eo, Oscos e Terras de Burón), Espazo prote-xido da Rede Natura 2000 (Zona Especial de Conservación), Rede de Espazos Naturais protexidos de Galicia (Monumento Natural, Zona de Especial Protección dos Valores Naturais).

A xestión da Praia das Catedrais quedou superada polo progresivo aumento de visitantes que, en de-terminadas épocas do ano, superan amplamente a súa capacidade de carga ecolóxica. A ausencia dunha xestión adecuada desta situación afectou negativamente o estado de conservación dos compo-ñentes do patrimonio natural e da biodiversidade. O continuo pisado erosiona amplas áreas dos acan-tilados, eliminando a cuberta formado polos hábitats prioritarios e, posteriormente, eliminando os horizontes superficiais do solo. A perda de superficie ocupada polos hábitats naturais veu acompañada pola afección a núcleos de poboación de especies de interese para a conservación, mentres se favore-ce o asentamento e expansión de distintas especie vexetais de carácter invasor. O descontrol no uso público provocou que en determinados períodos as persoas deambulasen sen control por áreas do cantil inestables, con risco para a súa integridade física, así como para as persoas que puidesen ato-parse na praia. As épocas de saturación do Monumento Natural xeran unha percepción moi negativa entre os visitantes (destrución e redución das superficies ocupadas por hábitats prioritarios e de inte-rese comunitario, perda de horizontes edáficos, instalación e expansión de especies exóticas invaso-ras, etc.), que redunda na avaliación do espazo e na calidade da oferta turística do propio Concello. En calquera caso, tendo en conta a esperable progresión do aumento de visitantes, faise apremante a demanda de instrumentos de control e xestión coma o plan especial que se propón.

5.1.2. Variables urbanísticas

As mesmas causas que informan e permiten identificar os maiores impactos sobre o monumento natu-ral dende o punto de vista das súas variables medioambientais permiten diagnosticar tamén as varia-bles urbanísticas do diagnóstico:

- Modificación dos usos previstos para cada clase e categoría de solo determinados polo Plan Xeral.
- Falta de capacidade para o tránsito existente das vías de comunicación do ámbito, coa conse-guinte agresión ás zonas inmediatas, dedicadas ao uso agrario maioritariamente.
- Elementos de urbanización inadecuados tanto para as afluencias previstas como para a propia protección do monumento.
- Impactos visuais notables especialmente concentrados na área ocupada polo restaurante e aparcamentos achegados.

5.1.3. Variables turísticas

Dada a importancia tanto desde o punto de vista económico coma das súas repercusións medioam-bientais da actividade turística, o equipo redactor considerou necesario acometer un estudo turístico específico que se incorporará na súa totalidade nas seguintes fases da tramitación do plan especial. As conclusións que xa se poden avanzar, pendentes do estudo de afluencia de visitantes da Semana San-ta de 2017, son as seguintes:

Podemos resumir as conclusións principais deste estudo turístico, dentro do Plan Especial das Cate-drais, en tres apartados que reafirman o expresado noutros apartados deste documento:

- Compromiso coa protección, conservación e valorización integral do Monumento Natural e a súa contorna.
- Integración da poboación local no proceso de apropiación, desfrute e uso do Monumento Natu-ral.
- Fomento da sustentabilidade do fenómeno turístico, de xeito que a súa xestión xere unha ex-periencia única nos visitantes e creación de riqueza na contorna.

Estas tres conclusións xerais pódense desenvolver polo miúdo nas seguintes:



Anuncio publicado en: Num BOP 282 año 2020 (09/12/2020 08:00:00)

· Liberar o monumento natural do tráfico rodado, aparcadoiro e impactos de usos e edificacións inaxeitados, seguindo o Plan de Conservación do Monumento Natural aprobado pola Dirección Xeral de Conservación da Natureza da Xunta de Galicia, o decreto da declaración do monu-mento natural e a lexislación medioambiental.

· Incorporar no deseño do Plan as necesidades e usos tradicionais dos veciños e poboación local seguindo o modelo do “Granxeiro de Stonehenge”.

· Deseño dun novo espazo de acollida, información e estacionamento, afastado da praia e capaz de dar resposta ás necesidades de todos os tipos de transporte (tren, automóbil, buses, bici-cletas, etc.) é público (xeral, grupos, persoas con discapacidade, etc.).

· Construír ese equipamento de xeito que non interfira na contemplación do Monumento nin no seu entorno, aproveitando no seu caso o noiro do ferrocarril e integrar ese solo no núcleo rural de Esteiro.

· Previsión dunha área de acollida cos servizos básicos para os visitantes (información, audioguí-as, aseos, etc.) e que permita a elaboración de informes estatísticos, así como dos espazos de hostalaría e restauración precisos. Incorporar, asemade, servizos básicos de seguridade e sa-úde.

· Transformar visitantes en turistas, incorporando os recursos da contorna: cetarias, Rinlo, Illa Pancha, Castelo, Descargadoiro do Mineral, a propia vila e o concello de Ribadeo, así como os servizos e a oferta local (gastronómica, cultural e natural) na que destaca a Reserva da Biosfe-ra.

· Fomento dos transportes colectivos, co traslado de apeadoiro existente en Esteiro ao centro de acollida e a incorporación de estacionamento para buses e taxis. Fomento dos percorridos sostibles: Camiño de Santiago do Norte, declarado Patrimonio da Humanidade en 2015, Cami-ño Natural do Cantábrico, e sendas litorais. Ter en conta a accesibilidade universal.

Como obxectivos complementarios do Plan de cara a garantir a súa viabilidade, o deseño do Plan, as actuacións previstas, e as súas etapas, deberán facilitar a captación de financiamento para o seu de-senvolvemento, e implantación por parte das distintas administracións.

O plan pretende converterse nun marco de colaboración das distintas administración e axentes impli-cados, e nunha referencia no manexo e conservación dos espazos naturais protexidos, é que faga sos-tible o éxito turístico das catedrais.

Achégase unha análise comparativa de monumentos similares a este para avaliar as distintas posibili-dades de xestión futura do monumento natural.

Anuncio publicado en: Num BOP 282 año 2020 (09/12/2020 08:00:00)

| | STONEHENGE | BRÚ NA BÓINNE | GIANTS CAUSEWAY | AS CATEDRAIS |
|---|---|---|---|---|
| **Visitantes** | 1.346.177<br>*(2014)* | 247,052<br>*(2014)* | 542,514<br>*(2014)* | 690.145* (Praia)<br>759.160* (M.N.)<br>*(2015)* |
| **Accesos directos** | Vehículo propio<br>Bus | Vehículo propio<br>Bus | A pé<br>Bicicleta<br>Vehículo propio<br>Tren / Bus | A pé<br>Bicicleta<br>Vehículo propio<br>Tren / Bus |
| **Distancia CV-Monumento** | 2,1 km | 3´8 km: Newgrange<br>4 km: Knowth | 0,8km | 0,8 km<br>(proxectado) |
| **Accesibilidade** | Total | Parcial | Parcial | Parcial |
| **Reserva previa** | Obrigatoria | Só para grupos | Individuais: opcional<br>Grupos: obrigatoria | Obrigatoria T.A. |
| **Canles de reserva** | Web | Tlf. / Fax | Web/Tlf./e-mail | Web |
| **CV: Superf. construída*** | 2.660$m^2$ | 2.640 $m^2$ | 2719$m^2$ | 2.500$m^2$<br>(proxectado) |
| **Parking: superficie ($m^2$)** | 18.000$m^2$ | 12.600$m^2$ | 16.000$m^2$ | 28.275$m^2$<br>(proxectado) |
| **Parking: Total prazas** | 556 | 280 | 472 | |
| **Parking: prazas coches** | 338<br>Pavimentadas<br>22 Accesibles<br>140 Céspede | 271 | 341<br>15 Accesibles<br>92 (Parking sat.)<br>4 Acc (Parking sat.) | 1.300**<br>(proxectado) |
| **Parking: prazas buses** | 30 +<br>26 (provisionais) | 9 | 12 +<br>8 (Parking sat.) | |
| **Distancia vía rápida-CV** | 34 min. / 54km | 6 min / 4,8 km | 53 min. / 67 km | 2 min / 1,5 km |

* Datos estimados

**Prazas estimadas que deberán ser segmentadas en bus/ coches/ accesibles / bicicletas /taxis / etc.

M.N. Monumento Natural

T.A. Temporada alta

CV: Centro de visitantes

Parking sat.: Aparcadoiro satélite



Anuncio publicado en: Num BOP 282 año 2020 (09/12/2020 08:00:00)

Acc: Accesibles

Faise notar que as conclusións que se avanzan no estudo turístico non fai máis ca reafirmar e reforzar a necesidade, exposta repetidamente no Anteproxecto, de facer da conservación do Monumento Natu-ral o eixo central de toda a estratexia da súa difusión e promoción.

**6. Efectos previsibles sobre o medio ambiente**

6.1. Efectos sobre os elementos estratéxicos

Unha vez aprobado o plan especial prevense os seguintes efectos sobre os elementos estratéxicos identificados nesta Memoria:

· Modificación da accesibilidade e da mobilidade incluíndo o traslado das zonas de aparcadoiro que elimine os impactos visuais e medioambientais actuais sobre o propio monumento natural e corrixa as disfuncionalidades detectadas nos fluxos de circulación en períodos de máxima afluencia.

· Provisión de equipamentos integrados na paisaxe que acollan actividades de divulgación e di-fusión do monumento e faciliten a inserción territorial de usos que hoxe se dispoñen de xeito ventureiro ou presentan un alto impacto visual coma o restaurante ou os postos de venda am-bulante.

· Deseño dunha estratexia de participación pública que asegure a complicidade da cidadanía cos obxectivos e intereses do plan especial.

· Inclusión de xeito prioritario das determinacións do Plan de Ordenación do Litoral, que regula as actividades e uso dentro das áreas que delimita e que, no ámbito que nos ocupa son catro: área de mellora ambiental e paisaxística, área de protección costeira, dentro da cal se sitúan tamén a área de espazos de interese e a rede de espazos naturais.

· Inclusión de xeito prioritario das determinacións do Decreto 37/2014 polo que se aproba o Plan Director da Rede Natura 2000 de Galicia, Decreto 11/2005, do 20 de xaneiro, polo que se declara a Praia das Catedrais Monumento Natural e do Decreto 80/2015, polo que se aproba o Plan de Conservación do Monumento natural da praia das Catedrais.

6.2. Efectos sobre os instrumentos de ordenación

Tal como se mencionaba no apartado das propostas do Anteproxecto de planeamento, o PXOM de Ribadeo deixaba fora da delimitación do Plan Especial o xacemento arqueolóxico de Esteiro, mentres que o seu ámbito de protección se superpoñía en parte sobre esta. O obxectivo inicial do plan espe-cial, acolléndose aos límites de flexibilidade que autorizaba a lexislación xeral reaxustaba a delimita-ción establecida no Planeamento xeral, integrando o total do ámbito de protección do xacemento. Deste xeito abranguía o retallo que quedaba polo oeste, entre a estrada e a costa, ata a desemboca-dura do rio que pasa polo Muíños de Esteiro, e perfilaba unha delimitación mais acaída coas formas da costa e mais lóxica dende o punto de vista da protección dos elementos a protexer da contorna. Non obstante, tralo prescrito no IAE a este respecto cómpre ampliar de novo o ámbito de actuación ata recoller integramente a área declarada como Monumento natural, tal como sinala a determinación a) da resolución da Secretaría Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental.

Anuncio publicado en: Num BOP 282 año 2020 (09/12/2020 08:00:00)




**Ilustración 3: anexo 1 da Declaración da Praia das Catedrais como Monumento natural. Fonte: Diario Oficial de Galicia n1 24 de 4/2/2005.**

## 7. Medidas previstas en consideración ao cambio climático

O presente apartado inclúe as medidas que se adoptarán para previr, reducir e, na medida do posi-ble, corrixir calquera efecto negativo para o medio ambiente que poida ser producido como conse-cuencia da aplicación do presente Plan, tomando en consideración os efectos sobre o cambio climático.

O obxectivo do presente documento é a preservación do patrimonio natural e cultural do ámbito terri-torial do Plan, seguindo o establecido na Directiva 92/43/CEE, a Lei 42/2007 do Patrimonio Natural e da Biodiversidade e a Lei 9/2001 de Conservación da Natureza de Galicia, así como nas normas que as desenvolven, e especialmente coas disposicións e medidas de xestión consideradas no Plan Director da Rede Natura 2000 de Galicia (Decreto 37/2014), e no plan de Conservación do Monumento Natural (Decreto 80/2015). En consecuencia, todas as actuacións propostas non soamente non producirán un efecto negativo sobre o medio, senón que son actividades que contribúen aos obxectivos da normativa legal vixente en materia de medio ambiente e conservación da natureza.

O ámbito do Plan desenvólvese fundamentalmente arredor no Dominio Público Marítimo-Terrestre e na súa zona de influenza. Tanto a análise de alternativas, como as decisión adoptadas, teñen en conta os procesos litorais como o ciclo hídrico, o ciclo de materiais, a atmosfera e os efectos do cambio climáti-co. Neste senso, considérase que todas as medidas propostas son medidas de adaptación e mitiga-ción fronte ao cambio climático:

· A conservación e restauración dos hábitats litorais, así como o mantemento dos usos tradicio-nais, son medidas de mitigación fronte ao cambio climático. A mellora do estado de conserva-ción dos ecosistemas litorais, así como a recuperación dos seus procesos esenciais, contribui-rán á mitigación dos efectos do cambio climático.

· As medidas propostas a respecto da ordenación da actividade turística e extensión pública ao resto do municipio constitúen un potente paquete de actuacións de adaptación ao cambio cli-mático, posto que a redución do tránsito rodado, a diminución da presión turística sobre o dominio litoral e a súa redistribución a zonas interiores, permite reducir as emisións de $CO_2$ e anticiparse ás previsións futuras con respecto ao nivel do mar (Cambio Climático en la Costa Española, MAGRAMA 2014)



Anuncio publicado en: Num BOP 282 año 2020 (09/12/2020 08:00:00)

Todos os elementos que sexan establecidos ao abeiro do presente Plan (sinalización, equipamentos de divulgación, infraestruturas, etc.) posuirán unha escasa intensidade de uso, e serán establecidos ao abeiro da normativa sectorial vixente (Decreto 37/2014, Decreto 80/2015). En todo caso, os criterios para o deseño e establecemento destes elementos contemplarán principios de sustentabilidade e mantemento a longo prazo:

· A iluminación pública terá en conta as medidas de contaminación lumínica, dotando as lumina-rias de pantallas protectoras axeitadas e conforme á lexislación vixente. Contemplaranse me-didas de aforro e eficiencia enerxética.

· As canalizacións da subministración eléctrica estará baixo terra, disposta en condutos eléctri-cos convenientemente illados, co fin de evitar a contaminación electromagnética.

· Realizaranse análises periódicas das actuacións contempladas no presente Plan especial.

· A subministración de auga e o saneamento deberán ser deseñados para o seu correcto abas-tecemento e evacuación, respectivamente.

· No caso de ser necesario, os equipamentos deberán ser revexetados con especies autóctonas, adaptadas ao dominio litoral, co fin de diminuír a frecuencia de rega, evitando taxóns exóticos.

· Os equipamentos contribuirán á permeabilidade dos hábitats e as especies silvestres, así co-mo non interferirán no ciclo hídrico, de nutrientes ou atmosférico. Durante o seu establece-mento:

· Respectarase a topografía orixinal

· Non se alterará a cobertura edáfica e se protexerá ao máximo naqueles lugares onde se desenvolvan obras.

· A maquinaria empregada deberá cumprir coa normativa en materia de emisións acústica e atmosférica. Evitarase ademais, a compactación do terreo e os vertidos de calquera tipo procedentes das máquinas.

**8. Descrición das medidas previstas para o seguimento ambiental do plan**

Tendo en conta a natureza e as actuacións contempladas no presente Plan, o seguimento ambiental do mesmo deberá controlar os seguintes aspectos ambientais, coa finalidade de comprobar os efectos previstos no Plan, garantir que se persigan os obxectivos e se teñan en conta os posibles problemas xurdidos, así como asegurar a aplicación de todas as medidas de restauración, conservación e uso sostible no ámbito territorial do Plan.

· Biodiversidade: verificación do estado e evolución das medidas de restauración e conservación dos compoñentes clave da biodiversidade. Farase seguimento de variables como: superficie restaurada, superficie de recuperación da composición/estrutura/funcionalidade do ecosiste-ma, núcleos de eliminación/control de especies invasoras.

· Actividade turística: farase un seguimento do fluxo de visitantes e o uso das diferentes infraes-truturas e equipamentos establecidos e, para avaliar o seu uso, a idoneidade da súa situación estratéxica e a detección de conflitos: número de prazas de aparcadoiro ocupadas, número de vehículos que acceden ao ámbito do Plan, número de visitantes que acceden polo novo apea-doiro, uso das infraestruturas de acceso.

· Obras: en todo caso, durante as obras para o establecemento dos equipamentos e infraestru-turas contemplados no presente Plan, farase un seguimento dos seguintes parámetros:

· Ruído e vibracións: procedente da maquinaria de obras.

· Calidade do aire: impactos provocados pola maquinaria de obra e o tráfico de vehí-culos.

· Calidade da auga: escorrentía superficial.

· Residuos: orixe, volume, caracterización e destino dos distintos tipos de residuos producidos nas fases de obras.

· Control dos vertidos á rede de saneamento.

**9. Proceso de selección das alternativas consideradas seguido na Avaliación ambiental estratéxica**

9.1. Descrición das alternativas consideradas

No presente Plan Especial –dentro do procedemento de avaliación ambiental estratéxica simplificada- adoptáronse como referencia inicial algunhas das alternativas propostas no Plan de Conservación que responden a cuestións



Anuncio publicado en: Num BOP 282 año 2020 (09/12/2020 08:00:00)

de estratexia e de ordenación do uso público no espazo protexido que varían sobre todo no grao de protección en relación coa regulación do acceso para os visitantes.

Neste plan consideráronse tres alternativas, incluída a 0:

- ALTERNATIVA 0 que implica considerar a non actuación no ámbito delimitado.
- ALTERNATIVA 1 que persegue unha regulación equilibrada do uso público do espazo conside-rando como estratéxicas as recomendacións do Plan de Conservación.
- ALTERNATIVA 2, que regula o uso público no espazo considerando estratéxica a potenciación do propio monumento natural como polo de atracción turística.

9.1.1. Alternativa 0

A alternativa 0, ou de non actuación, supón manter a situación actual. É dicir que a visita á Praia das Catedrais seguirá desenvolvéndose como ata a actualidade: coas áreas de aparcadoiro, venda ambu-lante, información e servizos públicos aglomeradas nun escaso ámbito territorial que, dada a súa in-mediata proximidade coas áreas de maior relevancia do monumento, contribúen a degradar a percep-ción que o visitante obtén do espazo. De adoptarse todas as medidas contempladas no Plan de Con-servación (Decreto 80/2015) é previsible una certa mellora sobre o estado de conservación dos valo-res naturais, así como unha mellora en relación coa organización da visita, sobre todo en relación coa existente en anos previos á súa promulgación, pero en ningún caso é factible acadar un estado de conservación equiparable co que posúen a nivel internacional, outros Monumentos Naturais, con valores e potenciais semellantes ás existentes nas Catedrais.

9.1.2. Alternativa 1

Esta alternativa propón unha ordenación do uso público que permita o acceso regulado ao monumento natural de xeito compatible coa conservación dos seus valores naturais e culturais, para o cal se res-trinxe o acceso a determinados sectores onde se atopan os compoñentes clave do patrimonio natural e a biodiversidade. Esta alternativa prevé, tamén, unha limitación do acceso público.

Esta opción busca asegurar a protección e conservación dos compoñentes do Patrimonio Natural e da Biodiversidade segundo o establecido na Directiva 92/43/CEE, a Lei 42/2007 do Patrimonio Natural e da Biodiversidade e a Lei 9/2001 de Conservación da Natureza de Galicia, así como nas normas que as desenvolven, e especialmente coas disposicións e medidas de xestión consideradas no Plan Director da Rede Natura 2000 de Galicia (Decreto 37/2014), e no plan de Conservación do Monumento Natural (Decreto 80/2015).

Propón, polo tanto, unha ordenación compatible co mantemento de actividades económicas no ámbito do monumento natural e a súa contorna (especialmente vinculadas ao seu atractivo turístico), e –ao tempo- prevé unha regulación e mellora das condicións de uso público, coa ordenación de accesos, infraestruturas de uso público e aparcadoiros, así como a adopción de medidas de mellora paisaxística e adecuación das infraestruturas ás condicións impostas polos condicionantes de uso público. Nesta mesma liña despraza os equipamentos existentes que se manteñen e os que se precisan a maiores a unha posición arredada e oculta a respecto do acceso e contorna do monumento.

Nesta nova localización, entre as actuacións que realizar, está a creación de novos aparcadoiros, infra-estruturas de acceso e novo apeadoiro e a previsión dun centro de acollida e interpretación do ámbito acorde coa importancia da difusión dos valores do monumento natural entre os visitantes. Asemade prevé a ampliación do ámbito ata o límite admitido pola Lei 2/2016 do 10% tomando como referencia pegadas físicas máis determinantes na traza da súa delimitación, achegarse ao núcleo rural máis pró-ximo e concentrar nesa área a edificabilidade prevista e, por último, absorber o trazado da vía alter-nativa á estrada provincial LU-P-0610.

Esta alternativa avoga por unha forte limitación dos usos e actividades no ámbito do Plan Especial, contemplando, entre outros aspectos, os seguintes:

- A prohibición do acceso motorizado á área delimitada como Monumento Natural mediante a creación de aparcadoiros disuasorios fóra do ámbito cun número de prazas limitado para vehí-culos particulares e aparcadoiros exclusivos para bicicletas e medios de transporte colectivo.
- Favorecer a conservación e restauración das áreas de interese ambiental dentro do ámbito do Plan.

As actuacións a levar a cabo coa adopción desta alternativa son as seguintes:



Anuncio publicado en: Num BOP 282 año 2020 (09/12/2020 08:00:00)

· Acondicionamento e sinalización de sendas e lugares habilitados para o uso público dentro do monumento natural. Eliminación de sendas interiores en áreas de tránsito restrinxido.

· Fomento da colaboración entre administracións para mellora das augas superficiais na contor-na da praia de Esteiro.

· Control e erradicación de especies exóticas invasoras.

· Mellora da información relativa á presenza e abundancia de especies de flora protexida no ámbito do plan.

· Actuacións de eliminación de gabias e noiros artificiais, restauración das áreas degradadas.

· Ordenación e homoxeneización da cartelería existente de diferentes organismos.

· Acceso á praia dende o interior do monumento natural a través dunha única pasarela peonil. O deseño deste acceso a concretar no proxecto que se redacte trala aprobación definitiva deste plan especial, deberá acreditar a súa compatibilidade co proxecto redactado pola Dirección Xeral de Costas.

· Restauración ambiental e reurbanización dos terreos ocupados polo actual aparcadoiro habili-tando unha zona de manobra e servizos para a xestión do Monumento. Restauración das zo-nas de merendeiro e servizos de uso público existentes (caseta de información, pavimento, ca-setas, aseos...), así como restauración das áreas degradadas. Retirada, demolición e restaura-ción ambiental da parcela ocupada polo restaurante.

9.1.3. Alternativa 2

Neste caso, a regulación do acceso e uso do espazo realízase mediante un criterio de ocupación inten-sivo. Os únicos condicionantes e limitacións de uso público que impón esta opción son os derivados da normativa do Plan Director, do Decreto de declaración do monumento natural e das leis 9/2001, de 21 de agosto, e 42/2007, de 13 de decembro, que prohibe –a nivel xeral- a explotación dos recursos naturais no ámbito do Plan.

Esta alternativa céntrase na adaptación dos servizos e infraestruturas a unha afluencia de público ma-ior que a actual, priorizando as condicións de accesibilidade no espazo e a conservación dos valores do monumento natural, sen perder de vista a realidade socioeconómica do ámbito e tratando de adap-tarse a ela.

Para adoptar as liñas estratéxicas que propón esta alternativa, deben integrarse no Plan as seguintes actuacións:

· A ampliación da capacidade das vías de comunicación existentes cara o monumento natural e, mesmo, a introdución de infraestruturas viarias adaptadas para o emprego de medios de transporte alternativos.

· Adquisición de terreos adxacentes ao monumento natural para a ampliación e acondiciona-mento do actual aparcadoiro.

· Creación de novos aseos, duchas e equipamentos de uso público axustando o seu número á capacidade de carga prevista no espazo.

· Adecuación dos postos de venda ambulante que contan con autorización para a mellora das súas condicións. A nivel paisaxístico, esta actuación deberá supoñer unha mellora da percep-ción global, ao instalar casetas de madeira de pequenas dimensións, integradas no medio.

· Construción dun centro de recepción e aula de interpretación para acoller aos visitantes que se acheguen ao monumento natural e informar dos valores ambientais que acolle, así como das normas de uso público durante a visita.

9.2. Análise comparativa das alternativas consideradas

9.2.1. Criterios seguidos na análise comparativa

A avaliación das tres alternativas parte dunha análise comparativa que emprega, como criterio básico, os efectos potenciais de cada unha das opcións sobre as variables ambientais do medio ou criterios de sustentabilidade, co fin de determinar a alternativa que resulte máis coherente para a consecución dos obxectivos do Plan de Conservación do Monumento Natural das Catedrais.

A continuación descríbense as variables ambientais e criterios de sustentabilidade que se empregan como referencia na análise das alternativas propostas, así como na valoración da súa idoneidade para acadar os obxectivos do plan de conservación.



Anuncio publicado en: Num BOP 282 año 2020 (09/12/2020 08:00:00)

· Patrimonio natural: Conservación do patrimonio natural (grao no que se pode afectar á conser-vación dos hábitat e especies de fauna e flora silvestre presentes no ámbito).

· Paisaxe: Integración paisaxística (modo no que se considera a paisaxe e a integración das ac-tuacións previstas).

· Sociedade: Calidade de vida da poboación (contribución á mellora da calidade de vida dos ci-dadáns a través do fomento de estilos de vida adaptados á contorna) e cohesión social (con-tribución á promoción da igualdade de oportunidades e do acceso aos servizos públicos)

· Economía: Equilibrio no desenvolvemento económico (como afectan as medidas propostas ao desenvolvemento económico no ámbito do plan de conservación)

· Mobilidade: Necesidades de mobilidade (influencia nas necesidades de transporte derivadas do atractivo turístico do ámbito) e equilibrio no reparto modal (relación aos esforzos que se fan para a diminución da dependencia do vehículo privado a través da potenciación doutros modos)

· Ciclo hídrico: Calidade da auga (consideración da calidade dos recursos hídricos, tanto no man-temento da calidade como na recuperación das masas degradadas

· Ciclo de materiais: Xeración de residuos (modo no que se afronta a xestión de residuos, en especial a redución da xeración).

9.2.2. Análise das alternativas

A proposta de non actuación (alternativa 0), ou mantemento das actuais condicións de xestión do es-pazo protexido, non da unha resposta concreta ás actuais necesidades de regulación e ordenación do monumento natural. Na situación actual, o ámbito precisa dun instrumento de ordenación que aborde a problemática existente no espazo protexido nas épocas de alta afluencia de visitantes e que esta-bleza o marco para a posta en marcha dun programa de actuacións que require dunha coordinación entre administracións competentes, así como da adopción de medidas específicas a curto, medio e longo prazo. A protección actual do espazo determinada polo Plan Director da Rede Natura 2000 e o Decreto de declaración do espazo como monumento natural garanten a protección dos valores natu-rais, da paisaxe e patrimonio xeolóxico, pero non da unha resposta suficiente e específica á problemá-tica de uso público existente no espazo.

Cómpre indicar, ademais, que a respecto á variable sociedade a adopción desta alternativa non aten-dería unha demanda de regulación e ordenación do espazo, amplamente difundida polos visitantes e axentes sociais implicados na contorna do monumento natural.

A alternativa 1 consiste nunha regulación do uso público adaptada aos condicionantes ambientais do espazo protexido. Con esta idea limita o acceso a determinadas zonas onde se atopan os hábitats prioritarios, permitindo o acceso regulado a zonas con elevada calidade ambiental de xeito respectuo-so co ambiente.

As medidas propostas pretenden desestacionalizar o turismo na zona, promovendo un turismo sostido ao longo do ano. Deste modo potenciaríase o sector turístico na contorna, xerando emprego estable sen estar condicionado a épocas de alta demanda. Á parte da regulación de acceso e uso público ao monumento natural, esta alternativa prevé accións destinadas á restauración de areas degradadas, o control e eliminación de especies exóticas e invasoras, a posta en marcha de medidas para a mellora paisaxística e hidrolóxica do ámbito, así como a promoción do uso de medios de transporte alternati-vos ao vehículo particular para o acceso ao monumento natural.

O programa de actuacións previsto resalta e demanda a necesidade de coordinación entre administra-cións e na participación cidadá, coa fin de garantir a viabilidade e consecución das medidas propostas e –e en última instancia- o mantemento nun estado de conservación favorable dos valores ambientais do espazo protexido.

No marco das políticas de sustentabilidade, esta alternativa resulta a máis coherente, ao tratar de integrar na súa formulación o desenvolvemento de actividades que sexan compatibles coa conservación dos valores ambientais que motivaron a declaración do Monumento Natural da praia das Catedrais.

Esta alternativa terá efectos positivos en relación co patrimonio natural, dado que se restauran todas as áreas nas que se eliminarán as infraestruturas e áreas degradadas e se eliminarán as especies exó-ticas. Ademais, ao establecer unha restrición do número de persoas e limitar o movemento a través dunhas sendas sobreelevadas a afección aos hábitats prioritarios por efecto do pisado será moito me-nor. Consecuentemente, os efectos sobre a paisaxe e a ocupación do territorio tamén serán positivos.



Anuncio publicado en: Num BOP 282 año 2020 (09/12/2020 08:00:00)

O medio hídrico verase mellorado dado que a eliminación da fosa séptica dos aseos, do restaurante e das duchas e a actuación sobre o punto de vertido da praia, incide sobre a calidade ambiental do espazo. En todo caso terá un impacto maior sobre o ciclo dos materiais, pois a eliminación das infraes-truturas pode afectar puntualmente á xeración de materiais de demolición. Incluso pode ter unha certa afección sobre a atmosfera, pola xeración de po nas fases de obra. De todos os xeitos estas afeccións son puntuais e se verán compensadas pola melloría experimentada ao se prohibir a circulación de ve-hículos e o seu estacionamento. Esta alternativa terá un efecto positivo sobre o uso público ao estable-cer unha regulación de maior racionalidade e calidade da visita, que minimiza calquera tipo de impacto sobre os compoñentes do patrimonio natural e cultural do espazo, permitindo tamén unha maior com-patibilidade co desenvolvemento socioeconómico do Concello.

Os efectos negativos máis significativos prodúcense sobre o medio socioeconómico, por un lado levar a cabo este plan implicará a necesidade de levar a cabo expropiacións e perda de dereitos sobre as actividades económicas que se levan a cabo actualmente no monumento e por outro, as repercusións sobre a economía vinculada ao sector servizos da comarca, provocarían un rexeitamento por parte dos axentes implicados, en especial do restaurante e dos postos de venda ambulante existentes aos que lles afectaría da xeito directo.

A alternativa 2 incide na enorme potencialidade turística do espazo como un recurso esencial para a mellora da calidade de vida da poboación. Establécese, polo tanto, un criterio de ocupación intensivo. Esta alternativa oriéntase á adaptación e creación de novas infraestruturas, para dar servizo a todos os usuarios, creación do centro de visitantes, así como todas as accións necesarias para fomentar o sector turístico na área de actuación.

Dende o punto de vista socioeconómico, a avaliación desta proposta resulta positiva a curto prazo. Non obstante, a nivel paisaxístico, a maior densidade de infraestruturas nunha contorna dominada pola planeidade e as amplas panorámicas, pode derivar nun impacto visual moi negativo. Polo tanto, tendo en conta que a contemplación da singularidade paisaxística e xeomorfolóxica deste espazo é o principal atractivo do monumento natural, a afección sobre estes valores derivaría nunha degradación da percepción global do ámbito a medio e longo prazo, coas consecuentes implicacións sobre o sector turístico e económico a nivel comarcal.

Tendo en conta o ciclo hídrico, o ciclo de materiais, a atmosfera e o cambio climático, considérase que esta alternativa afecta negativamente a estes aspectos, ao incrementar a presión sobre o medio, por parte dos visitantes do monumento natural.

Dende o punto de vista social a valoración a curto prazo será positiva, aínda que a problemática que se xerará a longo prazo, provocará un deterioro na capacidade dos visitantes para o desfrute do es-pazo, ao notar unha sobresaturación e, finalmente, a perda dos valores que xustifican a súa atracción.

9.2.3. Avaliación comparativa entre a alternativa elixida e a alternativa cero

A alternativa seleccionada, fronte a alternativa da non actuación, terá un efecto positivo sobre o patri-monio natural ao establecer unha normativa de ordenación do uso público e das infraestruturas, que permiten previr a aparición de efectos negativos. Por outra parte tamén se prevé a eliminación de sen-deiros interiores, a restauración de zonas degradadas, en especial as que teñen incidencia sobre os hábitats de interese comunitario. Do mesmo xeito, eliminaranse as especies exóticas ou alóctonas detectadas durante a fase de diagnóstico do territorio. Esta eliminación será levada a cabo tanto no interior do monumento natural coma nas súas proximidades.

O impacto sobre a paisaxe será positivo, dado que se actuará sobre os elemento de sinalización e sobre outras estruturas que actualmente teñen unha repercusión negativa sobre este aspecto, así como a retirada do amoreamento de terra vexetal na contorna do merendeiro e o recheo das gabias xunto ao aparcadoiro.

O impacto sobre a mobilidade é positivo, dado que se prevé a construción de novas prazas de apar-camento, nas proximidades do monumento natural, en zonas de menor calidade ambiental fora das zonas declaradas como espazo natural protexido. Por outro lado promoverase a utilización e/ou recu-peración de medios de transporte colectivo, como a liña de ADIF ou distintas liñas de autobuses ao que se agregará unha senda peonil de nova construción dende o apeadoiro de Esteiro e Reinante.

Os efectos sobre a atmosfera serán positivos, ao establecer un aparcamento alternativo fóra do mo-numento natural, agás na súa fase de construción.

O ciclo hidrolóxico verase favorecido dentro das actuacións a levar a cabo no plan de conservación xa que se vai actuar sobre o punto de vertido detectado na praia de Esteiro, o que mellorará a calidade das augas. Tamén se verificará o estado dos sistemas de saneamento e depuración de augas residuais do restaurante e dos aseos, así como as súas posibles afeccións sobre o medio. Dado que este Plan prevé unha nova edificación para resolver estas necesidades (restaurante e aseos), na nova ubicación se solucionaran axeitadamente o saneamento. Para



Anuncio publicado en: Num BOP 282 año 2020 (09/12/2020 08:00:00)

mellorar a calidade das augas do regato das Augas Santas (eliminando as especies invasoras) e do punto de vertido de Esteiro, o Concello solicitará as axudas anuais da Rede Natura ou Reserva da Biosfera da Consellería de Medio Ambiente Territorio e Vivenda.

En canto ao ciclo de materiais, durante as fases de obra (senda, aparcadoiros ou a eliminación de es-pecies exóticas, entre outras), poderá verse incrementada puntualmente a produción de residuos, que serán en todo caso tratados conforme á normativa vixente.

No ámbito do espazo protexido non habería actividade. Como a limitación de acceso ao monumento natural é só para a zona da praia, podendo acceder ás infraestruturas habilitadas para o uso público, non suporía un efecto negativo para a actividade económica. Todo o contrario, dado que esta medida xunto coa promoción doutros espazos na contorna, incidirán nunha desestacionalización das visitas, incidirá positivamente tanto nos establecementos do monumento coma na área de influenza do mo-numento natural.

9.3. Avaliación das propostas consideradas

Unha vez analizadas as alternativas propostas, desbótase a alternativa 0 ao non dar resposta ás nece-sidades de regulación do uso público no espazo protexido.

A alternativa 2 podería resultar compatible coa conservación dos valores naturais e moi positiva (a curto prazo) na súa derivada socioeconómica. Non obstante, rexéitase fundamentalmente pola de perda da calidade visual do ámbito que implicaría, así como polos seus efectos negativos sobre as variables ocupación do territorio, atmosfera, ciclo hídrico e ciclo de materiais.

Polo tanto, selecciónase a Alternativa 1 como a opción máis coherente para lograr os obxectivos previs-tos no Plan de Conservación do Monumento Natural da Praia das Catedrais mentres que se incide nou-tros aspectos que permiten potenciar o coñecemento do monumento como o centro de interpretación buscando a maneira de que as novas infraestruturas sexan respectuosas co monumento e consideran-do os seguintes aspectos da proposta:

· Regula e ordena os usos e actividades que se veñen realizando no espazo natural, sen prohibir as actividades vinculadas co turismo, o que non afecta negativamente ao desenvolvemento económico da comarca.

· Procura unha solución a problemática de masificación existente –previndo os posibles riscos de degradación dos valores naturais e paisaxísticos do ámbito- e resulta viable a nivel técnico e económico.

· Incide na necesidade de coordinación e colaboración entre administracións, así como na pro-moción da participación cidadá, para acadar os obxectivos do plan de conservación.

**10. Descrición e xustificación da ordenación**

10.1. Criterios de ordenación desde o punto de vista urbanístico

A proposta de ordenación que se presenta procura atender ás conclusións do diagnóstico exposto nos capítulos precedentes tendo como norte os obxectivos do plan especial descritos:

· O Informe ambiental estratéxico, como xa se comentou nun apartado precedente, determina-ba a necesidade de incluír no ámbito regulado polo presente plan especial a área delimitada pola Declaración de monumento natural que quedaba fora da delimitación trazada no plan xe-ral, polo que se engadirá o tramo de costa que rodea o entrante de Esteiro e a súa prolonga-ción seguindo o dominio público marítimo terrestre, coincidindo coa delimitación da Declara-ción de monumento natural. A necesaria coherencia entre protección e os parámetros fisiográ-ficos e topográficos do ámbito aconsella ampliar a delimitación do ámbito definida no PXOM aos límites propostos que permiten recoller integramente o entrante de Esteiro e arrimarse ao núcleo rural máis próximo na zona de aparcadoiro e recepción de visitantes, onde precisamen-te se sitúan a únicas construcións da área para reducir así o seu impacto ao ligalas ao asenta-mento xa existente. Con iso conséguese tamén concentrar a area edificable ao redor do núcleo rural e usar como referencias para a delimitación pegadas físicas máis determinantes desde o punto de vista paisaxístico e natural.

| Superficie delimitada polo PXOM | Aumento máximo s/LSG (10%) | Superficie máxima admisible | Superficie proposta polo PEP | Aumento proposto en % |
|---|---|---|---|---|
| **565.817 m$^2$** | 56.581 m$^2$ | 622.398 m$^2$ | **619.189 m$^2$** | 8,62% |

· En atención á defensa e promoción dos valores naturais do monumento, parámetros principais e substantivos que informan toda a ordenación, a primeira (e principal) decisión adoptada dende o punto de vista da ordenación



Anuncio publicado en: Num BOP 282 año 2020 (09/12/2020 08:00:00)

é o traslado de determinados usos e actividades do lu-gar que ocupan hoxe dentro do ámbito delimitado do monumento e que todos os indicadores sinalan[3] como un dos principais impactos visuais e que ademais comprometen a conservación do hábitat. Para isto detalla e especifica con maior precisión ca o PXOM, as limitacións de usos e actividades usando as categorías de solo rústico xa trazadas polo propio Plan Xeral. Esas maiores limitacións proceden integramente das determinacións do Plan de Ordenación do Lito-ral (POL), que presenta unha clasificación do solo en áreas que coincide espacialmente tanto coa desta proposta de ordenación como coa do Plan Xeral.




**Ilustración 2: esquema da clasificación do solo, niveis de protección e usos característicos.**

· Indefectiblemente ligada a esta decisión adóptase a segunda, tamén significativa: a recalifica-ción do tramo da estrada provincial LU-0610 que discorre polo límite sur do Monumento, que é o principal vector de penetración e atracción do denso tránsito viario nas épocas de maior afluencia e que todos os informes califican asemade como outro dos factores de impacto máis notorio. Esta decisión, opera a dou niveis:

a. Na propia vía través do seu redeseño para facela máis amigable e congruente coa pro-tección dos valores naturais tan presentes no seu trazado, que permite darlle un uso mixto peonil-rodado e limitar o acceso público para o tránsito de vehículos en función dos parámetros de xestión do Monumento natural. Este tratamento non impide a con-tinuidade do transito de vehículos considerando a existencia de estradas de conexión coa N-634 tanto a oeste do monumento pola LU-0604 como a leste pola LU-5209 pro-cedente da rotonda da N-634 que permite volver enlazar coa vía provincial no seu percorrido cara a Esteiro. Unha directriz implícita en todo este proceso foi a separa-ción de fluxos circulatorios peonís e rodados, evitando a amálgama que se da hoxe en día.

b. A previsión dunha alternativa viaria co mesmo ancho, a mesma funcionalidade e carac-terísticas que a LU-P-610 que enlaza con esta na conexión do Camiño de Grandas, atravesa a vía por unha nova ponte e xira ao leste ata coincidir coa pista existente da concentración parcelaria que se reurbaniza ata acadar as mesmas características que a vía provincial que substitúe. A alternativa remata na rotonda que se prevé onda o centro de visitantes e aparcadoiro. Isto supón tamén unha pequena ampliación do po-lígono no leste para prever a construción dunha nova ponte que salve a liña férrea e verifique as esixencias derivadas do servizo de vías e obras da Deputación pola cesión da vía LU-P-0610.

[3] A memoria do Plan de conservación é ben ilustrativa a este respecto.



Anuncio publicado en: Num BOP 282 año 2020 (09/12/2020 08:00:00)




**Ilustración 3: fluxos circulatorios derivados da nova ordenación. O cambio de grosor denota a xerarquía do viario.**

- A terceira decisión adoptada atinxe á reorganización dos usos e actividades no ámbito do plan especial, unha vez aseguradas as prioridades anteriores. As directrices seguidas neste proceso son basicamente tres:

- O mantemento da actividade agraria xa predominante no ámbito como elemento fun-damental que reforza e garante a conservación do monumento.

- A localización dos equipamentos precisos para unha xestión óptima do monumento (centro de interpretación, restaurante, área de usos diversos, aseos, área de estacio-namento) a fin de reducir o seu previsible impacto visual e mellorar e adecuar o seu uso á estacionalidade e intermitencia propia deste tipo de recursos turísticos.

- A relación co resto do concello que soporta e mantén todas as infraestruturas do mo-numento e que debe ser o primeiro beneficiario da repercusión positiva da súa explo-tación turística. Isto sobrepasa loxicamente o alcance territorial e normativo deste plan especial pero serve de escusa para propoñer medidas a posteriori da aprobación do plan que se explicarán noutro apartado e, co limitado alcance da ordenación, in-tentar bascular o centro de gravidade cara a Ribadeo (situación da entrada na estrada de acceso procedente da A8, situación do centro de interpretación nesa vía, etc.)

O resultado final é unha ordenación que reduce os usos e actividades autorizadas no ámbito de máxima protección ás estritamente necesarias para a conservación do Monumento Natural, prohibindo expre-samente aquelas que non só alteran negativamente a contemplación do monumento senón que ade-mais interfiren nos ciclos naturais bióticos e xeomorfolóxicos. Mantéñense nesta zona as actividades agrarias tradicionais. A circulación rodada nesta área está restrinxida ás necesidades de conservación do monumento e ás actividades agrarias.

Os equipamentos necesarios para a xestión do monumento, incluída a área de estacionamento localí-zanse nun punto preciso que presenta características acaídas para o propósito establecido nos crite-rios adoptados: xusto detrás da vía do ferrocarril, unha porción do solo atópase oculto pola plataforma do ferrocarril, elevada nese

tramo, fronte á depresión do perfil natural das terras. Nese lugar se sitúa o Centro de Interpretación e o aparcadoiro. E precisamente na tanxente da vía do ADIF, trasládase o apeadoiro de Esteiro para unha óptima relación dos diferentes servizos.

O esquema da estrutura xeral e orgánica da proposta achégase na ilustración seguinte.

Anuncio publicado en: Num BOP 282 año 2020 (09/12/2020 08:00:00)




**Ilustración 6: esquema da estrutura xeral e orgánica da nova ordenación. En azul as afeccións, en ver-mello o viario para vehículos e tren, en verde o viario mixto ou peonil, en laranxa os equipamentos e infraestruturas.**

10.2. Zonificación do ámbito do Plan Especial desde o punto de vista medioambiental

Para os efectos de referirse ás diferentes areas de intervención ou de niveis de protección descríbese unha proposta de xerarquía de zonas en función da súa incidencia nas variables ambientais que se solapará á clasificación do solo derivada do planeamento de rango superior, nomeadamente o PXOM e o POL, que incorpora con carácter obrigatorio.

10.2.1. Zona 1: área de conservación prioritaria

Corresponde ao ámbito do Dominio Público Marítimo Terrestre (DPMT) derivado da Lei de Costas. Así como ao límite de Monumento Natural da Praia das Catedrais. Esta área forma parte da Rede Natura 2000 (ZEC As Catedrais) e da zona núcleo da Reserva da Biosfera do Río Eo, Oscos e Terras de Burón. A finalidade de esta zona é protexer e garantir a conservación dos compoñentes do patrimonio natural e da biodiversidade. Permitíndose, acorde coa normativa ambiental (DC 92/43/CEE, Lei 9/2001, Lei 42/2007, Decreto 72/2004, Decreto 11/2005, Decreto 37/2014, Decreto 80/2015) un uso público racional e sostible, acorde coa capacidade de carga do espazo.

10.2.2. Zona 2: área de recuperación ambiental

En coherencia coa definición da zona 1, incluiría aquelas áreas que gozan o status legal de "area pro-texida" pola Lei 42/2007 e pola Lei 9/2001 (Monumento Natural, Rede Natura 2000, Zona de Especial Protección dos Valores Naturais, Zona núcleo da Reserva da Biosfera), que se atopan conformadas por hábitats artificiais (construcións, aparcadoiros, áreas cubertas por especies exóticas invasoras), esta-blecidas tras a alteración ou destrución dos ecosistemas naturais. Estas áreas deberían ser obxecto dun proxecto de recuperación ambiental acorde cos criterios e obxectivos establecidos nas normas reguladas e nos plans de xestión das correspondentes áreas protexidas. O Plan Especial fixa o marco territorial para levar a cabo dita recuperación.

10.2.3. Zona 3: áreas de restauración ambiental

Áreas non incluídas na actualidade dentro dos límites de ningunha das figuras de espazos naturais (Monumento Natural, Rede Natura 2000, Zona de Especial Protección dos Valores Naturais, Zona nú-cleo da Reserva da Biosfera), pero próximas a elas e onde a pesar da acción antrópica consérvanse distintos elementos ambientais, que restaurados convenientemente e postos en valor, actuarían como unha área buffer do espazo natural, contribuíndo a mellorar a representatividade e o estado de con-servación de hábitats naturais e especies de ambientes higrófilos e mesófilos.

10.2.4. Zonas 4: reserva de novos equipamentos

Inclúe as áreas onde se albergarán os equipamentos orientados ao uso público, necesarios para a xes-tión do ámbito territorial do Plan Especial.

10.2.5. Zona 5: áreas de uso agropecuario e forestal



Anuncio publicado en: Num BOP 282 año 2020 (09/12/2020 08:00:00)

En tempos históricos a fragmentación e redución dos hábitats costeiros, especialmente dos queirogais de Erica vagans, produciuse a medida que se expandiron as superficies destinadas a explotacións agrícolas. Ao norte da estrada costeira, as explotacións agrícolas destínanse de forma maioritaria a pradaría artificial (Lolium, Dactylo, Trifolium), que son invadidas por especies silvestres. Nas áreas máis protexidas as pradarías rotan con cultivos de millo forraxeiro. Na zona aínda son visibles algúns elementos do agrosistema tradicional, como valados de pedra e camiños. Na zona ao sur da estrada da costa, as mellores condicións ambientais favoreceron a intensificación do cultivo, os elementos es-truturais característicos do agrosistema tradicional desapareceron, albergando o territorio grandes parcelas, nas que se rotan cultivos de pasteiros trífiticos (Lolíum, Trifolium, Dactylo), con cultivos de millo forraxeiro. Existen tamén pequenas áreas destinadas ao cultivo de árbores de crecemento rápido (piñeirais e eucaliptais).

10.2.6. Zona 6: viario

Esta zona é a ocupada por todo o viario, tanto o do camiño de ferro coma o de tránsito para turismos. A modificación do uso da estrada provincial non vai supoñer unha modificación substancial do seu de-seño a fin de permitir o uso eventual da plataforma para autobuses en determinados casos, tractores ou mesmo vehículos de servizos públicos.

Esta modificación compénsase coa previsión dunha vía alternativa cun nivel de servizo equivalente á estrada LU-610, de ancho 8,00 m e características construtivas e funcionais equivalentes conforme ao prescrito no art. 18.11 do Decreto 66/2016 de Regulamento de estradas de Galicia, que aproveita o trazado da vía de concentración parcelaria e prosigue por riba da vía do ferrocarril nunha ponte nova, prevista tamén neste plan especial, ata entroncar coa estrada provincial LU-610. O seu trazado póde-se observar nos planos de ordenación detallada.

10.3. Cumprimento dos estándares

Neste apartado contabilízanse os datos relativos ao número de prazas de aparcamento e á superficie de parcelas destinadas a uso dotacional postas en relación coa superficie total do ámbito. Asemade tamén se dimensiona a superficie ocupada polo Monumento Natural por ser esta a área máis acaída para calificar como espazo libre ou zona verde. Non consta na lexislación estándares ou reservas de solo necesarias para a implantación de sistemas locais ou xerais para este tipo de solo e este tipo de planeamento e o PXOM tampouco contén unha ficha individual para este Plan Especial que o determine especificamente polo que non se mostra ningunha comparativa con valores normativos.

| **Área** | **Superficie ($m^2$)** |
|---|---:|
| Área de máxima protección (Protección costeira POL) | 2~~94.347~~391.077 |
| Área de protección ordinaria (Mellora ambiental POL) | 198.737 |
| Áreas destinadas a equipamentos | 1.100 |
| Áreas destinadas a estacionamento (16.800 + 11.656) | 28.275 |
| **Superficie total do ámbito do Plan Especial** | **6~~03.131~~619.189** |
| Monumento Natural | 249.086$m^2$ (86.877$m^2$ descontando areais) |

Cómpre facer as seguintes precisións sobre as superficies anteriores:

1. Dado que este tipo de plan non ten entre as súas facultades reclasificar o solo, mantívose a delimitación das categorías de solo rústico do PXOM engadindo as limitacións de usos proce-dentes do POL, no entendemento de que este era o obxectivo do redactor do PXOM cando remite o presente Plan Especial ao cumprimento das determinacións do POL. Faise a asimila-ción ás clases do POL entre parénteses para explicar como funciona o réxime de usos.

2. As áreas destinadas a equipamentos e estacionamento non se inclúen nas anteriores.

3. A área coa que se delimita o Monumento Nacional superponse parcialmente á área de máxima protección; por iso non se inclúe no sumatorio. Figura así para valorar a súa relación coa super-ficie total do ámbito a fin de establecer a ratio de espazos libres.

4. As prazas de aparcamento avalíanse por asimilación a outros parques e monumentos naturais xa ordenados.



Anuncio publicado en: Num BOP 282 año 2020 (09/12/2020 08:00:00)

10.3.1. Estimación e xustificación das prazas de aparcamento

O Parque Natural de Corrubedo posúe unha superficie de 999 ha, incluíndo no seu ámbito territorial augas mariñas, e medios de marea. O número de visitantes sitúase en 300.000 persoas/ano, con má-ximos no período estival, Semana Santa e fins de semana. Dentro do ámbito do Parque Natural soa-mente existen tres aparcadoiros:

· O existente no centro de interpretación (CIELGA) posúe 20 prazas para vehículos de visitantes e 3 prazas para autobuses, o resto das prazas están reservadas aos servizos de vixilancia e prevención de incendios. O aparcadoiro soamente se mantén aberto durante unhas horas ao día (9.00 – 21.00).

· Un segundo aparcadoiro, sitúase próximo á Grande Duna (Olveira), posúe 100 prazas para au-tomóbiles de visitantes. Os coches sitúanse en calquera caso a máis de 1.100m en liña recta con respecto á Duna. A distancia a pé ata a praia vese incrementada ata os 3.000m, xa que está estritamente prohibido transitar sobre a Gran Duna e sobre o sistema dunar vexetado, existindo un camiño habilitado para o tránsito peonil. O aparcadoiro atópase aberto a todas as horas.

· O terceiro aparcadoiro sitúase nas inmediacións da Praia do Vilar, posúe 200 prazas para au-tomóbiles de visitantes. A distancia á praia é de 150m, realizándose o camiño a través de pa-sarelas.

O número total de prazas de vehículos para uso dos visitantes é de 320. O aparcadoiro atópase aber-to a todas as horas.

O Parque Natural das Fragas do Eume posúe unha superficie de 9.000ha. O número de visitantes sitú-ase en 50.000 persoas/ano. O Centro de Interpretación das Fragas do Eume posúe unha aparcadoiro para autobuses, con capacidade para 4 vehículos. As prazas para automóbiles de visitantes redúcese a 50, algunhas das cales se restrinxen frecuentemente para os servizos do propio parque. A 150 m do Centro de Interpretación atópase unha área de descanso cun aparcadoiro para automóbiles cunha capacidade de 50 prazas.

Na praia das Catedrais o aparcadoiro construído pola Demarcación de Costas do Estado ten unha ca-pacidade de 4 autobuses e de 120 automóbiles. Na tempada de máxima ocupación chéganse a supe-rar estes valores a existir coches aparcados vulnerando o código de circulación. É o único que dispón de autorización administrativa. A maiores existen varias áreas habilitadas como aparcadoiro, fóra do ámbito do Monumento Natural, nun recheo realizado sobre a cubeta da antiga canteira con capacida-de de 100 automóbiles, ás que se suman áreas provisionais de estacionamento en terreos de cultivo situados dentro ou fóra do ámbito da Rede Natura 2000 cunhas 100-200 prazas para vehículos. A superficie total ocupada polos aparcadoiros descritos equivale a 23.456m2 en puntas de ocupación. A superficie destinada a este uso na proposta de ordenación acada os 28.275m2. a concentración e ra-cionalización do consumo do espazo permite chegar a valores absolutos de 1.300 prazas de aparca-mento para vehículos de turismo, usando as ratios máis conservadoras da bibliografía[4] e sen conside-rar optimizacións do uso derivadas do ángulo das prazas e do deseño do viario interno, que se anali-zará con maior precisión nas fases seguintes da tramitación do presente documento.

Se tomamos como referencia o parque de Corrubedo, por situación e estacionalidade das visitas ob-téñense os seguintes valores de referencia: 3ha por praza de aparcadoiro. No caso de Pontedeume, a ratio é de 90ha por praza, que consideramos excesiva. Actualmente na praia das Catedrais (conside-rando as prazas irregulares) dáse unha ratio inferior a unha hectárea por praza de estacionamento (< 1ha/praza), o que é notablemente maior ca no parque natural de Corrubedo. As prazas estimadas para as áreas previstas equivalen a 1.300 na presente ordenación, que supera amplamente as exis-tentes polo que se estima que cobren sobradamente a demanda estival, quedando moi por riba dos valores en situacións similares como as examinadas.

[4] Steegmann, Enrique; Acebillo José (1978): *Las medidas en la arquitectura*. Barcelona: Colegio Oficial de Arquitectos de Cataluña.



Anuncio publicado en: Num BOP 282 año 2020 (09/12/2020 08:00:00)

10.3.2. Medidas de conservación, desenvolvemento e potenciación da protección do espazo natural

A descrición das medidas redáctanse en coherencia coa normativa e as propias medidas de xestión establecidas pola DC 92/43/CEE, a Lei 42/2007 do Patrimonio Natural e a Biodiversidade, a Lei 9/2001 de Conservación da Natureza, o Decreto 11/2005 de declaración do Monumento Natural da Praia das Catedrais, o Decreto 37/2014 polo que se aproba o Plan Director da Rede Natura 2000 de Galicia, o Decreto 80/2015 polo que se aproba o Plan de Conservación do Monumento Natural da Praia das Catedrais , o Real Decreto 630/2013 polo que se regula o Catálogo Español de Especies Exóticas Invasoras. Así como os criterios establecidos pola UNESCO para a xestión das Reservas da Biosfera.

10.3.3. Medidas de conservación

O Concello de Ribadeo non é o organismo competente en materia de conservación e xestión do patri-monio natural e da biodiversidade no ámbito do Plan Especial. Esta competencia recae na Dirección Xeral de Conservación da Natureza (Xunta de Galicia) que, no ámbito costeiro é compartida en deter-minados casos coa Demarcación de

Costas do Estado. O Concello de Ribadeo debe e pode colaborar nesta protección coas administracións competentes.

O Concello de Ribadeo poderá ademais participar con outras entidades públicas e privadas no desen-volvemento de actividades de I+D+i conducentes a mellorar o coñecemento dos compoñentes do pa-trimonio natural e da biodiversidade, así como a participar coas devanditas entidades en proxectos competitivos de ámbito nacional (Fundación Biodiversidade, Fundación BBV), e internacional (LIFE).

O espazo debería contar cunha cartelaría na que se informase sobre as actividades e usos que poden levarse a cabo neste. Os carteis deberían estar situados na proximidade dos aparcadoiros, así como nos accesos cara a praia e as zonas de miradoiros. As administracións competentes poderán modifi-car, dependendo das necesidades de xestión e conservación, o tránsito peonil e de vehículos por de-terminados traxectos. Dada a concorrencia de competencias de diversas administracións, nomeada-mente a Consellaría de Medio Ambiente da Xunta de Galicia e a Dirección Xeral de Costas do Ministerio de Agricultura, Alimentación y Medio Ambiente, sería desexable unha coordinación nas actuacións de difusión e sinalización para evitar acumulación de sinais co mesmo obxecto.

O tránsito de vehículos relacionados co uso público debe restrinxirse ás zonas de aparcamento e ás vías habilitados a tal efecto. Evitando ademais que o tránsito de vehículos autorizados, circule por lu-gares inadecuados, ou mesmo permaneza estacionado en lugares que xeran un impacto visual, xa que poñen en dúbida ante a cidadanía a eficiencia das medidas adoptadas.

En canto ao tránsito de persoas vinculadas co uso público do espazo, este debe restrinxirse á rede de camiños habilitados para tal efecto. Deberase impedir en todo momento a circulación e presenza de visitantes sobre áreas ocupadas por hábitats de interese comunitario, especialmente sobre as forma-cións de vexetación de acantilados desenvolvidos nas áreas horizontais e de pouca pendente deste, sobre as áreas ocupadas polos queirogais costeiros de Erica vagans e sobre as pequenas representa-cións de humidais presentes no ámbito do Plan Especial.

A presenza de animais de compañía deberá aterse ao estipulado na lexislación vixente. Os cans e ou-tras mascotas deberán ir suxeitos con correa e provistos de bozo. Na Praia, ao ser Bandeira Azul, e zona de baño, está prohibida a presenza de cans e doutros animais domésticos.

Nas actuacións de mantemento ou mellora que se leven a cabo no ámbito do Monumento Natural, e sen menoscabo das pertinentes autorizacións dos órganos ambientais competentes, evitarase a intro-dución de materiais alleos a este (rochas, gravas, solo, plantas). Tomando especialmente medidas no uso da maquinaria de xardinaría empregada para o coidado das vías e espazos axardinados, que de-ben ser limpadas co fin de evitar a introdución accidental de sementes, froitos ou pequenos restos vexetativos de plantas exóticas invasoras.

A incorporación de espécimes vexetais nas áreas de restauración ou onde xa existan representacións de hábitats de interese comunitario limitarase ás especies propias destes medios, a presenza das cales se atope documentada no ámbito territorial da ZEC As Catedrais. A obtención destes espécimes deberá ser realizada a través de medios que non xeren afeccións significativas sobre os devanditos hábitats. Debe evitarse o uso de material vexetativo doutras procedencias, e debe prohibirse a intro-dución de especies vexetais tanto alóctonas, como non presentes, de forma natural, no ámbito do ZEC As Catedrais.

Para o desenvolvemento de proxectos de conservación ou restauración que afecten aos hábitats natu-rais ou a outros compoñentes do patrimonio natural e da biodiversidade, será necesaria a redacción dunha memoria técnica



Anuncio publicado en: Num BOP 282 año 2020 (09/12/2020 08:00:00)

específica, que deberá ser avaliada e autorizada polos organismos competen-tes en conservación da natureza e do medio ambiente.

Outras medidas complementarias que se definirán unha vez aprobado o Plan especial serán as que regulen os tempos de aparcamento, as restricións do equipamento miúdo coma papeleiras, as activi-dades comerciais ambulantes e outras xa de competencia municipal dentro do alcance do propio Plan especial.

10.3.4. Medidas de desenvolvemento e potenciación

O Concello de Ribadeo debería rexistrar, de forma individual ou en colaboración con outras entidades públicas, o rexistro comercial da marca "As Catedrais" así como dos dominios web relacionados ou vinculados a ela. O uso da devandita marca podería ser regulado polo Concello de Ribadeo, outorgan-do o seu uso a determinados produtos que cumprisen uns estándares de calidade xa definidos (por exemplo, agricultura ecolóxica), e que se elaborasen no ámbito do municipio de Ribadeo. A creación desta marca mellorará a visibilidade do espazo, posto que poderá ser empregada nos produtos aso-ciados ao territorio, como mostra do desenvolvemento sostible do medio rural do seu ámbito, así como no merchandising asociado.

Debería existir un único portal de acceso á información relativa ao ámbito do Plan Especial, así como a outros elementos do patrimonio natural e cultural do Concello de Ribadeo, dispoñible en distintos idiomas. Este portal debería incluír diferentes niveis de información, axeitados a distintos tipos de visitantes ou usuarios do espazo.

Dentro desta web resultaría atractiva a conexión cunha webcam que emitise imaxes en tempo real da Praia das Catedrais, así como doutros puntos de interese. A informa-ción dispoñible na web deberá apoiarse na elaboración e distribución de material didáctico impreso en papel.

Sería necesario avaliar, de acordo á dispoñibilidade orzamentaria, o inicio dun procedemento de con-tratación para a elaboración de libros que faciliten en distintos ámbitos a promoción do espazo e dos seus compoñentes. A produción destes documentos resultaría de grande utilidade para ser emprega-dos en actividades de actividades turísticas, ambientais, educación regulada, etc., que se desenvolvan nos distintos espazos do Concello de Ribadeo.

Dende un punto de vista estratéxico, o Concello de Ribadeo en determinadas datas destacadas, debe-ría realizar actos que cumprindo os obxectivos das devanditas efemérides, contribúan a difundir os valores do espazo natural. Sirvan como exemplos o día do medio ambiente, o día dos parques natu-rais, o día dos humidais, etc., datas sinaladas nas que un acto celebrado dentro do Concello de Riba-deo pode alcanzar repercusión a nivel nacional ou internacional se é convenientemente divulgado.

Debido á fraxilidade dos medios naturais presentes no espazo, á hora da promoción, apoio e autoriza-ción de actividades que se poidan desenvolver no ámbito do Plan Especial, deberíanse seleccionar aquelas que non supoñan unha afección negativa sobre os valores do espazo (como indica a normativa vixente), nin tampouco provoquen unha a súa masificación ou contribúan a facer promoción de a imaxe da devandita masificación.

10.3.5. Análise da afección sobre a mobilidade global do territorio

A modificación do uso da vía provincial, a execución da súa alternativa viaria e a potenciación da liña de ADIF e do transporte público suporán importantes repercusións no esquema viario actual do plan e mesmo do propio concello. Como xa se comentou no anteproxecto de planeamento presentado a con-curso, o plan especial debe propoñer –e propón- un esquema xeral viario que permita non só resolver as disfuncionalidades detectadas nos fluxos de circulación en períodos de máxima afluencia, senón tamén eliminar o impacto visual e medioambiental que supón a proximidade ao Monumento dos apar-cadoiros e estrada provincial, que non deixan de seren un factor de atracción máis que realimenta o propio impacto. A solución dos fluxos circulatorios debera permitir tamén evacuar con rapidez entra-das masivas de vehículos cara a outras zonas do municipio. Se a estas consideracións sumamos a es-tratexia, tamén avanzada no anteproxecto de concurso, de amplificar e recualificar a relación que mantén o monumento natural co resto do concello que soporta e mantén todas as infraestruturas do monumento e que debe ser o primeiro beneficiario da repercusión positiva da súa explotación turísti-ca. Isto sobrepasa loxicamente o alcance territorial e normativo deste plan especial pero serve de es-cusa para propoñer medidas a posteriori da aprobación do plan que se detallarán en fases ulteriores da tramitación e que procuran, co limitado alcance do instrumento, intentar bascular o centro de gra-vidade cara a Ribadeo, usando a propia vila e outros polos de atracción turística e medioambiental do concello como elementos filtrantes do fluxo de visitantes ao monumento natural, usando para iso unha axeitada política de comunicación e difusión turística.

A incidencia máis significativa na mobilidade xeral do ámbito de actuación e a que supón a restrición da circulación privada sobre a actual vía de titularidade provincial LU-0610 que vai paralela á costa no tramo coincidente coa delimitación do monumento natural no ámbito do plan especial. O tránsito des-viarase polas estradas que



Anuncio publicado en: Num BOP 282 año 2020 (09/12/2020 08:00:00)

comunican aquela coa estrada nacional N-634 polas estradas xa existentes desde o núcleo de Reinante no concello de Barreiros e no propio concello de Ribadeo.

O Plan especial desenvolve o establecido na LEI 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia no artigo 71 e seguintes, ós efectos de cumprimentar o mandato do Plan Xeral, do Plan de Ordenación do Lito-ral, ao Plan Director da Rede Natura 2000 de Galicia e ao Plan de Conservación do Monumento Natural da Praia das Catedrais e ás Directrices de Ordenación do Territorio, como un Plan especial de protec-ción e asemade de dotación (artigos 71 e 73 da LEI 2/2016), co obxecto de "... preservar o ambiente, as augas continentais, o litoral costeiro, os espazos naturais, as vías de comunicación, as paisaxes de interese, o patrimonio cultural e outros valores análogos" máis "a ordenación das infraestruturas relati-vas ao sistema de equipamento comunitario".

**11. Cumprimento do planeamento xeral e territorial concorrente e da lexislación sectorial aplicable**

Tal como se expón nos Antecedentes do presente documento, este plan especial vén determinado polo disposto no artigo 464 das normas do Plan Xeral de Ordenación Municipal aprobado definitiva-mente en decembro de 2014. No artigo citado, única referencia textual que fai o plan xeral a este plan especial, dise: "Para a praia das Catedrais o PXOM delimita un Plan Especial de protección co ob-xectivo de reordenar, restaurar e protexer as praias e o seu

entorno. Dito Plan especial deberá ser re-mitido para informe de adecuación ao POL e cumprirá coas determinacións do POL". Esta prescrición formula o cumprimento das determinacións do planeamento de rango superior que necesariamente compete a un plan de desenvolvemento como é este, en dous tempos:

- En canto á clasificación do solo, remítese ao Plan Xeral de Ordenación Municipal.
- En canto ás regulación dos usos por seren estas máis restritivas, remítese ao Plan de Ordena-ción do Litoral, ao Plan Director da Rede Natura 2000 de Galicia e ao Plan de Conservación do Monumento Natural da Praia das Catedrais e ás Directrices de Ordenación do Territorio.

A maiores verifícase a lexislación sectorial que se considera aplicable.

11.1. Directrices de Ordenación do Territorio (DOT)

Aprobadas polo Decreto 19/2011, do 10 de febreiro, polo que se aproban definitivamente as directri-ces de ordenación do territorio. Este instrumento ten como finalidade precisar a definición dun modelo territorial para Galicia, establecendo as pautas espaciais de asentamento das actividades. As determi-nacións de carácter xeral que establecen as Directrices de Ordenación Territorial para o patrimonio natural son as descritas seguidamente que se asocian ás determinacións propias do plan especial

11.1.1.Determinacións de carácter xeral orientativas máis significativas

| DOT | PLAN ESPECIAL |
|---|---|
| a.1. Fortalecer as funcións de conservación e desenvolvemento sostible das áreas protexidas (espazos protexidos pola normativa ou convenios de conservación da natureza internacional, comunitaria, nacional ou galega), establecendo medidas que contribúan a garantir o mantemento dun estado de conservación favorable dos hábitats de interese comunitario e das especies de flora e fauna protexidas. | Como xa queda dito noutras partes do documento, o obxectivo máis importante do plan especial é, precisamente, a de favorecer as funcións de conservación e desenvolvemento sostible consonte aos obxectivos do Plan de Conservación do Monumento Natural, polo que se verifica plenamente estas determinacións |
| a.2. Promover a protección e valorización doutros posibles elementos, formacións ou espazos con valores de calquera tipo físico-natural (xeolóxico, morfolóxico, paleontolóxico, biolóxico, etc.), identificados nalgún outro catálogo ou normativa ou mesmo que poidan ser identificados a través dos devanditos instrumentos e presenten un interese supramunicipal ou local, de maneira complementaria ás áreas protexidas. | En liña coa determinación anterior e como consecuencia directa dela, o plan especial defende os valores que fixeron acredor ao ámbito da categoría de Monumento Natural, sen ignorar a conectividade ecolóxica coa súa contorna coma unha medida que reforza e asegura os devanditos valores.<br>Ao mesmo tempo o plan especial acomete a restauración de áreas degradadas ou con efectos |



Anuncio publicado en: Num BOP 282 año 2020 (09/12/2020 08:00:00)

| | |
|---|---|
| b. Facilitar a conectividade ecolóxica entre as distintas áreas protexidas, así como dentro destas, e entre os restantes posibles espazos de interese, favorecendo a funcionalidade dunha rede de corredores ecolóxicos e adaptando con este fin as infraestruturas e estruturas que supoñen un efecto barreira, tales como tendidos eléctricos, infraestruturas de comunicación, infraestruturas hidráulicas, etc.<br><br>c. A restauración dos espazos deteriorados e a prevención de impactos ambientais, incorporando criterios de integración ambiental ás actividades con incidencia no medio. | impropios dunha área desta calidade e nivel de protección, reformulando as actividades dentro do ámbito regulado polo plan especial conforme a estas esixencias. |
| d.4 A xestión dos procesos de cambio nas actividades que se desenvolven no medio físico mediante a consolidación de usos de interese territorial. Débense producir cambios estruturais que garantan a viabilidade das actividades agropecuarias sostibles. Cando esta opción non sexa viable haberá que introducir usos substitutivos que eviten procesos de deterioración e asignen novas funcións ao territorio. Entre estas considéranse prioritarias as accións de reforestación naqueles ámbitos nos que se poida dar lugar tanto con criterios de uso múltiple, como á recuperación de hábitats de interese comunitario que se atopen alterados ou degradados por causas antrópicas. En todo caso, pularase polo fomento de especies autóctonas, establecendo medidas para minimizar a presenza de especies invasoras. Igualmente promoverase a protección e valorización da actividade agraria como factor de mantemento da paisaxe e da naturalidade. | Ao mesmo tempo que se propón a defensa e salvagarda dos valores específicos que informan a calificación deste espazo natural, o plan especial regula as actividades agrarias na contorna do monumento como uso perfectamente compatible con eses valores. |

11.1.2. Determinacións para a ordenación das Áreas estratéxicas de conservación e corredores ecolóxicos (excluíntes) (epígrafe 7.2.)

| DOT | PLAN ESPECIAL |
|---|---|
| 7.2.2. Os instrumentos de ordenación territorial e planeamento urbanístico deberán prever mecanismos de conectividade ecolóxica do territorio, establecendo ou restablecendo corredores ecolóxicos, cando menos entre as Áreas estratéxicas de conservación. Para a identificación destes corredores ecolóxicos consideraranse os cursos fluviais, as áreas de montaña e outros posibles elementos lineais que sos ou en conxunción con outros poidan actuar de elementos de enlace entre formacións de interese ecolóxico. | Véxase o indicado para o apartado a.2 |

11.1.3. Determinacións relativas á rede de Áreas de interpretación da natureza e de Itinerarios de interese paisaxístico e ambiental. (determinacións orientativas) (epígrafe 7.3.)



Anuncio publicado en: Num BOP 282 año 2020 (09/12/2020 08:00:00)

| DOT | PLAN ESPECIAL |
|---|---|
| 7.3.1. Desenvolverase unha rede de Áreas de interpretación da natureza formada por espazos caracterizados pola súa calidade ambiental e o seu atractivo natural, destinados a canalizar as demandas de ocio en contacto co medio físico e natural, a ser un recurso de educación ambiental que promova a compresión e coñecemento dos valores dos sistemas naturais, e para o cumprimento dos obxectivos relacionados na parte correspondente da Memoria. | Dentro da previsión de equipamentos e dotacións do plan especial prevese un centro de recepción de visitantes que cubriría esta determinación. |
| 7.3.2. A rede de Áreas de interpretación da natureza estará integrada polos ámbitos compatibles con usos de ocio e de educación ambiental considerando as restantes propostas do modelo territorial relativas á recualificación do litoral, o aumento do atractivo urbano das principais cidades e o aproveitamento das oportunidades singulares dos espazos rurais, sempre nos termos que estableza a normativa específica de cada caso. Porén, figurarán incluídos nesta rede os espazos acondicionados polas diferentes administracións para o desenvolvemento de actividades de lecer ao aire libre, así como aqueles espazos ou áreas con recursos de educación ambiental. | Véxase a nota anterior |
| 7.3.3. A intensidade de uso das Áreas de interpretación da natureza deberá sempre formularse por debaixo da súa capacidade de carga, evitando deterioracións sobre os recursos naturais e creando os sistemas de xestión que permitan garantir un uso sostible destes espazos. | A situación e previsión superficial do centro de recepción de visitantes prevé esta determinación, tal como se xustifica noutros apartados da memoria. |
| 7.3.4. O viario interior deseñarase en función do grao de accesibilidade que se considere axeitado para as distintas zonas de cada ámbito, e serán prioritarios os destinados a usos ciclistas, peonís e ecuestres. As zonas de acceso dotaranse de áreas de aparcadoiros axeitadamente integradas e dimensionadas. | O cambio de carácter e tipo de usuario da vía provincial e as restricións ao tránsito rodado no ámbito do propio monumento natural, así como a situación da área de aparcamentos verifican esta determinación. |
| 7.3.5. Desenvolverase un sistema de itinerarios que constituirán a rede de Itinerarios de interese paisaxístico e ambiental, formando un conxunto de elementos lineais, que conecte entre si os diferentes elementos de interese paisaxístico, cultural e natural, e as áreas de interpretación da natureza, e permita completar un sistema integrado de elementos de grande interese, a través dos cales gozar dos activos singulares do territorio e conseguir valorizar estes recursos, favorecendo, ademais, o mantemento dos fluxos ecolóxicos básicos, polo que nalgúns casos poderían formar parte da rede de corredores | O plan especial prevé o deseño de vías peonís que permiten a contemplación do monumento natural e da súa contorna desde diversos puntos de vista, recuperando o viario tradicional na medida do posible e prescribindo criterios de sustentabilidade no seu deseño construtivo e formal así coma no seu mantemento. |

Anuncio publicado en: Num BOP 282 año 2020 (09/12/2020 08:00:00)

| | |
|---|---|
| ecolóxicos. Entre os elementos de interese paisaxístico e cultural 321prestarase especial atención ás paisaxes agrarias tradicionais para a súa inclusión no sistema de itinerarios. | |
| 7.3.6. A rede de Itinerarios de interese paisaxístico e ambiental deberá planificarse maioritariamente a través de elementos existentes e executarse evitando calquera efecto negativo sobre os espazos naturais protexidos e sobre os compoñentes do patrimonio natural e da biodiversidade, especialmente sobre os hábitats prioritarios de interese comunitario, recuperando antigos camiños, corredoiras e sendas, con métodos respectuosos co ámbito e que non supoñan unha mingua na súa calidade paisaxística. Neste senso, esta rede poderá incluír os itinerarios de uso público establecidos nas áreas protexidas, os paseos marítimos e fluviais, os parques periurbanos, etc. | Véxase a nota anterior. |
| 7.3.7. A circulación ao longo dos Itinerarios de interese paisaxístico e ambiental limitarase, en función da súa capacidade de carga, ao tránsito peonil, bicicletas ou cabalerías, salvo nos tramos de viario abertos ao tráfico de vehículos a motor que se integren nesta rede e que se acondicionarán con criterios de percorridos paisaxísticos. Nos itinerarios que discorran por áreas protexidas, o réxime de uso estará suxeito ás determinacións dos seus correspondentes instrumentos de planificación e ás necesidades de cumprir cos obxectivos de conservación de cada espazo. | |
| 7.3.8. Os posibles equipamentos e instalacións de apoio a estes itinerarios deberán desenvolverse sobre edificacións existentes na medida do posible. Asemade, a posible utilización de mobiliario urbano-rural deberá ser respectuosa e acorde cos elementos naturais do territorio, evitando a artificialización e unha excesiva humanización | Os equipamentos previstas sitúanse nunha edificación de nova planta situada fora do ámbito do plan especial e deseñada para servir de contención ao tránsito rodado, xunto co aparcamento, e de recepción de visitantes e centro de interpretación. |

No anexo III das DOT, o que relaciona as áreas estratéxicas de conservación figura incluído o “monu-mento natural” da praia das Catedrais como “espazo natural protexido”.

11.2. Plan Director da Rede Natura 2000 de Galicia

Aprobado polo Decreto 37/2014, do 27 de marzo (DOG nº61 de 31 de marzo), é o instrumento bási-co para a planificación, ordenación e xestión en rede das zonas de especial conservación (ZEC) e das Zonas de Especial Protección para as Aves (ZEPA), ao abeiro da DC 92/43/CEE, da DC 2009/147/CE, da Lei 42/2007 e da Lei 9/2001.

O obxectivo do presente documento é a preservación do patrimonio natural e cultural do ámbito terri-torial do Plan, seguindo o establecido na Directiva 92/43/CEE, a Lei 42/2007 do Patrimonio Natural e da Biodiversidade e a Lei 9/2001 de Conservación da Natureza de Galicia, así como nas normas que as desenvolven, e especialmente co Plan Director da Rede Natura 2000 de Galicia (Decreto 37/2014). En consecuencia, todas as actuacións propostas no presente documento son actividades que contribú-en ao cumprimento dos obxectivos do Plan Director da Rede Natura 2000 de Galicia.



Anuncio publicado en: Num BOP 282 año 2020 (09/12/2020 08:00:00)

11.3. Plan de Ordenación do Litoral

O Plan de ordenación do litoral de Galicia (POL) encadra o ámbito do Plan na unidade denominada As Catedrais, na comarca Mariña Lucense, sector Mariña Oriental. Esta unidade abrangue os municipios de Ribadeo e Barreiros e ocupa unha superficie de 27,83km2. As determinacións do plan especial. É o instrumento de ordenación territorial máis incisivo no ámbito do plan especial fóra do Plan de conser-vación do monumento natural.

11.3.1. Estratexias

Dentro dese capítulo do POL tráese como exemplo máis significativo o feito de que para a estratexia 1. Valorización de elementos identitarios do litoral se escollera a recuperación das cetarias de Rinlo, situa-das na contorna do ámbito deste plan especial e que se pode enlazar directamente coas pretensións deste, tendo en conta o valor cultural que se lle recoñece á praia e cantís das Catedrais pola vía da súa calificación coma monumento natural. As directrices desta estratexia coinciden plenamente coas pretensións e obxectivos do plan especial.

Outra estratexia que se pode considerar aplicable en primeira instancia é a 7. Observatorios de paisa-xes, tendo en conta as posibilidades que como miradoiro teñen determinados puntos do ámbito do plan especial, tanto para contemplar o propio monumento coma para visualizar a relación de continui-dade que se establece coa contorna tanto cara a Ribadeo coma cara a Barreiros.

11.3.2. Modelo de xestión

No modelo de xestión do POL a área dividise en dúas zonas:

- Unha que recolle os cantís e se prolonga por terra ata a estrada provincial e no que se super-poñen ata case coincidir tres tipos de protección:

- Dous derivadas doutras normativas ou descontinuas:

- Espazos de Interese. Inclúe nesta categoría os espazos que posúen unha xeo-morfoloxía singular, conteñen taxons endémicos, vulnerables ou de distribu-ción reducida ou se recoñecen como paisaxes que inciden no imaxinario colec-tivo do litoral de Galicia e comprenden aqueles espazos que, con independen-cia da súa situación nunha ou varias das áreas do Plan de Ordenación do Lito-ral, posúen unhas características singulares e homoxéneas que os fan merece-dores dun especial recoñecemento. A particularidade de cada un deles atópa-se recollida, á súa vez, na cartografía de Usos e elementos para a valoración, así como nas fichas das unidades de paisaxe, achándose identificados como Espazos de Interese Paisaxístico (EIP), Espazos de Interese Xeomorfolóxico (EIX) e Espazos de Interese de Taxons (EIT). Deste modo o planeamento municipal poderá delimitalos con estudos de maior precisión, así como identificar outros non recollidos neste documento. En calquera caso deberá establecer para eles unhas determinacións específicas, en función da Área do Plan de Ordenación do Litoral no que se localicen, atendendo ás determinacións establecidas na presente normativa.

- Rede de Espazos Naturais. Estas áreas descontinuas correspóndense cos ám-bitos que conforman a Rede de Espazos Naturais recollidos nalgunha das ca-tegorías de protección establecidas no art. 9 da Lei 9/2001 de Galicia, do 21 de agosto, de Conservación da Natureza.

- Unha propia do POL que é a área de protección costeira. Son as áreas, recollidas na cartografía, que conforman os elementos máis singulares e representativos do escena-rio costeiro, incluíndo significativos valores ambientais que deben ser obxecto de con-servación. Engloba espazos de elevado valor natural e ambiental así como paisaxístico, en concreto, as xeoformas rochosas (acantilados, illas e illotes) e os sistemas praia-duna xunto coas formacións vexetais costeiras asociadas. Do mesmo modo inclúense nesta categoría os espazos afectados polas dinámicas litorais.

- A segunda zona está delimitada polo norte pola estrada provincial e polo sur pola estrada na-cional e está clasificada como área de mellor ambiental e paisaxística. As áreas de mellora ambiental e paisaxística, recollidas na cartografía, abranguen o territorio comprendido entre a costa e os primeiros eixes e espazos que articulaban o modelo de organización tradicional, in-cluíndo deste modo a paisaxe litoral próxima á costa. Engloba, polo tanto, as chairas, as ver-tentes litorais e o espazo rural máis directamente asociado ao mar. Constitúe, na maior parte dos casos, as áreas sometidas durante as últimas décadas á maior presión antrópica, nas que se fai necesario conservar e, no seu caso, recuperar a súa calidade ambiental e paisaxística preservándoa de inadecuados procesos de ocupación edificatoria, especialmente aqueles dis-persos, difusos e incoherentes co modelo territorial proposto

Estas delimitacións e ámbitos con regulación específica quedan integrados na proposta de ordenación do plan especial.



Anuncio publicado en: Num BOP 282 año 2020 (09/12/2020 08:00:00)

11.3.3. Normativa

Tendo en conta o condición determinante que o POL representa para este plan especial, derivado do mandato do plan xeral de ordenación, os aspectos regulados pola normativa quedarán recollidos na propia normativa do plan especial, na fase de tramitación seguinte. Cítanse seguidamente os artigos da normativa que se consideran directamente aplicables:

ART. 33.- PRINCIPIOS COMÚNS A TODOS OS ELEMENTOS

Con carácter xeral deberanse respectar os seguintes principios comúns a todas as áreas:

a. Valorizar os elementos de carácter natural e cultural, promovendo a súa rexeneración e reha-bilitación.

b. Divulgar o coñecemento, facendo especial fincapé na identificación dos seus trazos definitorios naturais ou culturais, prestando especial atención aos espazos de interese identificados.

c. Proporcionar conectividade ao territorio, preservando a funcionalidade dos ecosistemas e evi-tando a súa fragmentación.

d. Preservar a paisaxe litoral como un valor natural e cultural.

e. Contribuír á diversidade e riqueza paisaxística, integrando os usos e actividades que sobre o territorio se implanten.

f. Evitar a alteración substancial dos ecosistemas así como a súa ocupación con especies alócto-nas.

ART. 35.- PROTECCIÓN COSTEIRA

a. Definir unha superficie continua ao longo de toda a costa para salvagardar aqueles valores identitarios e característicos dende o punto de vista xeomorfolóxico, ecolóxico e paisaxístico.

b. Mellorar a calidade do contorno e os areais dos sistemas praia-duna.

c. Adoptar medidas para a preservación destas áreas da implantación de instalacións e edifica-cións.

d. Fomentar os estudos sobre os procesos erosivos e de regresión costeira, froito dos efectos do cambio climático e a previsible elevación do nivel do mar.

ART. 36.- MELLORA AMBIENTAL E PAISAXÍSTICA

a. Mellorar a calidade ambiental e paisaxística desta área litoral, acometendo as operacións de conservación e restauración necesarias.

b. Garantir a integridade do bordo costeiro como un espazo público de calidade e de gozo social.

c. Favorecer o seu mantemento como un espazo aberto e natural en continuidade coa costa, mi-nimizando a

d. súa ocupación e planificando, no seu caso, os desenvolvementos urbanísticos que se mostren necesarios conforme á presente normativa.

e. Mellorar, conservar, recualificar e renovar as fachadas marítimas dos asentamentos propios do litoral.

ART. 39.- ESPAZOS DE INTERESE

Atendendo á súa especificidade e en función do elemento de valor do que se trate (espazo de interese por taxon endémico, espazo de interese xeomorfolóxico ou espazo de interese paisaxístico conforme á cartografía de usos e elementos para a valoración ou estudo máis específicos para cada ámbito), aten-derase aos seguintes principios:

a. Aproveitar as vantaxes derivadas da súa posición singular, como trazo predominante do litoral e sinal de identidade deste, no seu caso.

b. Mantelos como elementos integrantes dunha paisaxe de calidade ambiental, funcional e visual.

c. Potenciar a súa imaxe, tanto dende o mar e as rías, coma dende os miradoiros e puntos de observación definidos nas distintas unidades de paisaxe.

d. Prestar especial atención á tutela dos seus procesos e sistemas, as súas características e rela-cións ecolóxicas e espaciais, así como á súa evolución e dinámica actual.



Anuncio publicado en: Num BOP 282 año 2020 (09/12/2020 08:00:00)

e. Evitar a transformación dos hábitats que lles son propios.

f. Realizar operacións de mellora ambiental e paisaxística dos conxuntos ou elementos que des-figuren os seus trazos e valores identitarios.

g. Prestar especial atención á conservación dos seus compoñentes característicos, sen que poidan autorizarse construcións, instalacións e edificacións que os alteren.

h. Manter a identidade mellorando, se é o caso, a calidade ambiental e paisaxística das áreas consolidadas pola edificación conforme ás determinacións desta normativa.

ART. 40.- REDE DE ESPAZOS NATURAIS DE GALICIA

a. Preservar os seus valores e mellorar a funcionalidade dos seus ecosistemas.

b. Manter as súas características naturais evitando a súa alteración.

c. Procurar a súa conectividade ecolóxica a través dos corredores, mellorando deste modo a súa funcionalidade.

d. Manter o fráxil equilibrio das condicións que configuran o medio natural no que se desenvolven os ecosistemas que lles son propios, evitando o efecto “bordo”, é dicir, a presión e ocupación do seu contorno próximo.

e. Dar a coñecer os valores que orixinaron o seu recoñecemento como Espazo Natural.

ART. 54.- PROTECCIÓN COSTEIRA

Sen prexuízo do debido cumprimento do establecido no Titulo V. Normas Complementarias. Capítulo II. As praias e o seu contorno, sempre e cando non entren en contradición atenderase ao seguinte:

a. Considéranse permitidos os usos relacionados no artigo 46, epígrafe 1B1, 1B2, 1C, 1F, 1H, 1J, 3A, 3B e 3D.

b. Considéranse compatibles os usos relacionados no artigo 46, epígrafes 1A1, 1I, 2E2, 2F, 2G1a, 2I, 2J1, 2J2, 2L1, 2M, 2N, 2Ñ, 2O, 2Q, 2R e 3C.

c. Considéranse incompatibles os usos relacionados no artigo 46, epígrafes 1A2, 1D, 1E, 1G, 2A1, 2A2, 2A3, 2B, 2C, 2D, 2E1, 2G1b, 2G2, 2G3, 2H, 2K, 2L2 e 2P.

ART. 55.- MELLORA AMBIENTAL E PAISAXÍSTICA

a. Considéranse permitidos os usos relacionados no artigo 46, epígrafe 1B1, 1B2, 1C, 1F, 1H, 2A1, 2A3, 2E2, 2I, 2N, 2Ñ, 2Q, 2R, 3A, 3B e 3D.

b. Considéranse compatibles os usos relacionados no artigo 46, epígrafes 1A1, 1A2, 1D, 1E, 1I, 2A2, 2B, 2C, 2D, 2F, 2G1a, 2G1b, 2G2, 2H, 2I, 2J1, 2J2, 2L1, 2L2, 2M, 2O, 2P e 3C.

c. Considéranse incompatibles os usos relacionados no artigo 46, epígrafes 1G, 2E1, 2G3 e 2K.

ART. 58.- ESPAZOS DE INTERESE

a. Considéranse permitidos os usos relacionados no artigo 46, epígrafes 1B1, 1B2, 1C, 1F, 1H, 3A, 3B e 3D.

b. Considéranse compatibles os usos relacionados no artigo 46, epígrafes 1A1, 1A2, 1I, 2B, 2C, 2D, 2E2, 2F, 2G1a, 2G2, 2I, 2J1, 2L1, 2M, 2N, 2Ñ, 2Q, 2R e 3C.

c. Considéranse incompatibles os usos relacionados no artigo 46, epígrafes 1D, 1E, 1G, 2A1, 2A2, 2A3, 2E1, 2G1b, 2G2, 2G3, 2H, 2J2, 2K, 2L2, 2O e 2P.

ART. 59.- REDE DE ESPAZOS NATURAIS DE GALICIA

a. Nestes espazos os usos serán os regulados mediante os instrumentos de ordenación específica recollidos na súa lexislación sectorial e, na súa ausencia, os expresados no artigo 58 prece-dente.

ART. 63.- PROTECCIÓN COSTEIRA

b. Con carácter xeral están prohibidos os desenvolvementos urbanísticos agás que se trate das áreas destinadas a sistemas xerais ou locais destes sempre e cando a súa utilización e trata-mento sexa acorde co carácter e os valores identificados.



Anuncio publicado en: Num BOP 282 año 2020 (09/12/2020 08:00:00)

ART. 67.- ESPAZOS DE INTERESE

c. Con carácter xeral os desenvolvementos urbanísticos están prohibidos agás que se trate das áreas destinadas a sistemas xerais ou locais destes, sempre e cando a súa utilización e trata-mento sexa acorde co carácter e os valores identificados.

d. De xeito motivado e racional permitiranse crecementos urbanísticos dende aqueles asenta-mentos recollidos na cartografía como Asentamentos de carácter fundacional, Desenvolvemen-tos periféricos, Asentamentos funcionais e Agregados urbanos, sempre e cando a súa utiliza-ción e tratamento sexa acorde co carácter e os valores identificados.

e. En tal caso os crecementos dirixiranse, sempre que sexa posible, en dirección contraria á cos-ta. Neles as edificacións situaranse diante dos núcleos existentes tan só co obxectivo de com-pletar a fachada marítima, ou a trama existente sempre e cando non lesione os valores identi-ficados.

ART. 68.- REDE DE ESPAZOS NATURAIS DE GALICIA

a. Están prohibidos agás que se trate das áreas destinadas a sistemas xerais ou locais, sempre e cando a súa utilización e tratamento sexa acorde co carácter e os valores identificados, de-béndose axustar, en todo caso, aos criterios establecidos polo correspondente instrumento de ordenación dos recursos naturais ou ao establecido polo órgano competente na materia da Comunidade Autónoma.

b. No caso de asentamentos fundacionais inseridos dentro da Rede Galega de Espazos Naturais protexidos, os terreos nos que sexan necesarios procesos de reforma interior, renovación ur-bana, urbanización ou obtención de dotacións urbanísticas con distribución equitativa de bene-ficios e cargas, deberán axustarse aos criterios establecidos polo correspondente instrumento de ordenación dos recursos naturais ou ao establecido polo órgano competente na materia da Comunidade Autónoma.

11.4. Lei do sector ferroviario

A existencia dunha vía ferroviaria no ámbito do Plan especial obriga á aplicación da lei 38/2015 do sector ferroviario que é a norma legal que determina e condiciona o nivel de intervención e ordenamen-to dentro da zona de afección da infraestrutura, especialmente o regulado polo capítulo III do Título II onde se prescriben as limitacións á propiedade, que se recollen integramente neste documento de planificación a través das súas propias regulacións normativas.

11.5. Cumprimento do criterios expostos nos artigos 46.1, 47.3, 48 e 104 da Lei 9/2002, 45 e 46 da Lei 8/1995 e 20 e 21 da Lei 16/1985

11.5.1. A Lei 9/2002 foi derrogada pola Lei 2/2016 de 10 de febreiro do solo de Galicia[5]

Os artigos 41, 42 e 43, que atinxen a aspectos da calidade e cohesión social derivados da realidade urbana non se consideran aplicables neste plan especial.

O artigo 91 que regula a adaptación á paisaxe, só atopa a súa aplicación no contexto das nova edifica-cións que se prevexan para a área de equipamentos, polo que se deberán ter en conta as súas pres-cricións e así se recolle na normativa deste plan especial, especificamente a b) e c).

[5] Usamos a numeración de artigos da lei en vigor, coincidentes cos citados no PPT da lei anterior.



Anuncio publicado en: Num BOP 282 año 2020 (09/12/2020 08:00:00)

11.5.2. Lei 5/2016 do patrimonio cultural de Galicia

As determinacións dos artigos 45 e 46, que regulan o réxime e criterios específicos de intervención na contorna de protección dos monumentos figuran recollidas na normativa deste plan especial.

11.5.3. Lei 16/1985 do patrimonio de España

Os artigos citados desta lei, o 20 e 21 non se consideran aplicables neste plan especial.

11.6. Plan de Conservación do Monumento Natural da Praia das Catedrais[6]

A declaración do Monumento Natural (Decreto 11/2005), non recolle e menos aínda outorga autoriza-ción para ningún tipo de actividade económica ou aproveitamento que puidese existir no seu ámbito territorial. O Plan de Conservación, aprobado polo Decreto 80/2015, foi redactado en conformidade coa Lei 42/2007, ,na súa versión previa á modificación que en relación aos Monumentos Naturais esta-blece a Lei 33/2015. Este plan de conservación tampouco contempla outro tipo de autorizacións e actuacións dentro do ámbito territorial do Monumento Natural, xa que no momento da súa aprobación a citada lei no seu artigo 33.3 mantiña unha redacción moito máis restritiva, prohibindo calquera tipo de aproveitamento e explotación dos recursos naturais: "Artículo 33.3. En los Monumentos con carác-ter general estará prohibida la explotación de recursos, salvo en aquellos casos que por razones de in-vestigación o conservación se permita la misma, previa la pertinente autorización administrativa."

O Decreto de Declaración do Monumento Natural (Decreto 11/2005) si que se establece unha regula-ción específica en relación con determinadas actividades e actuacións, que eran incorporadas ao articu-lado do Plan de Conservación (Decreto 80/2015):

· Prohíbese en todo o ámbito do monumento natural:

· Os campamentos e acampadas.

· Os desmontes e terrapléns.

· Os vertedoiros e verteduras de calquera tipo.

· As queimas.

· A colocación de anuncios publicitarios, agás os que teñan relación coa defensa e sinali-zación do propio monumento natural.

· A extracción de area.

· A instalación de infraestruturas que menoscaben calidade paisaxística do contorno.

· Os aproveitamentos mineiros da xea presente na área.

· A construción de edificacións permanentes de calquera tipo.

· A recolección de especies de flora e fauna silvestre sen autorización da Consellería de Medio Ambiente.

· Fóra dos camiños e vías existentes, só se permitirá o estacionamento e circulación de vehículos e maquinaria propios da actividade agrícola, forestal ou para o servizo das instalacións públi-cas existentes.

· Quedarán prohibidas ademais, todas aquelas accións que poidan supoñer a destrución ou al-teración dos hábitats naturais identificados na área como de especial interese ou prioritarios de acordo co disposto na Directiva 92/43/CEE.

A recente modificación da Lei 42/2007, mediante a Lei 33/2015, altera o réxime de actividades nos monumentos naturais. A nova redacción (artigo 34.3) limita a explotación de recursos, salvo cando a devandita explotación sexa plenamente coherente coa conservación dos valores a protexer, conforme ao establecido nas súas normas de declaración ou xestión, ou naqueles casos en que, por razóns de investigación ou conservación ou por tratarse de actividades económicas compatibles co mínimo impac-to e que contribúan ao benestar socioeconómico ou da poboación se permita a devandita explotación, previa a preceptiva autorización administrativa.

[6] Víd. Apartado 4.2.2 deste documento para un tratamento máis extenso destes aspectos.



Anuncio publicado en: Num BOP 282 año 2020 (09/12/2020 08:00:00)

O obxectivo do presente Plan Especial é a preservación do patrimonio natural e cultural do ámbito territorial do Plan, seguindo o establecido na Directiva 92/43/CEE, a Lei 42/2007 do Patrimonio Natu-ral e da Biodiversidade e a Lei 9/2001 de Conservación da Natureza de Galicia, así como nas normas que as desenvolven, e especialmente neste caso coa declaración do Monumento Natural da Praia das Catedrais (Decreto 11/2005), co seu Plan de Conservación (Decreto 80/2015) e co Plan Director da Rede Natura 2000 de Galicia (Decreto 37/2014). En consecuencia, todas as actuacións propostas no presente documento son actividades que contribúen ao cumprimento dos obxectivos da declaración e plan de conservación do Monumento Natural da Praia das Catedrais.

O Informe ambiental estratéxico, como xa se comentou nun apartado precedente, determinaba a ne-cesidade de incluír no ámbito regulado polo presente plan especial a área delimitada pola Declaración de monumento natural que quedaba fora da delimitación trazada no plan xeral, polo que se engadirá o tramo de costa que rodea o entrante de Esteiro e a súa prolongación seguindo o dominio público marítimo terrestre, coincidindo coa delimitación da Declaración de monumento natural.

11.7. Plan Xeral de Ordenación Municipal do Concello de Ribadeo

O Plan Xeral de Ordenación Municipal aprobouse definitivamente e recolle expresamente como unha das súas determinacións a delimitación dun ámbito remitido a planeamento de desenvolvemento. Unha vez acadada a aprobación definitiva de dito instrumento, as súas determinacións incorporaranse ao Plan Xeral. Fora destas consideracións non é moito máis explícito nin concreto.

Nas normas non figura unha referencia expresa ao plan especial, nin da súa motivación nin do seu con-tido e alcance nin das súas determinacións agás o xa expresado na páxina 317 da Memoria cando expresa a necesidade de facer un plan especial para a praia das Catedrais, para o que delimita un ámbito específico, co obxectivo de "reordenar, restaurar e protexer as praias e o seu contorno. O cita-do plan especial deberá ser remitido para informe de adecuación ao POL e cumprirá coas determina-cións do POL". Esta condicións está incluída nun capítulo titulado "Condicións adicionais nos núcleos costeiros" que introduce as determinacións do Plan de Ordenación do Litoral.

O documento ó desenvolver o Plan Xeral encádrase no establecido na LEI 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, no artigo 71 e seguintes, como un Plan especial de protección e asemade de dota-ción (artigos 71 e 73 da LEI 2/2016), co obxecto de "… preservar o ambiente, as augas continentais, o litoral costeiro, os espazos naturais, as vías de comunicación, as paisaxes de interese, o patrimonio cultural e outros valores análogos" máis "a ordenación das infraestruturas relativas ao sistema de equi-pamento comunitario".

As determinacións que se consideran máis significativas para a formulación do plan especial son as relativas á clasificación do solo. Cómpre ter en conta que o PXOM fai unha superposición de categorías de solo rústico que se resumen no seguinte:

- SRPEN – solo rústico de protección de espazos naturais. Na zona inmediata aos cantís e as pra-ias. Coincide basicamente coa ámbito delimitado no POL para a área de protección costeira.
- SRPC – solo rústico de protección de costas. Mantén un trazado paralelo á liña de costa.
- SRPA – solo rústico de protección agrariapecuaria. Esta categoría ocupa todo o ámbito que está ao norte da vía do ferrocarril.
- SRPI – solo rústico de protección de infraestruturas. Ocupa os espazos de afección delimitados pola estrada provincial e polo ferrocarril.

Estas categorías de solo rústico, por aplicación da xerarquía normativa, recóllense directamente no plan especial. Polo tanto debe subliñarse que o Plan especial mantén a Clasificación do Solo que esta-blece o Plan Xeral como Solo Rústico, e polo tanto todo o ámbito está na Situación básica de solo rural establecida no artigo 21.1 do Texto Refundido de la Ley de Suelo y Rehabilitación Urbana. (Real Decreto Legislativo 7/2015, de 30 de octubre) "En todo caso, o solo preservado pola ordenación terri-torial e urbanística da súa transformación mediante a urbanización, que deberá incluír, como mínimo, os terreos excluídos de dita transformación pola lexislación de protección ou policía do dominio público, da natureza ou do patrimonio cultural, os que deban quedar suxeitos a tal protección conforme á orde-nación territorial e urbanística polos valores nelas concorrentes, incluso os ecolóxicos, agrícolas, gan-deiros, forestais e paisaxísticos, así como aqueles con riscos naturais ou tecnolóxicos, incluídos os de inundación ou doutros accidentes graves, e cantos outros prevexa a lexislación de ordenación territorial ou urbanística."



Anuncio publicado en: Num BOP 282 año 2020 (09/12/2020 08:00:00)

A maiores destas determinacións hai outras que tamén se teñen en conta na formulación do plan es-pecial, especialmente no seu desenvolvemento normativo: as que forman parte do capítulo VI: Normas xerais de sustentabilidade ambiental e protección do medio ambiente. O artigo 187 que fixa as condi-cións xerais de estética en solo rústico e de núcleo rural considérase de aplicación directa.

Medidas

11.8. Medidas adoptadas en materia de xestión urbanística

As previsións contidas neste documento determinan a modificación do uso actual de determinadas parcelas que serán adquiridas a título oneroso mediante o proceso de expropiación forzosa conforme ao previsto na Lei 2/2016 do solo de Galicia, (procedemento taxación conxunta), Real Decreto 1492/2011, de 24 de outubro, polo que se aproba o Regulamento de valoracións da Lei do Solo, e as súas modificacións, que desenvolve o Texto Refundido de la Ley de Suelo y Rehabilitación Urbana. (Real Decreto Legislativo 7/2015, de 30 de octubre) e a lexislación específica.

11.9. Lexislación de augas

Os ámbito regulado polo plan especial está afectado –e regulado- pola lexislación sectorial aplicable xa relacionada de protección das augas e as costas. A clasificación do solo procede do planeamento xeral, de rango superior, e queda integrada na proposta de ordenación. As zonas delimitadas están descri-tas noutros apartados.

11.10. Lexislación de estradas e camiños de ferro

De conformidade coas disposicións contidas na lexislación aplicable, o presente plan especial establece as áreas de influencia e influencia das estradas e da liña férrea en total conformidade co disposto no planeamento xeral do que procede.

11.11. Patrimonio cultural

O presente plan especial de protección, que xa opera sobre un Monumento natural, ademais (e con-forme coas disposicións legais aplicables) identifica e cataloga o xacemento de Esteiro como único ben inventariable no seu ámbito desde o punto de vista do seu valor patrimonial. Os ámbitos de protección proceden directamente da aplicación da normativa aplicable e así queda grafado nos propios planos de ordenación e nas fichas do Catálogo.

11.12. Accesibilidade e supresión de barreiras arquitectónicas

O presente plan especial, conforme coas disposicións legais aplicables, propón unha ordenación res-pectuosa coa normativa aplicable a fin de facilitar e fomentar a accesibilidade integral a todas as per-soas, coas limitacións que a protección do Monumento natural impón. A esa normativa haberá que acudir para coñecer con detalle as limitacións e condicións das urbanizacións, elementos de moblaxe urbana, parques, xardíns e espazos libres e edificacións.

11.13. Infraestruturas

O plan especial prevé a restauración ambiental do sitio, a supresión da rede de abastecemento dos edificios existentes dentro do Monumento Natural (restaurante, volume de aseos e volumes de du-chas), así como a eliminación da fosa séptica que serve ós mesmos.

Coa nova actuación preténdese reducir o impacto das infraestruturas de abastecemento e saneamento existentes, concentrando os usos nunha mesma edificación con sistemas máis eficientes que optimicen os recursos.

Aínda que a definición concreta destas actuacións virá definida en futuros proxectos de urbanización, acondicionamento e edificación, a previsión é conectarse á rede municipal de abastecemento e tamén á rede municipal de saneamento; o resto de servizos se conectarán á rede existente. A rede de abas-tecemento procede tanto do Río Remourelle coma do Rego de Noceda, con concesión de abastecemen-to recollida na Orde Ministerial do 10 de marzo de 1959. A rede de saneamento conectarase a EDAR de Ribadeo, con autorización de vertido DH.V27.05646.

11.14. Desenvolvemento do Plan

Ante as estimacións de visitantes que visitarán as Catedrais, o plan propón o desenvolvemento orde-nado das actuacións, para dar resposta ás previsións. A orde proposta, que se describirá máis adiante de forma máis exhaustiva sería a seguinte:

1. Adquisición dos terreos onde se disporán os equipamentos e as melloras no viario.



Anuncio publicado en: Num BOP 282 año 2020 (09/12/2020 08:00:00)

2. Construción de obras de urbanización dos accesos, control de accesos, aparcadoiro e integra-ción paisaxística.

3. Traslado do apeadoiro de ADIF, que deberá de ser autorizado pola entidade titular da infraes-trutura, así como a realización das obras de reurbanización da vía LU-0610 e adecuación de sendeiros tradicionais e puntos de observación.

4. Redacción do proxecto de obras que defina os equipamentos conforme ás ordenanzas do Plan especial.

5. Construción de dito equipamento, que constará de centro de visitantes, de interpretación, ca-fetería e usos múltiples. Unha vez concluída a obra, procederase á adaptación de aparcadoiros e aseos públicos reurbanizando e renaturalizando en cada caso os elementos de vialidade e servizos necesarios para a xestión do Monumento, así como a demolición do restaurante.

6. Execución das obras de restauración e recuperación das áreas ocupadas polas actividades an-teriores e outras áreas de interese ambiental.

7. Obras de mellora e adaptación da vía de concentración paralela á vía férrea e conexionado co Camiño a Grandas ata a estrada LU-0610.

**12. Normativa**

12.1. Normativa de carácter xeral

Artigo 1. Natureza

O presente Plan Especial do monumento natural da Praia das Catedrais desenvolve o Plan Xeral de Ordenación Municipal de Ribadeo, aprobado definitivamente por Orde do Conselleiro de Medio Am-biente, Territorio e Infraestruturas de 14 de novembro de 2014 e publicado no Diario Oficial de Galicia nº 230 do 1 de decembro de 2014.

Artigo 2. Marco legal

O marco legal do Plan Especial é o definido pola Lei 2/2016 de 10 de febreiro, do solo de Galicia. En diante citada como LSG. As súas determinacións e documentos son os propios dos plans especiais a que se refire o capítulo V da devandita lei.

Artigo 3. Ámbito

O ámbito de aplicación do Plan Especial é o definido no Plan Xeral coa ampliación proposta conforme ás limitacións da LSG e validada polo Informe ambiental estratéxico (IAE), tal como se recolle nos planos de ordenación.

Artigo 4. Vixencia e revisión

O Plan Especial non entrará en vigor ata que se publique no Diario Oficial da Provincia o acordo plenario da súa aprobación definitiva polo concello de Ribadeo.

A súa vixencia será indefinida en tanto non sexa revisado como consecuencia das determinacións du-nha revisión do Plan Xeral de Ordenación Municipal de Ribadeo ou dun plan territorial de alcance supe-rior, conforme ao disposto no art. 82 da LSG.

As modificacións regularanse polo disposto no art. 83 da LSG.

Artigo 5. Relación coa lexislación de protección do Patrimonio Natural e Cultural

Unha parte do ámbito territorial deste plan especial conta coa designación legal de área protexida baixo diferentes figuras da lexislación de patrimonio natural e biodiversidade: Zona Especial de Con-servación (ZEC) da Rede Natura 2000, Zona de Especial Protección dos Valores Naturais (figura de es-pazo natural protexido ao abeiro da Lei 9/2001), Monumento Natural (figura de espazo natural prote-xido ao abeiro da Lei 9/2001 e da Lei 42/2007), e zona núcleo da Reserva da Biosfera Río Eo, Oscos e Terras de Burón (considerada unha Área Protexida por Instrumentos Internacionais ao abeiro da Lei 42/2007).

Igualmente desenvolve as determinación da Lei 5/2016, de 4 de maio, do patrimonio cultural de Gali-cia e, nomeadamente, o prescrito no artigo 35 e o capítulo III “Plans especiais de protección” e o sina-lado no artigos 45 e 46 sobre réxime de intervencións nas contornas de protección do monumento.



Anuncio publicado en: Num BOP 282 año 2020 (09/12/2020 08:00:00)

Artigo 6. Relación co Plan xeral, o Plan de conservación e o Plan de ordenación do litoral (POL).

Serán aplicables as normas do Plan xeral de ordenación municipal de Ribadeo (en diante PXOM), do Plan Director da Rede Natura 2000 de Galicia (aprobado mediante o Decreto 37/2014) e do Plan de conservación do monumento natural da Praia das Catedrais (Decreto 80/2015) en todos os aspectos non regulados explicitamente no Plan Especial e na propia disposición de declaración do monumento natural (Decreto 11/2005). Asemade, e na medida en que a propia disposición do PXOM así o estable-ce, serán igualmente aplicables as normas do POL, nomeadamente no que respecta ao réxime de usos e actividades construtivas.

Artigo 7. Relación coa Lei de costas e normativa de desenvolvemento

Manterán a súa plena vixencia todas as prescricións contidas na Lei 22/1988 de Costas e normativa de desenvolvemento e, especificamente, as reguladoras dos dereitos e as obrigas de particulares e outras administracións nas áreas delimitadas do Dominio Público Marítimo Terrestre e de Servidume de Protección.

Artigo 8. Relación coa Lei do sector ferroviario

Manterán a súa plena vixencia todas as prescricións contidas na Lei 38/2015 do sector ferroviario e normativa de desenvolvemento e, especificamente, as reguladoras dos dereitos e as obrigas de parti-culares e outras administracións nas áreas delimitadas do Dominio Público, zona de Protección e límite de edificación.

Artigo 9. Condicións aplicables no ámbito de influencia legal das estradas de titularidade da Deputación de Lugo

No ámbito de influencia das vías de titularidade da Deputación de Lugo rexerá o disposto para as estradas de titularidade provincial na vixente lexislación sectorial autonómica de aplicación: Lei 8/2013, de 28 de xuño, de estradas de Galicia, en particular o contido no seu Título IV. Protección do dominio público viario, así como no Regulamento xeral de estradas de Galicia aprobado por Decreto 66/2016 de 26 de maio, ou disposicións que as substitúan.

Artigo 10. Alcance normativo dos documentos

O alcance normativo do Plan Especial deriva do contido dos documentos que o integran: Ordenanzas e Normas reguladoras, Planos de ordenación, Catálogo, Estudo económico financeiro, Programa de actua-ción e Memoria de ordenación.

Artigo 11. Competencias para o desenvolvemento e execución do Plan Especial

Corresponde ao concello de Ribadeo o desenvolvemento e execución do presente Plan Especial, sen prexuízo da participación dos particulares conforme ao establecido na lei e na normativa do Plan Espe-cial.

A Xunta de Galicia e, no seu caso, os organismos da Administración Central do Estado, dentro das súas respectivas competencias e obrigas, cooperarán co concello para conseguir os obxectivos propostos polo Plan.

Artigo 12. Instrumentos

Para o desenvolvemento e execución das determinacións do Plan Especial redactaranse os correspon-dentes Proxectos de urbanización ou Proxectos de edificación.

Artigo 13. Dos proxectos de urbanización e acondicionamento

A última fase do planeamento ten por obxecto a definición técnica precisa para a realización das obras de acondicionamento urbanístico do solo, en execución do determinado polo Plan Especial. A citada definición das obras farase mediante proxectos técnicos que desenvolverán integramente todas as determinacións que o plan prevexa de obras de urbanización, tales como vialidade, abastecemento de auga, saneamento, enerxía eléctrica, iluminación pública, xardinaría e outras análogas.

Non poderán modificar as previsións do planeamento que desenvolva, sen prexuízo de que poidan efectuarse adaptacións esixidas pola execución material das obras, non conter determinacións sobre ordenación ou réxime do solo ou da edificación.

Os proxectos deben resolver o enlace dos servizos urbanísticos do ámbito que comprendan cos xerais da vila aos que acometen, para o que se verificará se estes teñen dotación ou capacidade suficiente para absorber os aumentos derivados das obras proxectadas canto a "subministracións de enerxía e abastecemento, evacuación e depuración de augas cara a implantación dos usos previstos", de con-formidade coa súa natureza e co seu destino rústico como establece a LEI 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia.



Anuncio publicado en: Num BOP 282 año 2020 (09/12/2020 08:00:00)

O contido mínimo e as demais características de interpretabilidade, comprensión e competencias para a súa redacción, virá definido polo que a lexislación urbanística autonómica e estatal e o plan xeral prescriban.

O Proxecto que desenvolva el chan destinado a aparcamento e novo equipamento, dentro da Orde-nanza de solo dotacional, desenvolto sobre chans obtidos mediante o proxecto de expropiación co-rrespondente, se desenvolverá considerando a existencia dos mananciais e pozos existentes na con-torna convenientemente acreditados, que deberán considerarse manténdose ó servizo que prestan ás vivendas na actualidade.

Artigo 14. Dos proxectos de edificación

As obras de edificación previstas neste Plan Especial teñen por obxecto a definición precisa das obras de construción dos edificios previstos na zona de recepción de visitantes e acceso ao monumento natu-ral e das obras de demolición ou adaptación das construcións fora de ordenación.

O contido mínimo e demais características de interpretabilidade, comprensión e competencias para a súa redacción, virá definido polo que a lexislación estatal determine e, nomeadamente, a Lei 38/1999, de 5 de novembro, de ordenación da edificación e o Código técnico da edificación (CTE), aprobado por Real Decreto 314/2006, de 17 de marzo.

Artigo 15. Xestión do Plan Especial

Este Plan Especial prevé adquirir a título oneroso mediante o procedemento de expropiación forzosa as parcelas que, ou ben teñen un uso ou edificación incompatible coas súas determinacións, ou ben son necesarias para a execución dos novos equipamentos previstos no Plan.

Artigo 16. Condicións xerais de protección do medio ambiente e do patrimonio arqueolóxico

O concello poderá ordenar a execución de obras de conservación e reforma para favorecer a conserva-ción de valados tradicionais, reposición de rasantes naturais e camiños tradicionais, ou calquera outra que favoreza o mantemento dos valores naturais que informan a declaración de Monumento natural desta contorna.

Todos os elementos que sexan establecidos ao abeiro do presente Plan (sinalización, equipamentos de divulgación, infraestruturas, etc.) posuirán unha escasa intensidade de uso, e serán establecidos ao abeiro da normativa sectorial vixente (Decreto 37/2014, Decreto 80/2015). En todo caso, os criterios para o deseño e establecemento destes elementos contemplarán principios de sustentabilidade e mantemento a longo prazo.

A publicidade exterior no ámbito delimitado estará circunscrita a aqueles rótulos que anuncien servi-zos públicos e os de sinalización. Os rótulos comerciais ou publicitarios só se poderán usar no interior das edificacións que conforman a área de recepción de visitantes. Tamén se poderán autorizar as ins-talacións publicitarias sobre soportes que poidan considerarse como pezas da moblaxe pública, sem-pre coa autorización previa expresa do concello. De modo provisional e con ocasións especiais coma feiras, festas, manifestacións e exposicións, o concello poderá autorizar anuncios non comerciais, limi-tados ao tempo que dure o acontecemento, e que deberán retirarse unha vez finalizado. Queda ex-presamente prohibida a montaxe de paneis ou valados publicitarios fixos.

Procurarase o soterramento de todas as redes aéreas presentes no ámbito. En todo caso, todo tendi-do de redes novas deberá prever esta prescrición. A iluminación pública terá en conta as medidas de contaminación luminosa, dotando as luminarias de pantallas protectoras axeitadas e conforme á lexis-lación vixente e contemplando no seu uso medidas de aforro e eficiencia enerxética.

A moblaxe e elementos accesorios a dispoñer no ámbito terán que agregar ás características técnicas habituais neste tipo de elementos de durabilidade e accesibilidade a de integración na paisaxe circun-dante, de tal xeito que non supoñan un impacto visual nin alteren a axeitada percepción dos valores do monumento natural.

No caso de ser necesario, á área reservada a equipamento deberá ser revexetada con especies autóc-tonas, adaptadas ao dominio litoral, co fin de diminuír a frecuencia de rega. Evitaranse os taxóns exó-ticos. A urbanización desta área facilitará a permeabilidade dos hábitats e as especies silvestres. As modificacións topográficas faranse circunscritas á área.

A execución de obras de urbanización que se poidan desenvolver no ámbito, fora da área de equipa-mentos, deberá evitar alteracións na cobertura edáfica e respectar a topografía orixinal. A maquinaria empregada deberá cumprir coa normativa en materia de emisións acústica e atmosférica. Evitarase ademais, a compactación do terreo e os vertidos de calquera tipo procedentes das máquinas.

Artigo 17. Criterios específicos de intervención no patrimonio arqueolóxico e da consideración como monumento



Anuncio publicado en: Num BOP 282 año 2020 (09/12/2020 08:00:00)

O patrimonio arqueolóxico existente no ámbito regulado por este Plan Especial queda suxeito en todo o non disposto con carácter específico nesta normativa polo prescrito pola Lei 3/2016 do patrimonio cultural de Galicia e lei 16/1985 do patrimonio histórico español. A competencia para autorizar cal-quera intervención neste eido corresponde á Dirección Xeral do Patrimonio Cultura da Xunta de Galicia. Calquera intervención que supoña movemento de terras na área onde se identifica o único elemento arqueolóxico catalogado implicará a necesidade de escavacións arqueolóxicas previas.

As intervencións que se realicen na contorna de protección do monumento deberán contar coa autori-zación da consellaría competente en materia de patrimonio cultural nas condicións prescritas no art. 45 da Lei 5/2016 do patrimonio cultural de Galicia. Os criterios de intervención deberán suxeitarse ao disposto no art. 46 da Lei 5/2016 do patrimonio cultural de Galicia.

12.2. Normas xerais sobre os usos

Artigo 18. Tipos de usos

Para os efectos da aplicación da presente normativa establécense os seguintes tipos de uso:

· Permitidos: son aqueles usos coherentes coas determinacións establecidas para cada Área do Plan especial en congruencia co prescrito no POL e no PXOM, sen prexuízo da esixibilidade de licenza urbanística municipal e da autorización urbanística ou demais autoriza¬cións administra-tivas sectoriais que procedan. Considerarase en cada caso sempre o grao de aplicación máis restritivo que sinalen as distintas normativas.

· Incompatibles: son aqueles incongruentes e desconformes coas determinacións establecidas para cada área do Plan especial ou que impliquen un risco relevante de deterioración dos seus valores.

· Compatibles: son aqueles que demandan preceptivamente na súa tramitación o informe do organismo competente en materia de ordenación do territorio e paisaxe, que avaliará en cada caso as circunstancias que xustifiquen a súa implantación, coas cautelas que procedan en atención aos valores que informan a declaración de Monumento natural. Nestes usos terase en conta o carácter taxado da excepción, as determinacións recollidas nesta Normativa e na su-pletoria do PXOM e do POL e o principio de que os usos non lesionen de xeito substancial o va-lores devanditos do Monumento natural.

Pola súa natureza os usos poden dividirse en públicos e privados. Os públicos son os desenvolvidos por administracións ou institucións de natureza pública. Os privados son os desenvolvidos por persoas físicas ou xurídicas de natureza privada.

Artigo 19. Clasificación dos usos

De acordo co establecido no vixente Plan xeral de ordenación municipal, e para os efectos da súa por-menorización espacial no ámbito regulado polo Plan especial, o réxime de usos fundaméntase no POL tal como se indica no apartado 2.1. Planeamento vixente da presente Memoria de ordenación:

A súa regulación acomódase no básico ao establecido no Plan de ordenación do litoral, coas limitacións propias que a protección dos valores que informan a declaración de Monumento natural informan. O procedemento establecido para os usos compatibles deste Plan quedan remitido ao disposto no art. 51 do POL.

Artigo 20. Regulación do uso de vehículos

O tránsito de vehículos relacionados co uso público debe restrinxirse ás zonas de aparcamento e as vías habilitados a tal efecto. Evitando ademais que o tránsito de vehículos autorizados, circule por lu-gares inadecuados, ou mesmo permaneza estacionado en lugares que xeran un impacto visual, xa que poñen en dúbida ante a cidadanía a eficiencia das medidas adoptadas.

En canto ao tránsito de persoas vinculadas co uso público do espazo, este debe restrinxirse á rede de camiños habilitados para tal efecto. Deberase impedir en todo momento a circulación e presenza de visitantes sobre áreas ocupadas por hábitats de interese comunitario, especialmente sobre os hábitats naturais desenvolvidos sobre os acantilados, as áreas ocupadas polos queirogais costeiros de Erica vagans e as pequenas representacións de humidais presentes no ámbito do Plan Especial.

O Concello de Ribadeo, en colaboración coa Dirección Xeral de Conservación da Natureza (Xunta de Galicia) e coa Demarcación de Costas do Estado poderán establecer, acorde ás súas competencias, sinais informativos sobre as distintas regulacións do uso público e de acceso de vehículos no ámbito territorial do plan especial.



Anuncio publicado en: Num BOP 282 año 2020 (09/12/2020 08:00:00)

Artigo 21. Regulación dos usos existentes

Os usos existentes con anterioridade á entrada en vigor do presente Plan especial non considerados autorizados en cada unha das ordenanzas de zona, manteranse en situación de fora de ordenación coas condicións que a lexislación xeral establece para estes casos, mentres non se desenvolva inte-gramente a estratexia de actuación descrita no propio Plan especial.

Considéranse en situación de fora de ordenación aqueles usos non autorizados incompatibles cos valo-res de protección do Monumento natural. A respecto destes usos non se permitirán as obras tenden-tes á súa consolidación e modernización.

Artigo 22. Limitacións á propiedade na zona do dominio público marítimo-terrestre

En aplicación das disposicións contidas no artigo 20 e seguintes na Lei 22/1988 de costas, a protec-ción do dominio público marítimo-terrestre implica a defensa da súa integridade e dos fins de uso xe-ral a que está destinado, a preservación das súas características e elementos naturais e a prevención das prexudiciais consecuencias de obras e instalacións, nos termos da devandita lei.

As limitacións ou condicións do seu uso veñen determinadas polos artigos 31 e seguintes do título III que regula a utilización do dominio público marítimo terrestre.

Asemade, as actuacións que se pretendan levar adiante en terreos de dominio público marítimo-terrestre deberán contar co correspondente título habilitantes.

As obras e instalacións existentes á entrada en vigor da Lei de costas, situadas en zona de dominio público marítimo-terrestre regularanse polo especificado na Disposición Transitoria Cuarta da devandi-ta lei.

Artigo 23. Limitacións á propiedade na zona de servidume de protección delimitada pola Lei de costas

En aplicación das disposicións contidas no artigo 23 e seguintes na Lei 22/1988 de Costas, na zona delimitada ao abeiro desa lei poderanse realizar sen necesidade de autorización cultivos e plantacións, sen prexuízo das maiores limitacións que se contemplen neste plan especial. Nos primeiros 20 metros desta zona poderanse depositar temporalmente obxectos e materiais expulsados polo mar ou realizar operacións de salvamento marítimo.

Estarán prohibidas as edificacións destinadas a residencia ou habitación, incluíndo as hoteleiras, a construción ou modificación de vías interurbanas que discorran lonxitudinalmente pola zona de protec-ción, as actividades que impliquen a destrución de xacementos de áridos naturais, o tendido de liñas eléctricas de alta tensión, a vertedura de residuos sólidos, entullos ou augas residuais sen depuración, a publicidade con carteis e valados ou por medios acústicos ou audiovisuais.

Poderán permitirse nesta zona as obras, instalacións e actividades que, pola súa natureza, non poidan ter outra situación como as instalacións de acuicultura ou salinas ou as instalacións deportivas descu-bertas. A execución de terrapléns e desmontes deberá cumprir as condicións prescritas polo artigo 47.2 do Regulamento da Lei de costas. Tamén se permitirán talar os de árbores que sexan compati-bles coa protección do dominio público e nas condicións prescritas polo artigo 47.3 do Regulamento da Lei de costas. Os valados ou cerrumes de parcelas poderanse admitir conforme co disposto no plan xeral ou no presente plan especial, coa excepción de que só poderán totalmente opacos ata unha altura máxima dun metro e manter libre en todo caso a zona afectada pola servidume de tránsito.

Os usos permitidos na zona de servidume de protección deberán contar coa autorización do órgano competente da Comunidade Autónoma.

As obras e instalacións existentes á entrada en vigor da Lei de costas, situadas en zona de servidume regularanse polo especificado na Disposición Transitoria Cuarta da devandita lei.

Artigo 24. Servidume de tránsito delimitada pola Lei de costas

En aplicación das disposicións contidas no artigo 27 e seguintes na Lei 22/1988 de Costas, esta zona corresponde a unha franxa de 6 metros, medidos terra adentro desde o límite interior da ribeira do mar. Esta zona deberá manterse permanentemente expedita para o paso público peonil e para os vehículos de vixilancia e salvamento, salvo en espazos especialmente protexidos.

En lugares de tránsito difícil e perigoso a devandita anchura poderá ampliarse no que resulte necesario ata un máximo de 20 metros.



Anuncio publicado en: Num BOP 282 año 2020 (09/12/2020 08:00:00)

Esta zona poderá ser ocupada excepcionalmente por obras a realizar no dominio público marítimo-terrestre. Neste caso será substituída por outra nova en condicións análogas, na forma sinalada pola Administración do Estado.

Artigo 25. Servidume de acceso a mar prescrita pola Lei de costas

Para os efectos de definir ou construír accesos ao mar na zona afectada polo presente Plan especial estarase ao disposto no artigo 28 da Lei 22/1988 de costas, sen prexuízo das maiores limitacións que a defensa dos valores naturais que a declaración do Monumento natural prescriba.

Artigo 26. Limitacións á propiedade nas zonas reguladas pola Lei 38/2015 do sector ferroviario.

Para os efectos do disposto con carácter xeral pola Lei 38/2015 do sector ferroviario e con carácter específico nas zonas reguladas polos artigos 12, 13, 14, 15 e 16 correspondentes aos epígrafes de "Zona de dominio público, zona de protección e límite de edificación", "Zona de dominio público", "Zo-na de protección", "Límite de edificación" e "Outras limitacións relativas ás zonas de dominio público e de protección" respectivamente, requirirase a previa autorización do administrador de infraestruturas ferroviarias nas condicións e réxime prescrito na devandita lei para calquera tipo de obra, instalación fixa ou provisoria e cambio de destino ou actividade.

12.3. Normas xerais sobre edificacións, plantacións e obras de urbanización e acondicionamento

Artigo 27. Réxime xeral das obras e actividades construtivas

En todo o ámbito de influencia visual do Monumento natural, os proxectos de construción ou infraestru-turas deberan conter un estudo de impacto e integración paisaxística, conforme co sinalado no artigo 11 da Lei 7/2008, do 7 de xullo, de protección da paisaxe de Galicia.

Toda actuación prevista no desenvolvemento do plan especial que poida afectar directamente ao Mo-numento natural deben realizar unha avaliación axeitada das súas repercusións no espazo, garantindo a non afección aos hábitats e especies protexidos, e contar co informe favorable da Dirección Xeral de Conservación da Natureza.

Nas actuacións de mantemento ou mellora que se leven a cabo no ámbito do Monumento Natural, e sen menoscabo das pertinentes autorizacións dos órganos ambientais competentes, evitarase a intro-dución de materiais alleos a este (rochas, gravas, solo, plantas). Tomando especialmente medidas no uso da maquinaria de xardinaría empregada para o coidado das vías e espazos axardinados, que de-ben ser limpadas co fin de evitar a introdución accidental de sementes, froitos ou pequenos restos vexetativos de plantas exóticas invasoras.

A incorporación de espécimes vexetais nas áreas de restauración ou onde xa existan representacións de hábitats de interese comunitario limitarase ás especies propias destes medios, a presenza das cales se atope documentada no ámbito territorial da ZEC As Catedrais. A obtención destes espécimes deberá ser realizada a través de medios que non xeren afeccións significativas sobre os devanditos hábitats. Debe evitarse o uso de material vexetativo doutras procedencias, e debe prohibirse a intro-dución de especies vexetais tanto alóctonas, como non presentes, de forma natural, no ámbito do ZEC As Catedrais.

Para o desenvolvemento de proxectos de conservación ou restauración que afecten aos hábitats natu-rais ou a outros compoñentes do patrimonio natural e da biodiversidade, será necesaria a redacción dunha memoria técnica específica, que deberá ser avaliada e autorizada polos organismos competen-tes en conservación da natureza e do medio ambiente.

Artigo 28. Condicións de volume das edificacións previstas polo Plan especial

As presentes normas xerais serán aplicables no ámbito do Plan especial. No non previsto nelas terase en conta o prescrito no PXOM e no POL. Dadas as condicións específicas e singulares das edificacións previstas neste plan, as únicas indicacións que se dan nesta normativa atinxen ao volume envolvente da forma trazada de maneira

xenérica nos planos de ordenación. As rasantes que se usarán como referencia son aquelas derivadas do perfil definitivo da obra de urbanización sobre a que se asentan as edificacións previstas.

A altura máxima de cornixa nas edificacións previstas será de 6,50m sobre a rasante. O número má-ximo de plantas será de dúas (2). A forma da cuberta asimilarase ás tradicionais da zona: a dúas au-gas e con pendentes comprendidas entre 25º e 35º. Só se admitirán chemineas de extracción de aire ou fumes por riba do plano das cubertas.

A planta do edificio terá un desenvolvemento rectangular ou en todo caso asimilable a el. O volume procurará ser compacto e sinxelo, evitando corpos voados, balcóns e salientes. Si se admiten soportais ou prolongacións do



Anuncio publicado en: Num BOP 282 año 2020 (09/12/2020 08:00:00)

volume do edificio aberto por algún dos seus lados que facilite a estancia ao exte-rior dos usuarios en condicións climáticas adversas.

O volume do edificio poderá descompoñerse en dous mantendo o mesmo tipo de cuberta e forma, aínda que non necesariamente coas mesmas dimensións. Deberán, en calquera caso, estar unidos polos seu lados máis longos configurando un conxunto único. Poderán admitirse desprazamentos dos volumes entre si.

No caso da súa colocación na estrema norte da parcela, paralelo ao camiño de ferro, poderá ligarse co propio apeadoiro nunha estrutura común, integrando asemade o noiro da infraestrutura no deseño formal

Artigo 29. Condicións de situación na parcela das edificacións previstas no Plan especial.

Non se fixa a situación do edificio dentro da parcela pero aquela deberá cumprir as seguintes condi-cións:

- O recuamento aos limites da parcela fíxase en 3,00m para as estremeiras con outras parcelas. Esta condición non será esixible nas estremeiras coas estradas ou o camiño de ferro, fora das limitacións que a normativa sectorial estableza.
- O edificio situarase arrimado a unha estrema coas condicións de separación citadas na condi-ción anterior.
- O lado máis longo do edificio aliñarase coas estremas da parcela á que se achegue.

Artigo 30. Condicións de edificabilidade e ocupación das edificacións previstas no Plan especial.

A edificabilidade máxima a consumir para os equipamentos previstos é de 1.100m2. A ocupación má-xima en planta é de 1.100m2.

Artigo 31. Condicións estéticas e de materiais das edificacións previstas no Plan especial.

Os materiais tanto de fachada como de cuberta serán preferentemente os característicos da arquitec-tura popular da zona, aínda que se poderán admitir solucións de estética contemporánea que resalten ou permitan visualizar o uso e os valores do edificio e da contorna como os revestimentos de madeira nas súas variadas formas e tipoloxías, por exemplo.

Dada o uso singular dos edificios previstos non se establecen condicións a respecto das dimensións dos ocos e elementos acristalados. As cores dos revestimentos exteriores dos edificios rexeranse pola metodoloxía da Estratexia da cor na paisaxe galega promovida pola Consellaría de Medio Ambiente e para este efectos a caracterización cromática preferente para cada tipo de elemento será a seguinte:

| **Elemento** | **Tonalidade \|YR\|RB\|BG\|GY\|** | | | | **Luminosidade** | **Saturación** |
|---|---|---|---|---|---|---|
| Cores de fondo | 10-30 | 50-90 | 0 | 40 | 05-40 | 02 – 40 |
| Carpintaría | 20-90 | 70 - 80 | 30-70 | 10 - 20 | 10-80 | 00 – 70 |
| Outros elementos | 10-80 | 80 - 90 | - | - | 03 - 30 | 00 – 40 |
| Cubrición | 80 | - | - | - | 45-70 | 00 – 05 |

En todo caso, esta prescrición poderá matizarse no caso de revestimentos exteriores de madeira, que se poderá deixar na súa cor natural. Os valores cromáticos indicados están sempre referidos ao siste-ma NCS©.

A sinalética exterior dos edificios, no caso de que se faga, deberá integrarse de maneira discreta no seu volume construído, sen chegar a constituír un obxecto autónomo como tal.

Artigo 32. Condicións xerais sobre plantacións, obras de xardinaría e urbanización e acondicio-namento

No ámbito regulado polo Plan especial non se poderán construír novas vías de acceso de vehículos au-tomóbiles que non estean previstos nos instrumentos de planeamento territorial ou no Plan xeral, todo iso sen prexuízo do establecido na lexislación sectorial aplicable.

As plataformas de aparcamento previstas deberán acadar un bo grao de naturalización coa contorna e o seu tratamento terá un impacto mínimo sobre o solo e a cuberta vexetal e a iluminación natural da zona.

Nas labores de restauración de hábitats, así como nas labores de xardinería que poidan ser realizadas dentro do ámbito territorial do plan especial, soamente se empregarán especies vexetais de carácter autóctono xa existentes na actualidade ou daquelas cuxa ausencia actual poida ser xustificada tecni-camente.

Nas obras de xardinaría e urbanización non se establecerán estruturas que favorezan o establecemen-to ou colonización por especies alóctonas, e especialmente por aquelas de carácter invasor que figuran no Real Decreto



Anuncio publicado en: Num BOP 282 año 2020 (09/12/2020 08:00:00)

630/2013. A introdución de terras ou substratos en labores de xardinaría e urbaniza-ción deberá realizarse con materiais libres de sementes ou propágulos vexetais, evitando deste xeito a introdución accidental de especies alóctonas e invasoras.

Non se permitirán plantacións de árbores de gran porte nas zonas reguladas pola ordenanza de pro-tección costeira e pola da área de especial restauración ambiental.

12.4. Normas particulares para cada zona de ordenanza

12.4.1. Ordenanza de protección costeira POL

Artigo 33. Ámbito de afección da normativa zonal

Esta zona de ordenanza comprende os terreos identificados con esta mesma denominación no Plan de ordenación do litoral (POL), conforme ás determinacións do Plan xeral de ordenación municipal (PXOM) que prescribe no art. 464 da súa normativa a obriga de cumprir as determinación do POL no presente Plan especial de protección.

Integra as áreas que conforman os elementos máis singulares e representativos do escenario costeiro, incluíndo significativos valores ambientais que deben ser obxecto de conservación. Engloba espazos de elevado valor natural e ambiental así como paisaxístico, en concreto, as xeoformas rochosas (acantila-dos, illas e illotes) e os sistemas praia-duna xunto coas formacións vexetais costeiras asociadas. Do mesmo modo inclúense nesta categoría os espazos afectados polas dinámicas litorais. (art. 11 POL)

Artigo 34. Correspondencia coa zonificación medioambiental

Esta zona acolle integramente a Zona 1: área de conservación prioritaria, a Zona 2: área de recupera-ción ambiental, así como parcialmente a Zona 3: zona de restauración ambiental e a Zona 5: áreas de uso agropecuario e forestal.

Artigo 35. Regulación de usos e actividades construtivas nesta normativa zonal

Conforme coas determinacións do art. 54 do POL e coas limitacións derivadas da protección dos valo-res das áreas protexidas presentes, o réxime de usos que considera nesta zona é o seguinte:

- Usos permitidos: os relacionados no artigo 46 do POL, epígrafes 1C, 1F, 1H, 1J, 3A, 3B e 3D.
- Usos compatibles: os relacionados no artigo 46 do POL, epígrafes 2E2, 2I, 2J1, 2J2 e 2L1.
- Usos incompatibles: os restantes do artigo 46 do POL e, nomeadamente, os 1A2, 1D, 1E, 1G, 1I, 2A, 2B, 2C, 2D, 2E, 2G, 2H, 2K, 2L2 e 2P.

12.4.2. Ordenanza de mellora ambiental POL

Artigo 36. Ámbito de afección da normativa zonal

Esta zona de ordenanza comprende os terreos identificados con esta mesma denominación no Plan de ordenación do litoral (POL), conforme ás determinacións do Plan xeral de ordenación municipal (PXOM) que prescribe no art. 464 da súa normativa a obriga de cumprir as determinación do POL no presente Plan especial de protección.

As áreas de mellora ambiental e paisaxística abranguen o territorio comprendido entre a costa e os primeiros eixes e espazos que articulaban o modelo de organización tradicional, incluíndo deste modo a paisaxe litoral próxima á costa. Engloba, polo tanto, as chairas, as vertentes litorais e o espazo rural máis directamente asociado ao mar. Constitúe, na maior parte dos casos, as áreas sometidas durante as últimas décadas á maior presión antrópica, nas que se fai necesario conservar e, no seu caso, recu-perar a súa calidade ambiental e paisaxística preservándoa de inadecuados procesos de ocupación edificatoria, especialmente aqueles dispersos, difusos e incoherentes co modelo territorial proposto (art. 12 POL)

Artigo 37. Correspondencia coa zonificación medioambiental

Esta zona correspóndese parcialmente coa Zona 3: zona de restauración ambiental e coa Zona 5: áreas de uso agropecuario e forestal. Na actualidade a zona de ordenanza de mellora ambiental se atopa ocupada por usos forestais e agrícolas que quedan fora do ámbito de protección do Monumento natu-ral, polo que a única regulación que se fai deriva das determinacións do Plan de ordenación do litoral.

Artigo 38. Regulación de usos e actividades construtivas nesta normativa zonal



Anuncio publicado en: Num BOP 282 año 2020 (09/12/2020 08:00:00)

Conforme coas determinacións do art. 55 do POL, o réxime de usos que considera nesta zona, coas limitacións derivadas da protección dos valores das áreas protexidas presentes, é o seguinte:

- Usos permitidos: os relacionados no artigo 46 do POL, epígrafe 1B1, 1C, 1F, 1H, 2I, 3A, 3B e 3D.
- Usos compatibles: os relacionados no artigo 46 do POL, epígrafes 1I e 2I.
- Usos incompatibles: os restantes do artigo 46 do POL e, nomeadamente, os 1G, 2E1, 2G3 e 2K.

12.4.3. Ordenanza de solo dotacional

Artigo 39. Ámbito de afección da normativa zonal

O ámbito regulada por esta ordenanza corresponde coa zona grafada nos plano de ordenación onde se sitúan os únicos edificios previstos no Plan especial, reservados para equipamentos e as áreas de aparcamento público, tamén as únicas previstas no ámbito regulado polo Plan especial.

Artigo 40. Correspondencia coa zonificación medioambiental

Na zonificación medioambiental que se superpón á urbanística esta zona corresponde coa Zona 4: reserva de novos equipamentos.

Artigo 41. Regulación de usos e actividades construtivas nesta normativa zonal

Conforme coa clasificación de usos do artigo 47 do POL, o réxime de usos e actividades que se consi-dera nesta zona, coas limitacións derivadas da protección dos valores das áreas protexidas presentes, é o seguinte:

- Usos permitidos: os relacionados no artigo 46 do POL, epígrafes 1A1, 1C, 1H, 2E1, 2G2, 2I, 2P e 3A
- Usos compatibles: os relacionados no artigo 46 do POL, epígrafe 2M.
- Usos incompatibles: os restantes do artigo 46 do POL.

12.4.4. Ordenanza da área de especial restauración ambiental

Artigo 42. Ámbito de afección da normativa zonal

Esta zona comprende os terreos grafados no plano de ordenación detallada que son obxecto dunha atención prioritaria por estaren situados no fronte do cantil e ámbitos inmediatos e na área máis afec-tada pola intervención antrópica.

Artigo 43. Correspondencia coa zonificación medioambiental

Corresponde literalmente coa delimitación da Zona 3: área de restauración ambiental e acolle integra-mente á Zona 1: área de conservación prioritaria e a Zona 2: área de recuperación ambiental, e par-cialmente a Zona 5: áreas de uso agropecuario e forestal.

Artigo 44. Regulación de usos e actividades construtivas nesta normativa zonal

Conforme coa clasificación de usos do artigo 47 do POL e coas limitacións derivadas da protección dos valores das áreas protexidas presentes, o réxime de usos e actividades que se considera nesta zona é o seguinte:

- Usos permitidos: os relacionados no artigo 46 do POL, epígrafes 1C, 1F, 1H, 1J, 3A, 3B e 3D.
- Usos compatibles: os relacionados no artigo 46 do POL, epígrafes 2E2, 2I, 2J1, 2J2 e 2L1.
- Usos incompatibles: os restantes do artigo 46 do POL e, nomeadamente, os 1A2, 1D, 1E, 1G, 1I, 2A, 2B, 2C, 2D, 2E, 2G, 2H, 2K, 2L2 e 2P.

12.4.5. Ordenanza da área de protección da paisaxe

Artigo 45. Ámbito de afección da normativa zonal

Esta área corresponde coas zonas actualmente ocupadas parcialmente por plantacións arbóreas e grafadas no plano de ordenación detallada, que se estiman necesarias para reforzar as actuacións de protección do patrimonio natural e a riqueza visual do espazo paisaxístico nas zonas de ordenanza de protección costeira, de mellora ambiental e de especial restauración ambiental.

Artigo 46. Correspondencia coa zonificación medioambiental



Anuncio publicado en: Num BOP 282 año 2020 (09/12/2020 08:00:00)

A totalidade desta zona de ordenanza inclúe parcialmente á Zona 5: áreas de uso agropecuario e fo-restal.

Artigo 47. Regulación de usos e actividades construtivas nesta normativa zonal

Conforme coa clasificación de usos do artigo 47 do POL e coas limitacións derivadas da protección dos valores das áreas protexidas presentes, o réxime de usos e actividades que se considera nesta zona é o seguinte:

- Usos permitidos: os relacionados no artigo 46 do POL, epígrafes 1C, 1F, 1H, 1I e 3A
- Usos compatibles: os relacionados no artigo 46 do POL, epígrafe 2P.
- Usos incompatibles: os restantes do artigo 46 do POL.

**13. Estratexia de actuación e Estudo económico**

13.1. Estratexia de actuación

13.1.1. Relación de actuacións de desenvolvemento previstas

As actuacións de desenvolvemento previstas pola aplicación das determinacións deste Plan especial, recóllense na relación que figura neste apartado. Tendo en conta os carácter tan singular deste Plan especial faise notar que todas as actuacións urbanísticas son de iniciativa de financiamento pública e de execución de infraestruturas (vialidade e equipamentos), ás que se ligan adquisicións necesarias para a súa construción. A súa planificación temporal estará supeditada á execución temporal das ac-tuacións precedentes conforme á citada relación.

Faise notar tamén que a zonificación desde o punto de vista medioambiental descrita no apartado 10.2 é a que serve de sustento fundamental para a definición das actuacións de desenvolvemento previstas, xustificado polo alcance e obxectivos do presente Plan especial.

As actuacións divídense en dous grandes grupos de traballos a desenvolver que atinxen a áreas terri-toriais diferentes, que mesmo permitirían solapar determinadas accións:

1. GRUPO I: Construción da area de equipamentos onde se sitúa o centro de interpretación e zo-na de recepción de visitantes e a aparcadoiro.

2. GRUPO II: Restauración medioambiental da área do Monumento Natural e reurbanización da vía provincial LU-0610 e mellora e adaptación da pista de concentración para servir de vía alter-nativa á estrada provincial.

Esta clasificación 'funcional' vese complementada ou matizada por unha clasificación 'económica' deri-vada da súa repercusión no orzamento municipal, limitada polas disposición legais vixentes que acou-tan notablemente a capacidade financeira da Administración local. A devandita clasificación parte da premisa de buscar convenios con outras administracións, necesarios pola importancia mesmo interna-cional que adquiriu o Monumento natural e que demanda unha acción concertada de todos os niveis de goberno implicados: municipal, autonómico e estatal. Deste xeito teriamos:

1. GRUPO A: actuacións que se poderían sufragar directamente con cargo ao orzamento munici-pal, unha vez acreditada a capacidade financeira esixible no estudo económico que forma par-te desta documentación. Estas actuacións son as únicas que se avalían no Estudo económico.

2. GRUPO B: actuacións que se deberán financiar con cargo a futuros convenios con outras admi-nistracións polas razóns aducidas e que non se van incluír no Estudo económico. A máis signifi-cativa remite á previsión de máis de un millón de visitantes para o 2021 que supera claramen-te a capacidade de xestión dun concello coma Ribadeo de 9.972 habitantes, sen axuda dou-tras administracións.

Considérase necesario establecer unha orde de prelación entre os grupos da primeira clasificación porque a execución das actuacións previstas no primeiro grupo libera e flexibiliza as tarefas para completar a restauración ambiental do Monumento natural e regula o acceso de visitantes desde o primeiro momento. Loxicamente, esta prelación poderase matizar con actuacións concretas en función da evolución da estratexia de actuación, tendo

en conta no só o indicado de que ao se desenvolver en ámbitos territoriais diferentes permitía o seu solapamento senón, sobre todo, pola capacidade econó-mica determinada polas distintas fontes de financiamento. Esta programación reflicte un desenvolve-mento óptimo de todas as actuacións co obxectivo de dar cumprida conta de todas as determinacións do plan especial. En todo caso, na avaliación exposta no Estudo económico só se van pautar temporal-mente as actuacións referidas nel.



Anuncio publicado en: Num BOP 282 año 2020 (09/12/2020 08:00:00)

| Pde. (1) | Grupo (2) | Actuación | Prazo (3) | Observacións |
|---|---|---|---|---|
| 1 | I-A | Construción de obras de urbanización de accesos, control de accesos e aparcadoiro e integración paisaxística. | 42 | Esta actuación demanda a adquisición previa dos terreos onde se disporán os equipamentos. |
| 2 | I-B | Traslado do apeadoiro de ADIF. | 24 | Esta actuación está supeditada aos prazos que marque a entidade titular da infraestrutura e se solapará integramente coa actuación nº 1. |
| 3 | I-B | Construción do centro de visitantes, de interpretación, cafetería e usos múltiples. | 24 | Esta actuación demanda a redacción dun proxecto de obras que defina os equipamentos descritos conforme ás ordenanzas do Plan especial. Poderase solapar parcialmente coas actuacións nº 1 e 2. |
| 4 | II-A | Adaptación de aparcadoiros e aseos públicos reurbanizando e renaturalizando en cada caso os elementos de vialidade e servizos necesarios para a xestión do Monumento e demolición de restaurante. | 30 | Esta actuación demanda a adquisición previa dos terreos e edificios citados en cada caso. O inicio desta actuación debera estar ligado ao remate da actuación nº 3, aínda que a tramitación administrativa do expediente expropiatorio poderá iniciarse canda a actuación nº 1. Esta tramitación administrativa comprende a autorización previa da Administración do Estado titular das instalacións. As obras de adaptación implican o aproveitamento do aparcadoiro público e servizos anexos, reurbanizandoo para axustalo ás necesidades previstas de zona de manobra, servizos de salvamento e xestión do Monumento, etc. |
| 5 (3) | II-A | Execución das obras de restauración e recuperación das áreas ocupadas polas actividades anteriores, así como outras áreas de interese ambiental. | 6 | No proxecto de urbanización ou de obras que desenvolva este PEP poderá modularse dividindo as zonas a restaurar en función da división exposta na Memoria de ordenación. |
| 6 | II-B | Obras de reurbanización da vía LU-0610 e adecuación de sendeiros tradicionais e puntos de observación. | 4 | Esta actuación poderá executarse simultaneamente coas actuacións nº 1 e 2. |
| 7 (4) | II-A | Obras de mellora e adaptación da vía de concentración paralela á vía férrea e conexionado co Camiño a Grandas ata a estrada LU-0610 | 24 | Esta actuación demanda a adquisición previa dos terreos desde o remate da vía de concentración ata atravesar o camiño a Grandas seguindo un trazado parcialmente independente que inclúe unha nova ponte sobre o ferrocarril ata a estrada provincial LU-P-0610 tal como se describe nos planos de ordenación |

NOTAS:

(1).- Prioridade.

(2).- Clasificación das actuacións conforme á división en grupos exposta previamente.

(3).- Prazos en meses a contabilizar a partir da aprobación definitiva do Plan especial. Estímase consi-derando os tempos de tramitación dos expedientes administrativos necesarios e das accións prece-dentes na relación de prioridades asignada.

(3).- Para unha correcta definición e avaliación desta actuación, composta de obras de diferente carác-ter, alcance e situación, cómpre indicar o seguinte: considérase aconsellable executar con carácter prioritario os traballos de restauración destinados ás zonas máis fráxiles do Monumento natural (beiras dos cantís, percorridos polas zonas non ocupadas polas edificacións e usos de aparcamento, etc.) a fin de garantir a súa conservación e condicionar o seu uso conforme ás determinacións deste plan desde o primeiro momento. Será o proxecto de obras o que sinale con precisión o alcance destas traballos prioritarios.



Anuncio publicado en: Num BOP 282 año 2020 (09/12/2020 08:00:00)

(4).- Esta actuación dependerá dos resultados da xestión da nova funcionalidade esixida á estrada provincial cedida LU-P-0610 polo que non se fixa ningún prazo concreto para a súa execución. O tempo estimado depende tanto da propia execución das obras como dos trámites que haberá que facer pe-rante ADIF, xa que a obras previstas implican non so a ampliación e mellora da actual pista de concen-tración senón tamén a súa conexión co Camiño a Grandas, que supón expropiar unha área equivalente a 4.300m2 dividida en dous tramos (un para a conexión de ancho 8m e outra para a ampliación do viario existente), e a mellora e ampliación do camiño a Grandas ata o enlace coa estrada provincial LU-P-0610.

Considerando os distintos prazos estimados para cada actuación e solapando oportunamente as dis-tintas accións entre si, o prazo total previsto para a execución de todos os traballos derivados das determinacións do Plan especial é dun total estimado de 7 anos (84 meses), tendo en conta as obser-vacións da táboa e ao cumprimento dos prazos pola Administración. Este prazo pode verse reducido notablemente en función da duración dos trámites administrativos e da capacidade de solapar actua-cións en función dos compromisos económicos adquiridos en cada momento.

13.2. Estudo económico

13.2.1. Custo económico previsto das actuacións definidas na Estratexia de actuación

Faise a avaliación económica das accións definidas na Estratexia de actuación[7] . Neste apartado ava-líanse os custos de execución das obras de urbanización, reurbanización, implantación de servizos anexos, obras de construción dos novos equipamentos e demolición das edificacións incompatibles coas determinacións do Plan especial.

Fíxose a medición de cada unha das accións urbanísticas propostas polo Plan especial. Sempre que a súa natureza o permite, agrupáronse en ámbitos de actuación unitaria, v.g. as medidas de restaura-ción medioambiental. A avaliación realizouse usando módulos unitarios de custo[8] que se definen a con-tinuación:

[7]Tívose en conta o prescrito no artigo 217 do Regulamento da Lei do solo de Galicia relativo á documentación dos plans especiais, nomeadamente o sinalado no epígrafe i).
[8]Proceden ben de bases de datos de prezos da construción, ben de experiencias propias similares do equipo redactor.

Anuncio publicado en: Num BOP 282 año 2020 (09/12/2020 08:00:00)

| Ude. | Concepto do módulo unitario de custo | Valor unitario |
|---|---|---|
| $m^2$ | Construción de aparcamento que inclúe habilitación de zonas de paso e prazas de aparcamento e elementos de urbanización e xardinaría auxiliares. | 75,00 €/$m^2$ |
| $m^2$ | Restauración medioambiental incluíndo parte proporcional de plantación, movemento de terras, eliminación de especies invasoras, recuperación ou habilitación de camiños e elementos de moblaxe asociados. | 6,00 €/$m^2$ |
| $m^2$ | Recuperación medioambiental incluíndo parte proporcional de plantación, movemento de terras e eliminación de especies invasoras. | 5,00 €/$m^2$ |
| Ude.[9] | Retirada de edificación existente e instalacións accesorias mantendo ou adaptando elementos de urbanización mínimos | 17.600,00 € |
| Ude | Expropiacións de diversas parcelas conforme á ordenación proposta | 120.000,00 |

Avalíanse a totalidade das actuación prevista relacionando os valores dos custos unitarios coas superfi-cies ou áreas afectadas polos traballos avaliados. Non se consideran nesta relación as probables axu-das doutras administracións, facilmente previsibles dada a transcendencia do monumento natural. A necesidade de estaren confirmadas antes da aprobación deste documento impide a súa consideración. Téñense en conta de xeito estimado os custos de expropiación en cada caso.

O resultado final da aplicación destes valores da os seguintes importes:

| Prioridade | Actuación | Custo estimado (€) |
|---|---|---|
| 1 | Construción de obras de urbanización de accesos, servizos urbanísticos, control de accesos e aparcadoiro e integración paisaxística. | 966.514,00 |
| 4 | Adaptación de aparcadoiros e aseos públicos reurbanizando os elementos de vialidade e servizos necesarios para a xestión do Monumento e demolición de restaurante, incluídas expropiacións necesarias | 167.600,00 |
| 5 | Execución das obras de restauración e recuperación das áreas ocupadas polas actividades anteriores, así como outras áreas de interese ambiental | 679.893,00 |
| 7 | Obras de mellora e adaptación da vía de concentración paralela á vía férrea e conexionado co Camiño a Grandas ata a estrada LU-0610. Incluída a parte proporcional de terreos a expropiar. | 728.712,00 |
